

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 73

Sesión Plenaria
19 de novembro de 2025

Presidencia de Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Interpelacións

4.1 3345 (12/INT-000223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre o exercicio da función inspectora da Xunta de Galicia en materia de servizos sociais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 24f1, do 15.05.2024

4.2 36479 (12/INT-001341)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre as estratexias previstas polo Goberno galego para reducir as listaxes de agarda sanitarias, especialmente en consultas, cirurxía e probas diagnósticas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272f2, do 22.10.2025

4.3 38080 (12/INT-001387)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis

Sobre a situación actual en que se atopa a atención primaria da sanidade pública galega

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 279f1, do 05.11.2025

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

5.1 38517 (12/POPX-000061)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre os sectores sociais aos que se orientan as decisións e as políticas do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 283f2, do 12.11.2025

5.2 38518 (12/POPX-000062)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as medidas que pensa adoptar o Goberno galego para afrontar os problemas que ten a sanidade no ámbito da atención primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 283f2, do 12.11.2025



Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 37730 (12/POP-005372)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto do convenio co Goberno central para o cofinanciamento da Unidade de Policía Adscrita de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 279f2, do 05.11.2025

6.2 37487 (12/POP-005332)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e dous deputados/as máis

Sobre as garantías que a Xunta de Galicia prevé achegar na tramitación da planta de biometano de Xunqueira de Ambía

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 29.10.2025

6.3 35332 (12/POP-005107)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a dotación de profesorado do CEIP Valle-Inclán, do concello de Oleiros, no curso 2025-2026

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f2, do 08.10.2025

6.4 37682 (12/POP-005458)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e oito deputados/as máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto da remisión aos centros de ensino de material didáctico orientado ideoloxicamente por parte de determinadas organizacións sindicais e políticas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 29.10.2025

6.5 38483 (12/PUP-000167)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e oito deputados/as máis

Sobre o preacordo acadado polo Goberno galego coas tres universidades públicas galegas sobre o futuro dos estudos de medicina

Publicación da iniciativa, BOPG nº 283f2, do 12.11.2025

6.6 37608 (12/POP-005456)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e oito deputados/as máis

Sobre a postura actual do PSOE no Congreso dos Deputados en relación coa transferencia a Galicia da titularidade da AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 29.10.2025



6.7 38471 (12/PUP-000166)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre as razóns da Consellería de Sanidade polas que non retirou o documento «Liñas de actuación de recursos humanos en atención primaria. Medidas», presentado na mesa sectorial do 17 de outubro de 2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 283f2, do 12.11.2025

6.8 38515 (12/PUP-000168)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino**

Sobre a planificación prevista polo Goberno galego para evitar a erosión dos terreos queimados no incendio de Valdeorras e a consecuente contaminación de acuíferos e da auga para a subministración domiciliaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 283f2, do 12.11.2025



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia do deputado José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. Socialista de Galicia, sobre os sectores sociais aos que se orientan as decisións e as políticas do Goberno galego. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *José Ramón Gómez Besteiro (S).* (Páx. 9.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 10.)

Réplica do autor: *José Ramón Gómez Besteiro (S).* (Páx. 11.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 12.)

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que pensa adoptar o Goberno galego para afrontar os problemas que ten a sanidade no ámbito da atención primaria. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Ana Belén Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 14.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 15.)

Réplica da autora: *Ana Belén Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 18.)

Declaración institucional

O presidente le unha declaración institucional, por petición dos grupos parlamentarios, polo Día Mundial da Infancia, que é aprobada por asentimento. (Páx. 19.)

Alteración da orde do día

O presidente anuncia un cambio no desenvolvemento da orde do día, consistente en adiantar o debate dalgunhas das preguntas ao Goberno. (Páx. 21.)

Pregunta das deputadas Iria Taibo Corsanego e María Cristina Fernández Davila, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a dotación de profesorado do CEIP Valle-Inclán, do concello de Oleiros, no curso 2025-2026. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Iria Taibo Corsanego (BNG).* (Páx. 21.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González).* (Páx. 22.)

Réplica da autora: *Iria Taibo Corsanego (BNG).* (Páx. 23.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González).* (Páx. 24.)



Pregunta da deputada Cecilia Vázquez Suárez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto da remisión aos centros de ensino de material didáctico orientado ideoloxicamente por parte de determinadas organizacións sindicais e políticas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Carmen María Pomar Tojo (P)*. (Páx. 25.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 26.)

Réplica da autora: *Carmen María Pomar Tojo (P)*. (Páx. 28.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 29.)

Pregunta do deputado Julio García Comesaña e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o preacordo acadado polo Goberno galego coas tres universidades públicas galegas sobre o futuro dos estudos de medicina. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Julio García Comesaña (P)*. (Páx. 30.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 32.)

Réplica do autor: *Julio García Comesaña (P)*. (Páx. 33.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 34.)

Pregunta do deputado Secundino Fernández Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a planificación prevista polo Goberno galego para evitar a erosión dos terreos queimados no incendio de Valdeorras e a consecuente contaminación de acuíferos e da auga para a subministración domiciliaria. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Secundino Fernández Fernández (BNG)*. (Páx. 35.)

Contestación da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 36.)

Réplica do autor: *Secundino Fernández Fernández (BNG)*. (Páx. 37.)

Réplica da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 38.)

Interpelación da deputada Olalla Rodil Fernández e do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o exercicio da función inspectora da Xunta de Galicia en materia de servizos sociais. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Olalla Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 39.)

Resposta da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez)*. (Páx. 41.)

Réplica da autora: *Olalla Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 43.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez)*. (Páx. 45.)



Interpelación das deputadas María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as estratexias previstas polo Goberno galego para reducir as listaxes de agarda sanitarias, especialmente en consultas, cirurxía e probas diagnósticas. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *María Elena Espinosa Mangana (S)*. (Páx. 46.)

Resposta da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 49.)

Réplica da autora: *María Elena Espinosa Mangana (S)*. (Páx. 52.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 53.)

Interpelación da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación actual en que se atopa a atención primaria da sanidade pública galega. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Iria Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 55.)

Resposta da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 57.)

Réplica da autora: *Iria Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 60.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 62.)

Declaración institucional

A presidenta (María Elena Candia López) le unha declaración institucional polo Día Mundial da Anafilaxe, que é aprobada por asentimento. (Páx. 64.)

Alteración da orde do día

A presidenta (María Elena Candia López) anuncia unha alteración no desenvolvemento da sesión consistente en formular a continuación a pregunta que figura no punto 6.2 da orde do día e debater en último lugar a pregunta que figura no punto 6.1. (Páx. 64.)

Pregunta da deputada Sonia Vidal Lamas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as garantías que a Xunta de Galicia prevé achegar na tramitación da planta de biometano de Xunqueira de Ambía. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sonia Vidal Lamas (BNG)*. (Páx. 65.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Ángeles Vázquez Mejuto)*. (Páx. 65.)

Réplica da autora: *Sonia Vidal Lamas (BNG)*. (Páx. 66.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Ángeles Vázquez Mejuto)*. (Páx. 67.)



Pregunta do deputado Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a postura actual do PSOE no Congreso dos Deputados en relación coa transferencia a Galicia da titularidade da AP-9. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Roberto Rodríguez Martínez (P).* (Páx. 68.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (María Martínez Allege).* (Páx. 69.)

Réplica do autor: *Roberto Rodríguez Martínez (P).* (Páx. 71.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (María Martínez Allege).* (Páx. 71.)

Pregunta da deputada María Elena Espinosa Mangana, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as razóns da Consellería de Sanidade polas que non retirou o documento «Liñas de actuación de recursos humanos en atención primaria. Medidas», presentado na Mesa sectorial do 17 de outubro de 2025. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *María Elena Espinosa Mangana (S).* (Páx. 72.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño).* (Páx. 73.)

Réplica da autora: *María Elena Espinosa Mangana (S).* (Páx. 74.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño).* (Páx. 75.)

Pregunta das deputadas Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a postura da Xunta de Galicia respecto do convenio co Goberno central para o cofinanciamento da Unidade de Policía Adscrita de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Paloma Castro Rey (S).* (Páx. 76.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso).* (Páx. 77.)

Réplica da autora: *Paloma Castro Rey (S).* (Páx. 78.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso).* (Páx. 79.)

Remata a sesión ás dúas e catro minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión co punto quinto da orde do día, que son preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia do deputado José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. Socialista de Galicia, sobre os sectores sociais aos que se orientan as decisións e as políticas do Goberno galego

O PRESIDENTE: Cando queira.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Grazas, señor presidente.

Bos días a todos e todas.

Hoxe, o día 19-N, onde temos que celebrar o 92 aniversario do voto feminino por primeira vez, creo que é unha boa data para celebrar e para estar orgulloso dela. *(Aplausos.)*

Señor Rueda, mañá é 20-N. Hoxe 19-N, mañá 20-N. Celebramos tamén o cincuenta aniversario da morte do ditador, que puxo fin a unha etapa negra, escura, trágica, de represión, de persecución política, e abriu un espazo cara á transición democrática e a unha vida en paz, en concordia e en liberdade. Pero a verdade é que estamos asistindo agora a uns momentos onde por parte da ultradereita e coa compracencia —hai que dicilo— da dereita deste país, fronte a fenómenos de regresión de dereitos, dunha política absolutamente polarizada que se carga de odio contra o que é diferente e a memoria democrática, durante os últimos dezaseis anos podemos dicir que vostedes non fixeron absolutamente nada.

Votaron en contra da Lei de memoria democrática; non impulsaron unha Lei galega de memoria; non constituíron o Consello de Memoria; suprimiron as axudas á memoria democrática, e dirixentes seus —galegos— falan das cuestións como que a Guerra Civil foi unha pelexa entre avós, ou —peor— algún dirixente tamén galego fala de que hai que cavar fosas para os rivais políticos; ¡cavar fosas para os rivais políticos! Cando un non actúa dunha forma explícita contra ese tipo de declaracións e esa forma de facer política, un, en vez de poñerse do lado das vítimas, ponse do lado do abandono, da soidade, do esquecemento... É como se puxeramos unha lousa nova sobre eles, en vez de fomentar o que é a divulgación, a educación para a concordia, para evitar que o que pasou no pasado volva acontecer no futuro.

A mesma actitude que teñen coas vítimas do franquismo é a mesma actitude que teñen cos menores migrantes; eses menores que non queren recibir, que non queren acoller, que discuten a aposta pola solidariedade dun pobo como é o galego, que tivo que sufrir e padecer unha emigración forzosa de moitos galegos e de moitas galegas.

A mesma actitude que teñen coas vítimas das agresións machistas, da violencia machista, esa violencia que condena as mulleres polo mero feito de ser mulleres, que reciben declara-



cións de dirixentes do Partido Popular galegos nas que xustifican esas agresións con base en que tiveron un divorcio duro; ou ¿que pensan cando hai unha ovación e unha homenaxe a quen foi denunciado por agresións sexuais?

A mesma actitude que temos cando percibimos ataques directos contra unha evidencia que é o cambio climático. Galicia ten problemas tamén de cambio climático. Ese mundo que queremos darlles aos nosos fillos e fillas, netos e netas, ás futuras xeracións, que está sendo cuestionado.

Todo iso ten un patrón común político, que é o negacionismo; negacionismo histórico, negacionismo democrático, negacionismo da violencia machista, negacionismo e xenofobia e negacionismo climático. Todo iso ten un nome: negacionismo. E é evidente que estamos padecendo unha onda regresiva que se apoia no negacionismo.

Fronte a esa onda, ¿o presidente da Xunta está preocupado ou non? *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Resposta do presidente da Xunta

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Bos días.

Señor Besteiro, podo ler a súa pregunta, ¿supoño, non? Eu creo que vostede non se acorda nin do que preguntou. Señor presidente, ¿cre vostede que as súas decisións están dirixidas ás persoas e colectivos que precisan solución aos problemas?

Ben, se vostede cre que os colectivos que precisan solución aos problemas o que precisan é escoitar como vostede nos vén acusar aquí de todo, de ser negacionistas, da ultradereita... Estamos en Galicia e temos problemas, señor Besteiro. Outra cousa é que a vostede estas preguntas lle parezan un trámite e teña que solventalas como poida e, polo tanto, fai así preguntas ao tuntún, para non ter que falar da actualidade, porque, se quere, falamos da actualidade, jeh!, rabiosa, que lles toca moi directamente a persoas que vostede coñecía e aplaudía e coas que ía de ganchete; se quere falamos da actualidade de verdade e do que lle preocupa a moitísima xente agora mesmo.

Mire, eu prefiro ser práctico —sinceramente— e, á parte, cumprir coa miña obriga, e a miña obriga é respostar ás súas preguntas. A súa pregunta é se as miñas decisións, as decisións deste goberno, responden ás necesidades de colectivos que teñen problemas. E dígolle: si, rotundamente si. ¿Sabe por que? Pois porque nos deron a confianza para iso, porque a iso nos dedicamos todos os días, por iso aprobamos uns orzamentos.

Por certo, vostedes niso teñen unha estratexia moi guadiana: hai días que nos queren convencer de que os orzamentos non valen para nada, é máis, que é mellor non telos —estase moito mellor sen orzamentos que con orzamentos—, e outros días son o fundamental, como viamos esta semana —onte— a vicepresidenta responsable de facer o orzamento, que nos volve dicir



que agora vai facer uns orzamentos expansivos pero non os vai traer ata dentro duns meses, porque antes ten que falar con moita xente; o diálogo. Pois eu dígolle: os orzamentos elabóranse, fanse e despois discútense. Se se di que hai que discutilos para facelos, é que non se pensa facelos, señor Besteiro, *(Aplausos.)* e, polo tanto, non van solucionar problemas.

Mire, ¿sabe por que facemos orzamentos na Xunta de Galicia? Porque resolven os problemas das persoas, o que nos pide a xente que fagamos, e estes orzamentos apoiarán as familias, apoiarán a xente de menos recursos económicos, os mozos nos seus problemas, empezando polo acceso á vivenda, melloran a sanidade pública, atenden os maiores —dez mil persoas máis no sistema de dependencia, ata que vostedes, dende o seu goberno central adorado, nos impediron que seguירamos facendo iso cos seus recursos—, axudan os concellos con menos recursos, resolven necesidades de colectivos que necesitan que as súas necesidades sexan resoltas.

Xa sei que a vostede isto lle soa un pouco a chino, porque os colectivos que lles interesan son outros: é o independentismo, que os sostén no Goberno central; son os seus socios de goberno —a ver se lles poden aínda tomar un pouquiño máis o pelo do que llelo tomaron, que é difícil— en Madrid; todos os colectivos que agora mesmo preocupan en Ferraz e en Moncloa, que están moito máis cerca do ámbito xudicial que dos ámbitos dos que deberían estar.

Señor Besteiro, por moito que intente falar en xeral dun montón de cousas para non falar do que realmente a xente espera que fagamos os gobernantes —nós dende o Goberno e vostedes dende a oposición—, non o vai conseguir. Nós imos seguir con ese vieiro de responsabilidade, facer orzamentos e executalos, como fan as empresas, como fan os autónomos, como fan as familias, como o fai todo o mundo menos o Partido Socialista e os seus cómplices. *(Aplausos.)*

Polo tanto, señor Besteiro, eu voume seguir dedicando a intentar solucionar problemas e vostedes sigan facendo o que vostede acaba de facer. Cada vez verase que están máis lonxe da realidade e máis cerca e máis cercados por todos eses problemas xudiciais tan evidentes e tan escandalosos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica do señor Gómez Besteiro.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Moitas grazas, señor presidente.

Ben, unha vez máis, non responde a nada. Hoxe queríallo plantexar facilmente. Dixen: non lle vou facer unha pregunta concreta para que non teña que botar man dos papeis e desa información, aínda que é igual, porque a cantilena é a de sempre. Pregúntolle por un tema e vostede sae polos cerros de Úbeda. Ben, así entende vostede a sesión de control nesta Cámara.



Pero hoxe apelaba aos principios, señor Rueda. ¿Cales son os seus principios? Non facía falta consultar ningún papel, era simplemente dar a súa opinión, sobre memoria democrática, sobre menores migrantes, sobre a violencia machista, sobre a emerxencia climática, principios, principios e principios políticos. E se compartía ou non esa deriva, evidente para todo o mundo menos para vostede, de que a ultradereita e a dereita compracente, que tamén contaxia e contamina aquí, sobre o que é unha evidente regresión das políticas. A súa opinión sobre que o seu partido, o Partido Popular español en Europa, vote diferente do Partido Popular europeo e vote coa ultradereita en canto aos obxectivos de emisións en favor do noso clima.

Eu esperaba que dixese: pois non estou de acordo. (*Murmurios.*) Podía dicilo explicitamente: non estou de acordo, estou en contra. Estou en contra de declaracións como as que fixo outro dirixente galego en relación con cavar fosas para os rivais políticos, en contra das políticas que fomentan o odio. Eu esperaba unha declaración nese sentido. Por iso a pregunta era aberta a colectivos pero apelando aos seus principios. Nós facemos política defendendo os nosos principios, (*Risos.*) (*Murmurios.*) non os nosos intereses. Vostede debera dicilo tamén. ¿Cales son os principios que inspiran a súa acción política?

E ante unha realidade, que supoño que non descoñecerá, que a emerxencia climática está aquí e está presente, ¿cal é a nosa actitude? ¿Negala ou afirmala e loitar contra ela? ¿Cal é a nosa actitude fronte aos migrantes menores? ¿Aceptalos, coidalos, protexelos, amparados nos dereitos humanos e na solidariedade propia do noso pobo, ou bloquealos, despachalos, e dicir «non» e

Eses cincuenta anos vostede supoño que os celebrará; tampouco foi capaz de dicilo, se celebra ou non esa data da morte do ditador e do que supuxo.

Esas son as opinións que eu lle pedía: principios democráticos e a confianza de quen nos representa a todos como presidente da Xunta —que eu nunca neguei—; cales son os verdadeiros principios que vostede defende, e sáeme con non sei que historias...

A verdade é que esperaba unha... Espero o segundo turno a que efectivamente fale diso, porque xa falamos da condonación, do financiamento autonómico, pero aínda non sabemos que é o que vostede pensa nalgúns dos temas importantes. E a súa opinión é relevante, moi relevante para o noso país, porque é o que está encargado de defender os nosos intereses, e por iso é importante que os galegos e galegas saiban cales son os seus principios que inspiran a súa acción política. Pero, como sempre, non quere contestar.

Ao final ía rematar a pregunta dicindo se lle preocupaba ou non. Ao mellor o que tiña que ter preguntado era se lle preocupaba ou se, pola contra, estaba ilusionado con esa onda antipolítica. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.



Señor Besteiro, perdoe que sexa tan insistente: «Señor presidente, ¿cre vostede que as súas decisións están dirixidas ás persoas e colectivos que precisen solucións aos problemas?» E funme polos cerros de Úbeda porque falei de orzamentos —de non sei que, chamoulles aos orzamentos non sei que—. Non me estraña, se é que van vostedes na dirección contraria. Si, si. E botei man de papeis. ¡Que deshonra que un presidente da Xunta queira vir responder ao Parlamento en sesión de control apoiándose en datos certos! É moito mellor improvisar, como fai vostede sempre, (*Aplausos.*) e que lle pasen os catro minutos.

¡Que deshonra! En vez de dicir o primeiro que se me pase pola cabeza, eu intento vir aquí, ser rigoroso, non coma vostede, improvisar. Ten que acudir a papeis, ¡increíble! Non teño a súa capacidade para dicir o primeiro que faga falta para que pasen os catro minutos ata dentro de dúas semanas e velo por aquí de novo, señor Besteiro. (*Murmurios.*) Eu intento facer as cousas de xeito diferente.

Resulta que os problemas que temos que solucionar, os colectivos que os teñen e que precisan solución, eses colectivos o que máis demandan é saber que opina o presidente da Xunta sobre que o Partido Popular de España —segundo vostede— se estea separando dalgúñas decisións que toma o Partido Popular europeo. Iso é polo que te para a xente pola rúa e é o que che di que soluciones, en primeiro lugar. (*Aplausos.*) Señor Besteiro, iso é o primeiro.

Vostede —ao final a ver se conseguín entendelo— o que quere saber é se eu teño principios. Ou sexa, sométeme a unha especie de exame que consiste en saber se estou contento coa historia dos últimos cincuenta anos. Pois mire, estou moi orgulloso da transición e da reconciliación entre españois e tamén entre galegos. E lamento moitísimo que unha historia que empezou de xeito ilusionante vostedes intenten, con esa polarización extrema, cargala. Por certo, ¡como bota de menos a Vox en Galicia, como lle gustaría a vostede que houbera Vox en Galicia! (*Aplausos.*) Pois traballaremos para que Vox non exista en Galicia, señor Besteiro, si, si.

E mire, dicíalle que estou moi orgulloso desa transición exemplar que soubo facer o pobo español e o pobo galego. E lamento moitísimo a situación actual que vostedes están provocando e lamento moitísimo que un partido estrutural e estruturante, importantísimo durante eses cincuenta anos e importantísimo tamén para que chegara a democracia a España despois da Ditadura, acabe, polo menos nesta etapa, con esa triste historia de corrupción.

E pregúntame vostede polos principios. Nunca serán os do dous por cento. Vostede non foi capaz de dicir absolutamente nada diso, señor Besteiro. (*Aplausos.*) Lamento moitísimo que a historia vaia acabar así.

Eu —e remato xa, señor presidente—, perdoe que volva ao meu aburrido libro e perdoe que pense que a xente nos dá a súa confianza, elección tras elección, para que resolvamos os seus problemas reais, e resólvense a través dos orzamentos. Por iso, volven ter unha cantidade, a maior da historia, para resolver moitísimos problemas; por iso, priorizan a sanidade; por iso, priorizan a educación; por iso, priorizan os servizos sociais; e, por iso, priorizan todo aquilo que a xente nos pide que teña que ser priorizado.



Vostedes, mentres tanto, sigan subindo os impostos, sigan dicíndonos que van aprobar uns orzamentos, ¡bah!, como se fora un trámite, como se fora mirar papeis para intentar dar unha resposta, que nós seguiremos facendo algo totalmente diferente.

Iso é o que nos ancora a confianza da xente e iso é o que fai que vostedes en Galicia —en toda España, temo, pero en Galicia especialmente— o Partido Socialista, o que foi e o que é, sexa, cada día máis, irrelevante. Hoxe vostede deu unha razón máis.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que pensa adoptar o Goberno galego para afrontar os problemas que ten a sanidade no ámbito da atención primaria

O PRESIDENTE: Cando queira.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Moi bo día, presidente.

Señor Rueda, quero empezar por felicitalo, porque é certo que vostede conseguiu algo que é moi difícil, e é poñer a todos de acordo en contra da súa política sanitaria. Tal é así que hai convocada unha folga por todos os sindicatos, apoiada por colexios profesionais e tamén por sociedades científicas.

E, por certo, señor Rueda, ¿como lles vai chamar aos convocantes desta folga? ¿Alborotadores?, ¿kaleborrokas?, ¿axitadores?, ¿todos manipulados polo BNG? O certo, señor Rueda, é que os galegos e galegas saen á rúa defenderse dun Partido Popular ultra que pon en risco a súa saúde, saen á rúa para denunciar os seus recortes e a súa nefasta xestión. Os profesionais da sanidade convocan unha folga porque están fartos das ocorrencias, da precariedade e do maltrato que lles dá o seu goberno.

¿E cal é a resposta que nos dá o Partido Popular máis ultra da historia? Pois é criminalizar as mobilizacións, insultar e difundir bulos por terra, por mar e por aire. Están vostedes inventando unha nova forma de goberno: o bulogoberno do Partido Popular, con vostede como bulopresidente, señor Rueda. *(Aplausos.)*

Pero é que, criminalizando as mobilizacións ou con bulos, non se solucionan os problemas; non se solucionan os problemas que ten unha atención primaria absolutamente deteriorada; non se soluciona a precariedade laboral do persoal sanitario; non se solucionan tampouco unhas urxencias colapsadas nin tampouco se solucionan as listas de espera.

Cando viña para aquí, escoitei un anuncio dun seguro privado. Non sei se sabe cal era o slogan que usaban para animarnos a ir á sanidade privada; dicía: «Sen listas de espera, porque a túa saúde non pode agardar», E, efectivamente, a saúde dos galegos e das galegas non pode agardar, pero vostede ten máis de 360.000 galegos en lista de espera. A saúde non pode



agardar, pero conseguiron que haxa lista de espera en primaria, que chega a ser até un mes en moitos centros. A saúde non pode agardar, pero hoxe vemos como ten 11.000 nenos e nenas sen pediatra.

Está claro que precisamos un novo modelo de atención primaria, e desde o BNG temos propostas concretas. Hai que mellorar e ampliar os profesionais de atención primaria, por iso hai que convocar todas as prazas que están vacantes; déixense de imposicións pola porta de atrás e negocien co persoal para mellorar as súas condicións. Hai que aumentar o financiamento da atención primaria até situalo no 25 por cento do total do Sergas, porque non pode ser que sexamos a segunda comunidade por abaixo que menos inviste en atención primaria. E hai que ampliar a carteira de servizos de primaria, incluíndo psicoloxía clínica, logopedas ou podoloxía.

Estas, señor Rueda, son as propostas do BNG. ¿Cales son as súas? ¿Ou vai seguir cos bulos, coa difamación e poñendo en risco a saúde dos galegos e das galegas? (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Benvida, señora Pontón; benvida, despois desa viaxe.

Vostede empezou felicitándome, eu vou corresponderlle por outro motivo, pero tamén a vou felicitar. Primeiro, por viaxar, porque o seu nacionalismo/independentismo cúrase bastante cando un viaxa. (*Murmurios.*) E teño que dicirlle que eu non lle crítico as viaxes, como fai vostede, señora Pontón. E, ademais, cando di que cando sae fóra fala ben de Galicia, cousa que nunca fai aquí; sempre todo é un desastre. Cando sae fóra, di que as nosas industrias son moi boas, e ten razón; pasa que son boas aquí, son boas fóra. Cando sae fóra, fala ben dos programas da Xunta de Galicia, incluso algúns que son programas estrela; aquí nunca ousa dicir que esas cousas funcionan ben; cando sae fóra, faino. Por tanto, eu agradézollo moito.

O malo é que digo a ver se lle dura, porque fixo unha viaxe longa, pero non, cando vin que a vostedes xa lles chega alabar os prófugos, que é capaz de reunirse con persoas condenadas por corrupción. Voulle dicir unha cousa, señora Pontón. Ademais, primeiro, ¿que estaría vostede dicindo se calquera representante, eu, ou calquera representante deste goberno, fixera o mesmo, e que están dicindo? Nótase que vostede sae pouco ao exterior, fala pouco coa emigración. ¿Que están dicindo a maioría dos galegos de orixe ou galegos de corazón que viven na Arxentina fronte ao que vostede fixo? A maioría, non os seus, que son moi poucos, señora Pontón, moitísimos, ¿que estarían, que están dicindo sobre que vostede se vexa cunha persoa condenada por corrupción? ¡Que pena que a viaxe acabara tan mal! (*Aplausos.*)

Mire, a pregunta é que opino sobre a alarma social e as mobilizacións que hai, e dime que a ver se as vou criminalizar. Non, eu sempre digo e sempre direi que as persoas que se manifestan de



boa fe, os profesionais... Por certo, ¡vaia desgusto!, se ao final non hai folga, escoitándoa a vostede, ¡vaia desgusto!, se chegamos a un acordo, porque vostedes traballan, efectivamente —e vouno dicir aquí unha vez máis, creo que xa poucas dúbidas caben— para que iso non sexa así.

Mire, o deseño é perfecto. Os que mandan de verdade no seu partido, que dende logo non é vostede, din que hai que ir á algarada, estano dicindo continuamente, alongar o conflito social, alongar as estruturas de loita. ¿Sóalle todo iso? Despois as ferramentas que teñen executáas, e despois chega vostede aquí e é profecía autocumprida. Primeiro, que haxa mobilización social, para despois dicirme: ¿que me parece a mobilización social? É o círculo perfecto bloqueiro, señora Pontón, círculo perfecto bloqueiro.

Volveu repetir aquí o seu catecismo, ateo por suposto, en materia sanitaria. Os xestores son psicópatas que non conseguen ningún logro, a sanidade terciomundista, todo está moi mal, é o peor do mundo mundial, en ningún sitio están peor que en Galicia... Sempre falando mal; cando volve aquí, o de sempre: falar mal dos servizos públicos. E, ás veces, parece que vostede, en vez de facer unha diagnose falsificada, como sempre, falseada, con datos que vostede manexa e que xa non vou perder o tempo en desmentirlos —exemplo: Vanesa Val—, parece que son desexos que lle gustaría que foran así.

Eu tamén estou convencido de que no, cada vez máis, improbable caso de que vostede fora presidenta da Xunta de Galicia, esta mesma sanidade, antes de que lle dera tempo a estropeala, que sen dúbida o faría, estaría dicindo que é a mellor do mundo, esta mesma sanidade que temos aquí, e esa é a dobre psicoloxía do lote. Dá igual.

Mire, a vostede dálle igual todo, dá igual que os problemas sexan moi similares en todas as comunidades autónomas, por certo moito peores en comunidades autónomas con máis recursos que Galicia. Dá igual que as comunidades autónomas esteamos dicindo que non podemos estar loitando entre nós para quitarnos os profesionais, que isto ten que ter outra solución a nivel máis global. Dá igual que o Ministerio de Sanidade siga facendo escapismo, sen asumir unha soa responsabilidade. Dá igual, porque o que vostede quere é vir aquí facer ese diagnóstico e citalo todo para fomentar o alarmismo.

Insisto, con respecto aos profesionais que lexitimamente se manifestan, vostedes intentan que haxa canta máis agarda mellor, e dálle igual todo; a vostede danlle igual os doentes, danlle igual os servizos públicos, dálle igual a sanidade; vostede busca a pancarta.

Menos mal que nós temos responsabilidades, buscamos unha sanidade de calidade e oxalá que poidamos chegar a un acordo neste e en todos os servizos públicos fundamentais.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Réplica da señora Pontón.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, pregúntolle por sanidade, e creo que non dedicou nin quince minutos a falar dun dos principais problemas que teñen os galegos e as galegas. Xa vemos como lle preocupa a vostede a saúde da xente.



E a verdade é que non sei se se escoitou, porque isto é o problema de cando vén aquí sempre co piloto automático dos bulos. Porque vostede veu aquí dicirme que eu insultei os profesionais, que eu dixen que a sanidade deste país era terciromundista. Señor Rueda, ¿como non lle imos chamar bulopresidente? *(Aplausos.)* ¡É que non é capaz de dicir unha verdade nin por equivocación!

E mire, alégrame moito que seguira a miña viaxe por América Latina. Paréceme ben que siga as nosas iniciativas. Pero mire, efectivamente, eu claro que falo ben das empresas galegas, porque fan grandes cousas a pesar da súa nefasta xestión; *(Aplausos.)* evidentemente, claro que si, señor Rueda.

E a verdade é que vostede ten moito valor, porque ser do Partido Popular e vir aquí darnos leccións de loita contra a corrupción, ¡xa!, hai que ter valor, ¡eh!, vostede, señor Rueda, que representa un partido que é o único partido de Europa condenado por corrupción. Non sei se as súas comisións eran do dous por cento ou do tres por cento, o que sabemos é que hai unha sentenza que os condena por corrupción. *(Aplausos.)*

E mire, cando queira, temos un debate sobre isto. E permítame que lle dea un dato: BNG, cero condenados por corrupción; Partido Popular, xa perdemos a conta dos seus condenados. Teñen vostedes un máster de corrupción. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

E mire, como sempre —e remato con esta cuestión—, mire, como sempre, vostede, cero propostas en materia de sanidade. Porque a súa especialidade ¿sabe cal é, señor Rueda? É buscar culpables, en vez de buscar solucións, sempre botando balóns fóra.

Mire, atenda ás reivindicacións que lle está facendo o persoal de atención primaria e verá como aparecen médicos e médicas para solucionar os problemas que temos. Porque o problema... *(Murmurios.)* Si, si, o problema non é que non haxa profesionais, é que foxen da súa precariedade, do maltrato do seu goberno. *(Aplausos.)* Ese é o problema, señor Rueda.

Mire, e como vexo que non ten ningunha proposta, déixolle as propostas do BNG.

A primeira, convoque todas as prazas que hai vacantes en atención primaria; séntese a negociar co persoal, sen trampa nin cartón; escoite as súas reivindicacións e chegue a acordos para mellorar a sanidade pública; aumente o financiamento da atención primaria, que non pode ser que Galiza estea á cola en investimento en atención primaria, cando debería ser a columna vertebral do noso sistema sanitario; e amplíen a carteira de servizos nos centros de saúde, e a primeira prioridade debería ser incorporar psicoloxía clínica, porque sabe que o 30 por cento das consultas teñen que ver con problemas de saúde mental.

Mire, este é o modelo que defendemos do BNG para defender a saúde dos galegos e das galegas. Vostede pode escoller: ou aceptar as nosas propostas ou seguir como o bulopresidente, que o único que fai é difamar e converter a política galega nunha lameira. Vostede decide, señor Rueda. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.



Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, normal que volva á sanidade, ao final xa se ía ao de sempre, á corrupción, por suposto á corrupción do PP; a dos seus socios, que vostedes sosteñen, nada de nada.

Pero, mire, non perdamos o tempo niso. Ese novo titular no que vostede insistiu moito, a ver se o *cuela*, ¿como é?, o de bulopresidente. Imos falar de bulos, jeh! Resulta que non contratamos médicos porque non queremos. Isto, claro, vinte e cinco anos na oposición pois sen ter que tomar nunca este tipo de decisións, sen saber realmente o que hai máis que dicir este tipo de cousas, lanzar estas proclamas sen ningún tipo de responsabilidade nin rigor, está moi ben. É dicir, que, se non o facemos, é porque non queremos, porque están aí. Non os contratamos porque a min o que me gusta é vir aquí escoitalle a vostede todo isto que está dicindo.

Mire, vamos falar. Vostede di que hai médicos de sobra e non os contratamos. Resposta do Goberno, dos seus socios, dos que vostedes... Si, non poña esa cara. Os seus socios, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) os seus cómplices ultimamente tal e como se está poñendo a cousa. (*Murmurios.*) Resposta do 12 de novembro do Goberno a unha interpelación, dicindo que hai que contratar máis médicos no INSS, no Instituto Nacional da Seguridade Social: «Cabe señalar que el INSS está muy interesado en incorporar efectivos para las vacantes de dichas provincias» —mire, como nós— «y en todo el territorio» —nós tamén, pero en todo o territorio galego—, «si bien la falta de profesionales médicos afecta a todos los ámbitos, no siendo las unidades médicas del INSS ajenas a este enorme problema». ¡Vaia bulo, que coloca aquí tamén o Goberno, señora Pontón, vaia bulo, (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) vaia bulo!

Supoño que, despois disto, vostede romperá con todos eles e, á parte de poñer os ollos para arriba como os está poñendo, porque non sabe que cara poñer... Si, si, ríase, ríase moito. Supoño que, despois disto, romperá absolutamente con estes creadores de bulos.

Xa lle digo que a vostede lle dá exactamente igual todo. Volve outra vez con que somos a comunidade que menos inviste en primaria. Claro, vostede saca o gasto farmacéutico e sáenlle esas contas. Señora Pontón, métao e verá que somos das que máis gastamos. Mire, 5.671 millóns de euros destinados á sanidade pública; orzamentos que imos ter e que van permitir seguir subindo o investimento en sanidade.

¿Como que vostede non fala mal da sanidade pública galega? Todos os días, a todas horas. E a sanidade non é un ente abstracto, está formada por profesionais que a vostede lle escoitan falar do mal que o fan segundo vostede, porque non ten nin idea. (*Murmurios.*) Si, señora Pontón, si. (*Aplausos.*)

Mire, vostede fixo propostas ao final, como intenta facer, propostas desde os vinte e cinco anos na oposición; nunca manexou un euro público, pero sempre ten as solucións máxicas. Acabamos de ver a dos médicos, en que consiste a súa demagogia, tan alonxada da realidade. Eu prefiro falar de realidades, que van ser efectivas a través dos orzamentos.



Mire, por moito que vostede se empeñe en denigrala, en degradala, en difamala, a sanidade pública galega, con todas as cousas que hai que seguir corrixindo e mellorando, é excelente, excelente, por moito que vostede falsee as cifras. E eu reivindicoo con moito orgullo. Xa sei que a vostede lle importa a pancarta, a algarada, alongar a tensión. Si, si. A nós impórtannos outras cousas.

Polo tanto, igual que somos pioneiros en cribados, en prevencións, eu realmente creo que é un motivo de orgullo dicir que esta fin de semana vai chegar o acelerador para o Centro de Protonterapia, xa están facendo os profesionais a formación, e Galicia será a primeira sanidade pública en España que teña un Centro de Protonterapia coa instalación a partir desta fin de semana, señora Pontón. (Aplausos.) Vostede siga degradando, siga difamando, que nós seguimos traballando.

E remato xa, señor presidente.

Poñemos en práctica medidas serias para seguir mellorando a atención primaria. Aumentamos, xa non lle digo comparándoo co que vostedes investían en atención primaria, moitísimo nestes anos, porque é necesario, porque fai falta e porque así se mellora unha sanidade pública de xeito eficaz. Os primeiros en ofrecer prazas fixas con concurso de méritos sen acudir á oposición; os primeiros en ter un sistema para prazas de difícil cobertura; os primeiros en ofrecer contratos estables de tres anos aos MIR en primaria nada máis acabar a formación; incorporamos novos servizos como nutricionistas, 21 novos psicólogos clínicos este ano, equipos de última tecnoloxía. Isto é o que fai un goberno serio que aposta pola sanidade.

Mentres, siga vostede cos seus bulos, xa vimos en que consisten. Siga vostede defendendo un goberno que, como acabamos de ver e segundo a súa teoría, conta mentiras, e siga vostede con esa demagogia que dan vinte e cinco anos, e os que lle quedan, mentres lle deixen, de oposición.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Declaración institucional polo Día Mundial da Infancia

O PRESIDENTE: Vou dar lectura a unha declaración institucional que me fan chegar os grupos, relacionada co Día Mundial da Infancia, e que di:

«Trinta e seis anos despois da aprobación da Convención sobre os dereitos do neno, a infancia e a adolescencia fan fronte a múltiples retos.

Como institucións representativas, reafirmamos o noso compromiso cos seus dereitos, tanto en Galicia como no mundo.

En Galicia o risco de pobreza infantil e de exclusión social ten a taxa máis baixa de toda España. Aínda así, existen nenos e nenas que seguen en risco, especialmente en familias migrantes e monoparentais.



Comprometémonos a investir máis e mellor na infancia, aplicar o Plan nacional da garantía infantil europea e impulsar medidas cara a unha prestación universal por neno ou nena.

Debemos acoller con dignidade nenos e nenas que chegan sós a España, fuxindo da violencia, da pobreza ou do cambio climático. É esencial evitarmos discursos que os deshumanicen e garantirmos unha atención integral, colaborativa e esperanzadora.

Debemos construír un sistema de protección centrado na familia e na prevención, que apoie as familias en situación de vulnerabilidade, para que poidan garantir o coidado dos seus fillos e fillas e evitar separacións innecesarias. Cando a separación sexa precisa, o acollemento familiar debe ser a opción preferente, ofrecendo un ambiente seguro, afectivo, reparador e estable.

Os recursos residenciais deben ser espazos seguros e especializados que acompañen procesos de reparación.

Cómpre reforzarmos os programas de emancipación, para que ningún mozo ou moza quede sen apoio ao saír do sistema.

Na contorna dixital é clave identificar riscos e establecer mecanismos de prevención, de educación e de atención, garantindo os dereitos da infancia tamén en Internet, coa participación activa dos nenos e das nenas, das escolas, das familias e das empresas tecnolóxicas.

Na prevención da violencia debemos harmonizar a lexislación, establecer estándares de protección, rexistros actualizados, formacións e campañas de sensibilización.

É necesario impulsar as figuras do coordinador de benestar nos centros educativos e do delegado de protección no ocio e no deporte.

En saúde mental comprometémonos a incrementar recursos, fomentar a prevención e detección temperá e evitar que os malestares emocionais se convertan en problemas máis graves. Medidas como unidades móbiles de atención á saúde mental e políticas contra o *bullying* e o ciberacoso son fundamentais.

Recordamos tamén a situación da infancia noutros territorios. Os recortes na axuda ao desenvolvemento poñen en risco avances logrados. Ademais, é preciso lembrar os vinte mil nenos e nenas que morreron na guerra en Gaza.

Garantirmos os dereitos de todos os nenos, nenas e adolescentes é responsabilidade colectiva. Debemos escoitalos, fomentar a súa participación e renderlles contas nas decisións que lles afecten.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2025.». (Apróbase por asentimento.) (Aplausos.)

Grazas.

E agora, antes de pasar a outra pregunta, imos aclarar o de onte, o da votación, porque, si, é un tema que merece unha explicación e vouna dar, evidentemente.



Onte o que sucedeu é que aparecía reflectido como que votaba, nos procesos de votación que tivemos pola tarde, a señora vicepresidenta primeira, que evidentemente non estaba; (*Murmurios.*) perdón, segunda.

O erro —si, ben matizado; as cousas teñen que dicirse sempre ben; se se din mal, corriximos— foi que, cando estivemos arreglando aquí os de Informática, pois posiblemente ao mellor explicámolo mal ou porque eu non o dixen ben, considerouse que o voto da señora Prado era tamén voto delegado. E ese foi o erro. O único voto que era delegado é o do señor Brais, que ese si que tiña dereito por ser un problema de paternidade, e o que non... (*Murmurios.*) Si, si, é un asunto de paternidade, ten o voto delegado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, aí si. Ese ten voto delegado. (*Murmurios.*) Os outros casos non teñen voto delegado. Ben, non era un problema, é un beneficio. Está entendido, claro. Ben, era o que quería dicir. Xa quedou claro cal é o problema e, corrixido todo iso, pois nada, continuamos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Alteración da orde do día

O PRESIDENTE: Hai unha alteración da orde do día, que é unha pregunta ao Goberno.

Pregunta das deputadas Iria Taibo Corsanego e María Cristina Fernández Davila, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a dotación de profesorado do CEIP Valle-Inclán, do concello de Oleiros, no curso 2025-2026

O PRESIDENTE: Cando queira.

IRIA TAIBO CORSANEGO: Grazas, presidente.

Á dirección do CEIP Valle-Inclán, de Perillo, en Oleiros, comunicóuselles que para o curso 2025-2026 eliminaba o desdobre de terceiro e sexto de primaria, que si existía en segundo e quinto o curso pasado. A comunidade educativa rexeitou esta medida, polo que a Consellería de Educación decidiu remitir dous profesionais, a través do Plan Mega. Así, o centro tiña dúas opcións: manter os desdobres con aulas de menos de 20 alumnos, usando estes profesionais como titores desas aulas adicionais, ou ben deixar aulas de 27-28 alumnos nestes dous cursos. O centro decidiu manter os desdobres, entendendo que o axeitado era manter un número máis reducido de alumnado por aula.

Porén, o profesorado que envía a Consellaría a través do Plan Mega é, ou debería ser, profesorado de reforzo, como saben. Este plan está financiado a través de fondos europeos, que teñen o obxectivo de mellorar a calidade educativa a través precisamente dos reforzos.

Segundo unha nota de prensa da súa propia consellería, señor Rodríguez, os obxectivos do Plan Mega son incrementar o nivel de competencias dos alumnos, personalizar o apoio educativo, mellorar a atención ás necesidades específicas, avanzar cara a un ensino máis inclusivo e fortalecer a formación dos docentes.

Por unha banda, esta consellería debe explicar se está a usar estes fondos europeos conforme a legalidade. A consellería remitiu dous mestres do Plan Mega, usando fondos europeos, en



lugar de contratar profesorado para cubrir necesidades ordinarias, igual que está a acontecer noutros centros do país. Isto, ademais, ten consecuencias moi directas para o alumnado máis vulnerable, que é precisamente o obxectivo destes fondos europeos.

O que está a acontecer no Valle-Inclán é que ese reforzo non se pode utilizar para o que foi deseñado, xa que, debido ao desleixo do seu departamento, ten que destinarse a cubrir postos que debería cubrir a consellería con fondos propios. O alumnado con necesidades especiais non pode así recibir esa atención personalizada. O profesorado procedente do Plan Mega non está a facer as funcións de apoio e reforzo para as que se concederon os fondos europeos; en lugar diso, ocupan postos estruturais de titorías que deben estar pagados con fondos propios e de xeito estable.

En cursos anteriores esta atención no Valle-Inclán facíase dentro da propia aula de cada alumno, co obxectivo de integralos e de evitar a súa estigmatización. A limitación do cadro de persoal fai que agora sexa preciso sacar os alumnos das súas aulas e agrupalos. Esta consellería deixa vacantes as prazas de profesorado para aforrar en partidas que desvían para a súa publicidade e propaganda. Alén disto, coa limitación actual do cadro docente do Valle-Inclán, é moi difícil que o centro poida cubrir axeitadamente as gardas, coas consecuencias que isto ten para a atención do alumnado. Ademais, os proxectos didácticos como a horta, a robótica, a informática ou a biblioteca quedan reducidos ao mínimo ou directamente teñen que ser eliminados por falta de persoal para atendelos. A ANPA remitiu un escrito á dirección territorial da Consellería en setembro, sen resposta.

Pedímoslle, señor Rodríguez, que reciban a ANPA, que escoiten as súas demandas e que lles expliquen cal é o seu plan para este centro.

Grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez González.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Este centro xa tivo un debate neste Parlamento, creo que foi por iniciativa do PSOE na pasada Comisión 4ª. Vexo que hai moita preocupación por aquelas cuestións concretas e intentar facer pois causa común e unha certa competencia entre os partidos da oposición. Tendo en conta que temos máis de mil centros educativos, que nos centremos nese centro, e os dous partidos da oposición, nun caso concreto, pois eu creo que ao final é un síntoma de que o sistema funciona razoablemente ben.

A estratexia é a de sempre: collen vostedes un caso concreto e preséntano facendo —digamos— unha realidade xeral de toda Galicia. Iso realmente non é así, nin moito menos. E tamén practican o de sempre: unha especie de publicidade á inversa, intentando trasladar unha mensaxe dicindo que o que é verdade é mentira pola súa parte e que os datos non valen para nada.



Creo que hoxe hai un novo argumento que realmente é moi curioso. Preocúpalles a vostedes que se dediquen fondos europeos a financiar programas de reforzo educativo; incluso di se é legal. Realmente, os fondos europeos non sei en que se poden empregar de mellor xeito que en contratar profesores dentro do Plan Mega para axudar máis os alumnos que máis o precisan, e a vostedes parécelles mal, como se houbese diferenzas no soldo dun profesor —digamos— se é un recurso propio ou é un recurso procedente do fondo europeo, algo francamente curioso.

E tamén é moi curioso o que acabamos de escoitar; é unha gran mentira, iso é un bulo con letras maiúsculas. Dixo vostede literalmente que desviabamos partidas de profesorado para publicidade e propaganda; iso si que é legal; e vostede dío tranquilamente; ben, creo que é moi positivo.

E tamén plantexa que este ano non é igual que o ano pasado. Non, claro que non, pero non soe ser case nunca un curso académico igual que o ano pasado, porque o mapa educativo modifícase de xeito constante.

Pero, ben, vaíamos aos datos reais deste centro para a súa tranquilidade. Non sei se a vostedes lles pasaron os datos reais ou non, pero todas as unidades deste centro están por debaixo das *ratio* máximas establecidas por lei, todas as unidades.

Segundo, estase aplicando en cuarto e quinto de educación infantil a redución da *ratio* de 25 a 20, algo que fai Galicia e que na lei estatal en vigor non existe e que vostedes cuestionaron.

Falan vostedes como de masificación, como se os nenos non colleran etcétera, etcétera. Mire, hai un dato que creo que é moi importante: neste centro hai 425 prazas posibles e hai 323 ocupadas; é dicir, hai máis de 100 prazas libres. Profesorado, 36 profesores, que...

O PRESIDENTE: Grazas, ten outro turno despois.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Réplica da señora Taibo.

IRIA TAIBO CORSANEGO: Señor Rodríguez, non sei se é que vostede xa traía a intervención preparada. Eu non falei en ningún momento de masificación e creo que non entendeu moi ben o meu argumento.

Se vostedes utilizasen fondos propios para contratar o persoal, o profesorado, daquela poderían usar os fondos procedentes da Unión Europea a través do Mega para contratar o reforzo, que é o que precisa o centro do que lle falo, o Valle-Inclán, de Perillo, en Oleiros, e é o que está a demandar a comunidade educativa.

Fala vostede de que, primeiro, temos aí unha competencia co PSdeG por este asunto. Non. ¿Non será que toda a comunidade educativa e os outros grupos coincidimos en que este é un verdadeiro problema? De feito, non teñen máis que mirar a convocatoria precisamente para mañá de todos os centros de ensino de Oleiros, que se van concentrar, antes de que comecen



as aulas, precisamente para reclamar unha mellora da calidade educativa e unha reposición do profesorado que falta. Como lle digo, non o dicimos nós.

Ademais, arguméntolle que non o dicimos nós, porque só teñen que consultar a páxina web da ANPA para ver a información que eles trasladan. Non estou falando por boca do BNG. Informan de que foron recibidos hai uns meses, hai dous meses, pola Inspección educativa, e que lles dixeron que isto se trata dunha decisión política; palabras literais da páxina web da ANPA do CEIP Valle-Inclán. Isto confírmanos a nosa teoría de que a súa consellería ten un plan, pero non estamos a falar do Plan Mega, senón dun plan de eliminación da atención á diversidade.

A propia ANPA tamén informa de que se lles dixo que a falta de dispoñibilidade horaria do equipo docente se debe á redución de horas lectivas. Entón, están vostedes a culpar o profesorado polas súas lexítimas demandas laborais.

Tamén indican —e isto tamén nos escandaliza bastante— que parece ser que a única solución é reivindicar os nosos dereitos a través de mobilizacións. Son eles mesmos —o que di a ANPA—: explicóusenos que os centros que máis protesten serán os que poidan conseguir algunha mellora, aínda que non sexan os que máis a necesiten.

Entón, estamos a falar da arbitrariedade no seu propio departamento e quéixanse, alí onde poden, de que o BNG, ou a CIG ou quen sexa, chaman á mobilización... *(A deputada Iria Taibo Corsanego pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

Para o peche da pregunta, o señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Señora deputada, por suposto que traio preparada a intervención; só faltaría que non a trouxera.

É que fai unhas reflexións realmente de altura, de moita altura política, igual que a reflexión de altura política de intentar dicir que é malo contratar profesores de reforzo con fondos europeos. Parece que lle parece mal.

E despois fáleme vostede de calidade educativa. ¡Oia!, hoxe mesmo un periódico, un medio de comunicación, en concreto na páxina 12 de Galicia, vén dicir que a Unión Europea avalou o esforzo educativo español con Galicia á cabeza. Aquí non se fala de resultado nunca, aquí invéntase un relato —como xa digo eu— con publicidade, con propaganda á inversa, e vostedes din que o BNG non fala, que aquí fala a ANPA. Vostede cre cen por cento o que di a ANPA, polo que parece ser; non viu os datos. E aquí parece que o BNG non ten opinión ou que o BNG como partido político, ou formando parte dun conglomerado coa CIG, coa UPG, con parte tamén das ANPA galegas, non ten opinión e fala en boca das ANPA e din o que lle vén.

Vén vostede dicir que hai unha eliminación da atención á diversidade, e dío con toda a solemnidade. Eu poño datos encima da mesa. Exemplo —e téño dito en múltiples ocasións—, en



atención á diversidade Galicia ten feito moito, quedan tamén moitísimas cousas por facer, pero hai un dato que creo que a partir de aí desmente todo o seu relato de publicidade á inversa, de intentar facer propaganda á inversa: Galicia é, dentro do conxunto de España, a comunidade autónoma que maior integración ten de alumnos con discapacidade no sistema ordinario, con todo o importante que é iso.

Galicia ten aproximadamente cinco mil profesionais dedicados á atención á diversidade, que duplican o que había no ano 2009. E Galicia é, segundo PISA, a comunidade autónoma máis equitativa de España, é dicir, a que dá unha mellor atención a aqueles alumnos que máis o precisan.

Vostedes seguen dicindo que non hai calidade, que se vai en contra da diversidade; dígano; é publicidade á inversa. E ao final os datos están aí. Xa lle dixen que de masificación nada, que todas as unidades cumpren coas *ratio*. Xa lle dixen que temos 36 profesores. Todos os alumnos con necesidades educativas especiais, con certificado de discapacidade, computan á hora de conformar os grupos por dous ou por tres, unha medida única en España, que, por certo, o Goberno quere copiar.

E, respecto dos profesores especialistas, este centro conta con catro profesores especialistas PT e AL, polo catálogo corresponderíanlle dous. É dicir, que vostedes non teñen en conta o incremento de profesorado de especialistas, que cae de catro a dous.

En todo caso, como lle digo sempre, vostedes fan publicidade á inversa e simplemente o que queren é coller unha cuestión particular fiándose do que lles din e debuxar un panorama que non é nin moito menos a realidade do conxunto de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta da deputada Cecilia Vázquez Suárez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto da remisión aos centros de ensino de material didáctico orientado ideoloxicamente por parte de determinadas organizacións sindicais e políticas

O PRESIDENTE: Cando queira.

CARMEN MARÍA POMAR TOJO: Moi bo día, conselleiro.

Damos hoxe voz a unha cuestión que a bo seguro está na preocupación de moitos fogares galegos. Dende vai meses estamos a asistir a un asalto por parte de grupos e sindicatos nacionalistas aos currículos académicos, asalto feito con premeditación e a traizón, utilizando todos e cada un dos subterfuxios ao seu alcance; asalto que, cada vez máis, pisa esa liña fina entre o lícito e o ilícito, entre o eufemisticamente creativo e o irrespectuoso, entre o vendido como material pedagóxico e a propaganda máis lacerante, cada vez con menos subliminalidade e con máis descaro.



Señorías, conselleiro, educar é contribuír ao desenvolvemento integral e ao pensamento crítico. Adoutrinar, na acepción que máis se asemella ao que pretenden facer dende o nacionalismo, é a imposición dun pensamento único, con sinónimos como aleccionar ou adestrar, accións por certo moi utilizadas por doutrinas políticas da primeira metade do século XX, como o nacionalsocialismo e o comunismo.

Conselleiro, mentres dende o nacionalismo independentista galego alardean de ser defensores da cultura e dos grandes valores, pretenden presentarllles aos nosos fillos, e sobre todo ás nosas fillas, como vimos onte, unha indecente sexualización de figuras como Rosalía, Blanco Amor, Pondal ou Castelao, figuras que a miña xeración aprendeu a ler, a respectar e a comprender, con profesorado de todas as ideoloxías, no meu afortunado caso, dende Xosé Chao ata Xosé Manuel Reboledo, pero unidos polo fin común de transmitir os nosos referentes e a mensaxe que nos deixaron coa súa obra e coa súa vida.

E, con esa soberbia moral que os caracteriza, dirán que non entendemos nada, que é unha cuestión de apertura mental ou que estamos fóra da onda. Pero non, señorías, nós o que estamos é preocupadas pola deriva que está a tomar a pretendida manipulación dos contidos que estudan os nosos fillos e fillas. Agochan detrás deses supostos materiais didácticos toda unha sorte de adulteración ideolóxica con formatos que presentan como motivadores para a mocidade pero que converten referentes culturais en verdadeiros memes propagandísticos, para captar sen escrúpulos as idades máis vulnerables que andan na procura da súa identidade e da súa reafirmación.

Conselleiro, a lideresa do nacionalismo acúsanos de descafeinar o legado de Castelao e ousa falar de que a súa vida e a súa carraxe para enfrontar a situación na que viviu supón un verdadeiro perigo para nós —suposto, perigo suposto—, e perigo é este material didáctico (*A deputada Carmen María Pomar Tojo amosa un documento.*) que presenta a Castelao como un meme cunha bandeira estrelada tatuada, medio nu e saíndo do armario mentres di: «aproveita e dío xa: indepe, racha coas bisagras do armario, Breogán tamén o faría».

Ante este recrudecemento da desvergoñada ofensiva ideoloxizadora do independentismo contra a neutralidade do sistema educativo de Galicia, preguntámoslle hoxe, conselleiro: ¿que valoración fai o Goberno galego deste intento de adoutrramento...

O PRESIDENTE: Grazas.

CARMEN MARÍA POMAR TOJO: ...do nacionalismo a nenas e nenos da idade escolar. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.



Señoría, eu creo que a resposta se simplifica cunha expresión moi popular e moi coñecida: «non todo vale». Non todo vale para facer política, non todo vale para intentar captar futuros votantes e non todo vale para intentar trasladar á sociedade unha mensaxe política.

A verdade é que, como estamos vendo nos últimos, con base a isto pódese entender unha reacción politicamente moi violenta que houbo no seu momento por parte do espectro político dese conglomerado, desa galaxia, que todos coñecemos, nacional independentista, vinculada á UPG, á CIG, por suposto ao BNG, que cuestionaron e se ofenderon amplamente cando se plantexou a necesidade de defender no sistema educativo a neutralidade ideolóxica. E facíase porque xa empezabamos a identificar un intento de acoso e derribo aos principios básicos que deben rexer a nosa democracia, como é o pluralismo social, como é o pensamento crítico, como son as liberdades individuais, das que precisamente o sistema educativo debe ser un garante; o sistema educativo debe formar as persoas, os cidadáns do futuro con base en valores democráticos comúns.

E por iso foi moi sorprendente que naquel momento houbese esa reacción tan violenta cando a neutralidade ideolóxica é un principio básico constitucional —Constitución que, por certo, nos últimos cincuenta anos nos permitiu ter o maior desenvolvemento social e económico colectivo do conxunto de España, por suposto tamén de Galicia, que está recollido nas sucesivas leis orgánicas— e que parece mentira que poida incomodar a alguén. Precisamente aqueles aos que incomodaba vemos agora por que non querían plantexar a neutralidade ideolóxica.

Os centros educativos, señorías, deben ser centros para a convivencia, deben ser centros para o respecto, deben ser centros para potenciar o pensamento crítico, a liberdade, deben ser espazos de pluralidade e nunca poden ser espazos para trasladar unha determinada visión política ou para trasladar un indicio ou calquera indicio de xerar doutrina nos mesmos.

Por iso nós lamentamos o que se plantexou, o que se presenta no seu momento por parte deste sindicato para trasladar ao sistema educativo unha serie de unidades didácticas de apoio ao profesorado que basicamente, unha vez que se avalían cunha mínima capacidade crítica, é unha auténtica vergoña e un desleixo cara, por exemplo, a algúns dos símbolos básicos e fundamentais que articulan e cohesionan Galicia.

Creo que as unidades didácticas que se plantexaron demostran que non todo vale, non todo debe valer e que debería darlle vergoña allea a quen o fixo.

Ademais, están cheas de erros...

O PRESIDENTE: Grazas, ten outro turno despois.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...e explicareino, de xeito máis concreto, despois. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Pomar.



CARMEN MARÍA POMAR TOJO: Grazas, conselleiro.

Afortunadamente, en Galicia temos un goberno que concibe o sistema educativo baseado nos valores democráticos, comúns e compartidos, que persegue a verdadeira formación: a que fomenta o pensamento crítico, a que respecta as liberdades individuais e a que asegura a pluralidade social.

Perigoso, señorías do BNG, non é Castelao; perigoso é ver como vostedes teñen cedido ás consignas do sector máis radical da súa asemblea e van escorados, sen pudor, ao lado máis radical, máis agresivo e máis manipulador. Un día escuro na historia contemporánea un coñecido contralíder pronunciou unhas perigosas palabras cando dixo: «Ti non pensas coma min pero os teus fillos e fillas pertécenme».

Pois ben, conselleiro, esperamos que non chegue o momento en que os nosos fillos teñan que delatarnos cando non pensamos como eles pensan ou como a eles se incita a pensar.

Quédanos claro, e non só pola súa resposta de hoxe, mais polo proceder da consellería nas últimas semanas, que debe estar garantida a neutralidade ideolóxica nas aulas e que, mentres eles avogan pola radicalidade, nós avogamos pola liberdade; mentres eles avogan polo pensamento único, nós avogamos polo pensamento crítico; mentres eles avogan polo totalitarismo, nós avogamos polos valores democráticos; mentres eles buscan a ideoloxización, nós buscamos a madurez na toma de decisións; mentres eles converten a linguaxe nun anestésico dunha porción do cerebro —como dicía Orwell—, nós queremos diálogo, reflexión e debate construtivo, porque, utilizando a súa propia xerga interesada, selectiva e cargada de intencionalidade, a verdadeira bomba é a bomba pedagóxica que trata de cargar de ideoloxía, ou, máis ben, de contraideoloxía, calquera materia susceptible de manipulación.

Dicía Noam Chomsky que o propósito da educación é mostrar as ferramentas para que a persoa poida desenvolverse, promocionarse e buscar a súa vocación. Calquera outra acción, lonxe de ser educación, é puro adoutrramento.

E iso, conselleiro, é o que nos preocupa e o que traemos hoxe aquí para que nos garanta esa neutralidade...

O PRESIDENTE: Grazas.

CARMEN MARÍA POMAR TOJO: ...que as familias galegas queren...

O PRESIDENTE: Grazas.

CARMEN MARÍA POMAR TOJO: ...nos centros educativos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.



Para o peche da pregunta, o señor conselleiro.

(Murmurios.)

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Ben, señoría, a verdade, como dicía antes, non todo vale. E cando se intenta manipular dun xeito tan descarado como plantexan as unidades didácticas ás que nos estamos referindo, eu pediría que se faga ben, que non sexan —se se me permite unha expresión vulgar— unha chambonada, unha auténtica chambonada.

Porque mire, as unidades didácticas promocionadas neste caso por parte do sindicato CIG teñen tres cuestións creo que moi preocupantes. Primeiro, están cheas de erros sistemáticos que falan dunha auténtica falta de rigor. Segundo, utilizando a linguaxe que utiliza o BNG, poderían ser tachadas de ilegais, xa que non respectan os principios e obxectivos que están nos currículos fixados pola LOMLOE; e, por suposto, son uns documentos dun marcado nesgo ideolóxico. Máis que unidades didácticas, case serían unidades antdidácticas, se se quere, porque non todo vale en ningún ámbito da política, pero non todo vale moito menos no ámbito educativo.

Por suposto, non se trata de non falar de calquera asunto. Por moi complexo que sexa, podemos falar de todo, por suposto, pero sempre debemos respectar os valores da convivencia, da diversidade, do respecto e fuxindo pois da doutrina, fuxindo do pensamento único, fuxindo do nesgo político.

E falamos de rigor. Moitos dos exercicios que se plantexan nestas unidades didácticas non teñen solución, son irresolubles, plantexan formulacións científicas incorrectas, plantexan unha incoherencia absoluta nos exercicios que se plantexan; son —podiamos dicir— absolutamente acientíficas, con reflexións e explicacións que non son dende a perspectiva científica reais, é dicir, é absolutamente unha falta de rigor. Por iso digo que, cando se intenta facer estas cousas, hai que intentar facelas ben.

Segundo, non seguen os obxectivos, non respectan os obxectivos da LOMLOE; por iso digo que podían ser ilegais, porque quen fixa os currículos, e por extensión as unidades didácticas que os desenvolven, é a lexislación, neste caso unha lexislación orgánica aprobada hai moi pouco polos partidos da esquerda. Pois non se axustan aos currículos, non teñen nada que ver, incúmprense os estándares da normativa, non hai unha temporalización definida, non se especifican as competencias, tampouco as etapas educativas ás que van dirixidas. É unha chambonada, se se me permite a expresión.

As estratexias son, dende a perspectiva pedagóxica, antipedagóxicas, inadecuadas, van contra a pluralidade e moitos dos contidos —como xa dixeran— destas unidades están absolutamente fóra dos currículos.

E despois temos un nesgo ideolóxico evidente. Búscase dar resposta a un determinado programa político, non se busca o pensamento crítico e fan afirmacións taxativas. E despois somos capaces de dicirlles aos alumnos que fagan unha estratexia para destruír os hospitais



de Santiago. Fíxense vostedes que didáctico é dicirlles aos alumnos que hai que destruír os hospitais de Santiago.

En definitiva, creo...

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...que estamos nunha deriva...

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...moi complexa, moi perigosa e...,

O PRESIDENTE: Grazas, está entendido.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...obviamente, dende a Xunta de Galicia temos que convivir...

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...cos principios básicos...

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...do sistema democrático español e galego. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Saudamos os alumnos de terceiro e cuarto da ESO do Centro Eduardo Pondal, de Santiago de Compostela, e os seus profesores. Benvidos ao Parlamento.

Continuamos.

Pregunta do deputado Julio García Comesaña e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o preacordo acadado polo Goberno galego coas tres universidades públicas galegas sobre o futuro dos estudos de medicina

O PRESIDENTE: Cando queira.

JULIO GARCÍA COMESAÑA: Grazas, presidente.

Señorías.



Moi bo día, señor conselleiro.

Antes de entrar de cheo no contido da pregunta, permítanme facer unha reflexión necesaria para entender a verdadeira natureza do debate que estamos estes días abordando coa Facultade de Medicina. O verdadeiro problema da sanidade española e a verdadeira bomba sanitaria, facendo un símil como se acaba de dicir aquí, non é a falta de títulos de grao de médico, senón a falta de especialistas, como acabamos de ver na pregunta hai uns momentos ao presidente. É un auténtico problema estrutural esa falta de médicos especialistas, esa formación de especialistas, que depende do Ministerio de Sanidade, que non dá dotado das prazas MIR necesarias, como levamos pedindo as comunidades autónomas dende o ano 2018, xustamente o ano no que Pedro Sánchez chegou ao Goberno. Non hai máis que ver o informe do ministerio, que di exactamente que hai 4.500 prazas vacantes, sen cubrir, de medicina de familia no Estado e coa previsión de que sigan crescendo ata as 5.000 no ano 2030. O conselleiro de Sanidade dixo esta mesma semana que a previsión de Galicia é de que falten 250 nese ano 2030.

Dito isto, tamén cómpre clarificar outra cuestión: Galicia non está por debaixo, nin moito menos, do número de prazas de graos de Medicina por habitante que ten o resto do Estado, e de feito está por riba. Esas máis de 400 prazas que se forman cada ano na Facultade de Medicina de Galicia lévanos a un promedio de 14,9 médicos/graos por 100.000 habitantes, cando a media de España está na orde dos 13.

E unha última cuestión importante tamén, que din algúns que entran neste debate: que a xente que quere facer Medicina en Galicia ten que marchar fóra porque non hai prazas. Outra mentira, outro bulo. A xente que quere facer Medicina en Galicia moitas veces non pode facer Medicina en Galicia porque a ABAU non está coordinada e as prazas desa facultade galega se enchen con estudantes doutras universidades que veñen aquí por distintos motivos, pero basicamente porque teñen mellores notas —avaliación total— que as dos galegos.

Por iso en Galicia, como sempre, fixemos unha aposta pola planificación, pola eficiencia e polo consenso institucional. Esta é a razón pola que só temos unha Escola de Arquitectura na Coruña ou temos unha Facultade de Veterinaria en Lugo, ou unha Facultade de Farmacia en Santiago —por certo, aproveito para darlle a noraboa á Facultade de Farmacia, que, a pesar das condicións nas que está agora na parte docente, conseguiu ese recoñecemento a nivel mundial extraordinario—. (Aplausos.)

Como dicía, este modelo de planificar e de facer as cousas ben, que suma e que non divide, é o que garante a calidade e blindo os recursos e a sostibilidade a longo prazo. Dende logo o que estes días estamos a ver é un preacordo histórico que vai permitir seguir nesa liña de coordinar recursos, de coordinar esforzos, de conseguir a mellor calidade posible na docencia dun grao tan importante como o de Medicina, de utilizar todos os recursos da sanidade pública tamén —e que afortunadamente é de toda a comunidade autónoma— para conseguir que eses alumnos que van facer as prácticas aos hospitais galegos poidan ter a mellor docencia teórica e práctica.

Polo tanto, quería que me explicara, señor conselleiro: ¿como prevé o Goberno galego desenvolver este acordo histórico? (Aplausos.)



O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Se queremos unha Galicia forte no futuro, temos que ter unha universidade forte no presente, porque do que fagamos hoxe nas aulas universitarias, nas aulas en xeral, vai depender unha parte significativa do noso futuro como país.

E a verdade é que en Galicia temos un sistema que leva algún tempo, moitos anos, funcionando como un auténtico sistema onde as grandes decisións se consensúan, se planifican, se discuten. E non é fácil chegar a acordos, xa que sempre hai diverxencias e plantexamentos diferentes entres as diferentes universidades de Galicia.

A verdade é que neste tema concreto que hoxe nos trae aquí se ten xerado un forte debate nos últimos tempos. É certo tamén que na semana pasada fomos capaces de fixar uns eixos vertebrais que van marcar un acordo para descentralizar a docencia de Medicina en cuarto, quinto e sexto nas tres universidades galegas, tendo unha única facultade, neste caso en Santiago de Compostela, e dúas unidades docentes: unha na Universidade da Coruña e outra na Universidade de Vigo. O luns pasado este plantexamento pasou polo grupo de traballo e foi aceptado e foi aprobado por el.

Aquí realmente eu querría facer unha reflexión respecto ao que supón. Creo que é un acordo que vai posibilitar que gañe Galicia. Non perde ningún; gaña Galicia, porque gaña a formación dos futuros médicos; gaña a capacitación da integración de todos os recursos sanitarios —das infraestruturas, dos equipamentos sanitarios e tamén do persoal sanitario—, nunha docencia de calidade que pretende ser diferente á preexistente, e, en definitiva, gaña Galicia. E, para que gañase Galicia, todos tivemos ou tiveron que ceder. As propias universidades tiveron que ceder nos seus plantexamentos, e tamén a Xunta de Galicia tivo que ceder nalgúns dos aspectos da negociación. Para que gañase Galicia, houbo que partir dunha diverxencia evidente, palpable e coñecida, para buscar un consenso e un acordo co que obviamente ningún está contento ao cen por cento, pero esa é a mellor garantía de que é un bo acordo e de que é un acordo de futuro.

Os eixos principais xa son coñecidos: o cincuenta por cento do profesorado nas unidades docentes, un calendario de aplicación, unha comisión de seguimento, unha vixencia ata o curso 2028-2029 e o mantemento dos institutos de investigación. En definitiva, creo que hai un eixo de traballo que, nestes días, se vai ratificar nos diferentes órganos.

É certo que houbo moito ruído, é certo que tivemos que escoitar de todo e argumentos absolutamente peregrinos. Escoitamos tamén moitos alcaldes. A min preguntoume un día un medio que me parecía a opinión dos alcaldes, dalgúns alcaldes, e eu dicía: bueno, se fose polos alcaldes, teríamos 313 facultades de Medicina. Bueno, é obvio que son argumentos que teñen moi pouco sentido, e o que ten sentido é ter unha docencia que integra o conxunto dos recursos do sistema...



O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...e unha docencia de calidade para o futuro de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica do señor García Comesaña.

JULIO GARCÍA COMESAÑA: Grazas, presidente.

Moitas grazas, señor conselleiro, pola súa claridade na explicación.

Eu creo que hoxe queda máis evidente que nunca que Galicia está facendo o que ten que facer: planificar con rigor —como dicíamos—, cooperar con intelixencia e evitar erros que outros territorios xa cometeron. Hai sitios de España onde hai dúas facultades de Medicina con moi pouca distancia pelexándose polos recursos sanitarios para facer as prácticas. Aquí non é o caso, aquí estamos non multiplicando as facultades, non multiplicando o profesorado, e o que estamos pedindo é que se multipliquen as prazas MIR, iso si que o pedimos. Nós optamos hai moito tempo por ese modelo moito máis sensato: sumar capacidades e non dividir recursos.

O acordo que vostede explicou é serio, é responsable e ten unha virtude que, ás veces, falta neste debate: pensa nos estudantes e fuxe, neste caso, dos localismos. Falaba vostede dos alcaldes que se suman a pedir facultades. ¿Por que non piden unha facultade de Arquitectura —como dicíamos antes— ou unha de Veterinaria ou unha de Farmacia en todas as cidades galegas ou nas tres cidades principais galegas? Non o fan porque saben que están errados. Pois en Medicina tamén o estarían, porque descentralizar o segundo ciclo, crear esas dúas unidades docentes, equilibrar o profesorado e establecer unha comisión de seguimento non son xestos, son feitos concretos que van mellorar sen dúbida o sistema; estamos falando de corenta prazas máis docentes nos nosos hospitais.

E, ademais, hai algo esencial: non crea expectativas falsas, porque abrir máis facultades, sen dúbida, non resolvería a falta de especialistas —xa dicía ao principio—, non resolvería que o INSS puidese contratar máis médicos de traballo, porque, para ter médicos de traballo, hai que facer Medicina e logo a especialidade de Medicina do Traballo. Non impediría tampouco que os estudantes doutras comunidades autónomas ocupasen as prazas que temos en Galicia, e non garantiría por si só máis profesionais do Sergas dentro dunha década. Iso só se consegue con cooperación real e non con titulares.

Polo tanto, señor conselleiro, eu ánimoo a que siga desenvolvendo ese ambicioso plan e que siga cos pasos que seguramente nos vai comentar deseguido.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Pois moitas grazas, señor presidente.

Efectivamente, chegar a este acordo non foi fácil, foi complexo; houbo moitas dificultades e unha gran complexidade, houbo moitísimo oportunismo —un oportunismo creo que absolutamente cuestionable—. E a verdade é que creo que, ao final, temos unha mensaxe positiva, onde concluímos que é moito máis fácil sumar que dividir e onde concluímos que é necesario modernizar, a través da descentralización, a docencia no ámbito médico e integrar o conxunto dos moitos e bos recursos sanitarios que temos en Galicia.

A min gustaríame aquí en sede parlamentaria agradecer e poñer en valor o traballo das tres universidades, dos tres reitores. Eran tres visións diferentes, tres intereses diferentes, tres plantexamentos diferentes, e fomos capaces, para que gañase Galicia, de buscar un punto de encontro, pensando fundamentalmente no interese xeral. E gustaríame, en concreto, agradecer ao reitor da Universidade de Vigo, ao reitor Reigosa, o traballo que fixo liderando un grupo de traballo, creo que con moitísima paciencia, con moitísima firmeza e con moitísima valentía. Nin se deixou dobregar nin se deixou intimidar, cousa que hai que destacar. Foi difícil; había moitas forzas poderosas que impulsaban o desacordo, que alertaban, que buscaban a fractura, que buscaban a desintegración, que buscaban facer a loita cada un pola súa parte. E as tres universidades, coas súas renuncias, coa súa altura de miras e co seu sentido, foron capaces de ceder no que había que ceder para chegar a un acordo. Tamén o reitor da Coruña, da Universidade da Coruña, tivo que reconducir unha postura de máximos, e tamén o reitor de Santiago creo que fixo un grande exercicio de xenerosidade desde a perspectiva universitaria polo ben de Galicia, para que gañase Galicia.

E hai tamén quen cuestionou, quen criticou a autonomía das universidades. Eu creo que lles faltaron ao respecto absolutamente ás universidades, exixíndolles, dicíndolles o que tiñan que facer, non sabendo que hai un principio constitucional que é a autonomía universitaria. Creo que a autonomía universitaria é vital, absolutamente vital, nun país democrático. E non se pode intentar controlar, impoñer ou dicirlles o que teñen que facer por un interese político concreto, por un interese, neste caso, absolutamente partidista concreto.

Tampouco se pode cuestionar o plantexamento que fixeron e que fan a inmensa maioría dos profesionais sanitarios, dos colexios e dos propios hospitais. E algúns agora din que foi a Xunta quen presionou os reitores. Pois non; o conselleiro de Sanidade e eu —que negociamos con eles— en ningún momento presionamos os reitores; tratámoslos sempre co máximo respecto e sempre intentando buscar solucións; nunca xogamos a do «orden y mando», nunca xogamos a ser pequenos reis Sodes, como si se viu nalgún caso. Nós sempre apostamos por sumar, sempre apostamos por mellorar...

O PRESIDENTE: Grazas.



O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...e sempre apostamos por respectar, neste caso, a autonomía universitaria. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta do deputado Secundino Fernández Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a planificación prevista polo Goberno galego para evitar a erosión dos terreos queimados no incendio de Valdeorras e a consecuente contaminación de acuíferos e da auga para a subministración domiciliaria

O PRESIDENTE: Ten a palabra don Secundino Fernández, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Presidente.

Conselleira.

O pasado 14 de agosto en Seadur, Larouco, produciuse un incendio forestal que, debido á nula resposta da Xunta de Galiza, derivou nun incendio de grandes dimensións, o máis grande da historia de Galiza. Foi un lume que provocou graves danos económicos, sociais e ambientais e que queimou preto de corenta mil hectáreas, arrasando ao seu paso montes, pastos, viñas, soutos, explotacións agrogandeiras e infraestruturas públicas, industrias e —o que é máis grave— aldeas e vivendas. A situación orixinada por este incendio mostrou perfectamente o grao de indiferenza e de ineptitude dos dirixentes do PP na Xunta de Galiza; unha desidia de proporcións nunca vistas no noso país.

Van xa máis de tres meses dende ese catastrófico incendio e as súas consecuencias seguen a traer graves problemas para as veciñas e veciños de Valdeorras. Aos inmensos danos directos dos lumes únense agora os problemas causados indirectamente polas choivas nas zonas arrasadas nos montes desta comarca. Un destes graves problemas, o que causa máis prexuízos, máis incomodidades e incluso problemas de orde sanitaria, é a contaminación das augas de consumo. Os arrastres dos montes chegan aos cursos de auga provocando a contaminación das augas de abastecemento humano. Así o están a padecer as veciñas e veciños de Valdeorras, e así o manifestaron alcaldesas e alcaldes nos días pasados.

Conselleira, ¿que fixo a Xunta de Galiza nestes tres meses despois dos incendios? Podemos dicir que pouco ou nada. A Administración da Xunta de Rueda bota balóns fóra para non actuar. Con esta actitude, a Xunta pretende trasladar a responsabilidade aos concellos ou a outras administracións, como pode ser a Administración do Estado. A actitude dos dirixentes da Xunta do Partido Popular parécenos unha negligencia de libro. Parece, polo que dá a sensación, que vostedes non coñecen o Estatuto de autonomía de Galiza.

Conselleira, a propia María Albert, alcaldesa da Rúa, lamenta a soidade que están a sufrir os gobernos municipais, que están a traballar sen axuda doutras administracións para levar a auga potábel á veciñanza. A situación provoca que, dende o pasado 22 de outubro, teñan



restricións no abastecemento de auga domiciliaria provocadas polos arrastres das zonas queimadas. Un mes sen poder garantir adecuadamente a subministración de auga aos domicilios, e o que queda. Non se fixeron os traballos necesarios e agora tampouco se están a levar a cabo as medidas para paliar a situación. Ante este grave problema, conselleira, a pregunta é clara: ¿ten a Xunta de Galiza algún plan contra a erosión das terras queimadas no grave incendio de Valdeorras e contra a contaminación dos cursos de auga e acuíferos e do subministro domiciliario? (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira do Medio Rural, dona María José Gómez Rodríguez.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

En primeiro lugar, gustaríame que non lles falte ao respecto a todos os funcionarios que loitaron corpo a corpo cos incendios e diga que no incendio do Larouco non se actuou. (*Aplausos.*) «A nula resposta», dixo vostede, señor Fernández. (*Aplausos.*) Non lles falte ao respecto, pídollo por favor.

En primeiro lugar, quero tamén deixar claro que a Xunta de Galicia si ten un plan. A Xunta de Galicia está a actuar con planificación e rigor técnico nos traballos de restauración das zonas afectadas polos incendios forestais. Trátase dunha cuestión de alta relevancia ambiental e social, por suposto. E, en canto a aquelas cuestións que plantexa, voulle responder —como non pode ser doutro xeito— no marco das competencias da Consellería do Medio Rural.

Empezarei lembrándolles que xa puxemos en marcha un conxunto de actuacións específicas para previr a erosión e favorecer a recuperación das terras queimadas. A principal medida é a aplicación da técnica do *mulching* ou acolchado —como xa dixen aquí máis veces—, que consiste en cubrir o chan con material vexetal para protexelo da escorredura e da perda de solo, facilitando, ao mesmo tempo, a rexeneración natural da vexetación. E direille que o alcalde de Vilamartín de Valdeorras felicitou a Consellería polas actuacións que se estaban a levar a cabo. (*Aplausos.*)

Estas tarefas non se fan ao azar. Antes de comezar, realizouse un levantamento topográfico detallado, así como a localización e o deseño das parcelas con posibles riscos hidrolóxicos e erosivos. Foi un estudo feito por técnicos e investigadores na materia, tal e como se vén facendo sempre ante estas situacións, e, en función deses resultados, definiuse onde era máis urxente actuar e con que intensidade. Na actualidade, precisamente, estase a intervir sobre todo na provincia de Ourense e, en particular, na comarca de Valdeorras, unha das zonas máis sensibles á erosión. Ademais, tamén se están a desenvolver outras actuacións en colaboración cos concellos, e o traballo lévase a cabo mediante dúas modalidades: o *helimulching*, que consiste en esparcir esa palla dende o aire, e tamén o *mulching* manual, naquelas zonas que permiten facelo, realizado por brigadas especializadas. E quero aproveitar para recoñecer o labor deses profesionais que están a desenvolver actualmente esas tarefas de



recuperación e cuxo rigor e compromiso resultan imprescindibles para garantir a protección do solo e avanzar con seguridade na restauración das zonas afectadas.

Cómpre destacar tamén a dilixencia coa que a Xunta de Galicia está a responder, activando de inmediato os medios necesarios e coordinando actuacións que combinan eficacia, planificación...

O PRESIDENTE: Grazas.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): ...e criterio científico. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Réplica do señor Fernández Fernández

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Conselleira, uns datos. Na Rúa, arderon 2.900 hectáreas, que representan o oitenta por cento da superficie do concello; en Vilamartín de Valdeorras, 7.300 hectáreas, que representan o oitenta por cento do termo municipal; en Petín, 2.200 hectáreas, que representan máis do setenta por cento da superficie municipal. E non queren actuar. *(Aplausos.)* Quero lembrarlle que a Xunta do Partido Popular, nunha actuación totalmente rexeitable e miserable, tampouco quixo actuar na extinción do lume do vertedoiro da Rúa. Agora seguen o mesmo patrón coa contaminación das augas.

Conselleira, pregunteille se coñecía o Estatuto de autonomía, pois o artigo 27.10 di textualmente: «Correspóndelle á Comunidade Autónoma Galega a competencia exclusiva —exclusiva— en montes, aproveitamentos forestais, vías pecuarias e pastos». ¡Isto é o que di o Estatuto de Galicia, non o digo eu! E vai vostede e pretende trasladarlles a responsabilidade de toda esta grave desfeita aos concellos e a outras administracións.

Conselleira, segundo vostede, parece que o monte non ardeu, parece que arderon os ríos e os regatos e que esta contaminación que padecen non é debida aos arrastres, parece que nace na auga. Parece que nos trata de parvos. Non trate de parvos as veciñas e veciños de Valdeorras.

Mentres os servizos de augas municipais están a traballar día e noite para poder levar a auga potable á veciñanza, ¿a Xunta de Rueda que fai, conselleira, que fai? Non fai nada, non presta a mínima colaboración, castiga a poboación, non aporta absolutamente nada para resolver un problema de saúde pública. Vostedes, a Xunta do Partido Popular, queren castigar Valdeorras. A Xunta de Rueda estase a converter nun goberno rancoroso, nun goberno miserable, *(Murmurios.)* nun goberno que utiliza a veciñanza como reféns, nun goberno que loita contra o Goberno estatal utilizando as veciñas e veciños de Valdeorras.

A verdade é que estamos ante un goberno...

O PRESIDENTE: Grazas, grazas.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...que dá noxo, conselleira. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.



Para o peche da pregunta, a conselleira do Medio Rural.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Grazas de novo, presidente.

Ten vostede dous problemas, señor Fernández. O primeiro, que mente, e o segundo, que non escoita, porque non escoitou nada do que dixen na primeira intervención. (*Aplausos.*)

E outra cousa. Pídlle, por favor, que deixe de desprestixiar os profesionais da Consellería do Medio Rural. Vólvollo pedir, e creo que non debería ter que facelo nunca máis.

Mire, as accións de restauración non se limitan ao control da erosión soamente. En paralelo, a Consellería do Medio Rural tamén está a desenvolver traballos de reparación das pistas danadas, incluíndo as cunetas e as obras de paso. Estas melloras permiten a mellor evacuación das augas e evitan que as choivas poidan agravar os danos da erosión nas ladeiras. Outra liña de actuación na que está traballando a Consellería do Medio Rural no que é a nosa competencia —e si as coñezo, señor Fernández— é a retirada de madeira queimada dos montes de xestión pública, porque, con esa medida, evítanse riscos fitosanitarios e favorécese un aproveitamento ordenado dos recursos forestais, asegurando a recuperación do monte dun xeito sostible.

Cómpre destacar, igualmente, o esforzo económico realizado pola Consellería, que leva aprobados ata hoxe axudas por valor de 3,7 millóns de euros para explotacións agrícolas, gandeiras e forestais afectadas polos incendios. Son axudas que poden chegar ata os 200.000 euros por beneficiario; un apoio que contrasta coa resposta ben limitada e escasa do Goberno central. E, ademais, a Xunta asinou convenios con 46 concellos —solicitados polos ditos concellos, vaia por diante—, cun investimento de 5 millóns de euros para reparar infraestruturas municipais, incluídas as que afectan o subministro domiciliario de auga.

Xa ven que o compromiso deste Goberno non pode ser máis firme e que todos os recursos humanos e materiais dos que dispoñemos están á disposición das áreas afectadas polos incendios deste verán. Cremos que a recuperación debe acometerse cun enfoque integral e que involucre de maneira transversal o conxunto das consellarías da Xunta de Galicia. O Goberno galego está a aplicar unha política de man tendida, traballando cóbado con cóbado cos veciños e cos concellos e mantendo unha escoita activa das súas necesidades e preocupacións. Exemplos claros son as xuntanzas que levamos mantido con eles.

E voulle preguntar unha cousa: ¿sabe vostede quen ten naquela zona a competencia en augas? Parece que non. Pois voullo dicir eu. ¿Exixíronlles vostedes á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e á do Douro o mesmo que están exixindo á Xunta de Galicia, que está traballando? Paréceme que non. E voulles dicir máis: a Confederación Hidrográfica do Douro pon en marcha actuacións de restauración hidrolóxico-forestais nas zonas afectadas polos incendios da provincia de León; 5 millóns de euros do Miteco, que comezaron o pasado 20 de outubro...

O PRESIDENTE: Grazas, grazas.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): ...e que inclúen *mulching* e retirada de madeira queimada. (*Aplausos.*)



O PRESIDENTE: Grazas.

Retomamos a orde do día.

Interpelación da deputada Olalla Rodil Fernández e do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o exercicio da función inspectora da Xunta de Galicia en materia de servizos sociais

O PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Benvinda a conselleira de Política Social, e grazas ás representantes da plataforma «Emerxencia, Dependencia» que quixeron seguir dende esta Cámara a interpelación que traemos hoxe desde o Bloque Nacionalista Galego a respecto dos atrancos e dos impedimentos que está a poñer o Goberno do Partido Popular, a súa Consellería, desde a Xunta de Galiza, para que poidamos acceder a información pública, información relevante e necesaria, especialmente a respecto dos informes e actas de Inspección. E eu creo que hai unha idea que é importante en todo isto, e é que quen non quere que se saiba é que probablemente teña algo que esconder.

Miren, despois da pandemia da covid, estiveron vostedes ocultando o número de persoas que faleceran en cada unha das residencias de maiores, centro por centro en Galicia, durante dous anos. Tivo que ser unha sentenza e unha orde do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia quen nos permitise acceder ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, pero tamén a medios de comunicación deste país, a información relevante sobre cantas persoas faleceran en cada unha das residencias públicas e privadas de Galiza. Fixeron todo o que estivo na súa man, o posible e o imposible, señora García, acompañados inestimablemente polo principal grupo que controla unha parte fundamental das prazas de residencias do noso país, como foi DomusVi, para impedir que se soubese que máis da metade das persoas —o 53 por cento das persoas— que faleceron na primeira onda da pandemia, nos primeiros meses da covid, vivían en residencias privadas ou privatizadas no noso país.

Impedíronnos acceder aos expedientes sancionadores que se abriran ás residencias de DomusVi durante a covid-19, ata que ameazamos desde o noso grupo parlamentario con acudir á xustiza para exercer non só o noso dereito parlamentario, senón, sobre todo, a nosa obriga como representantes públicos deste país. Só nos permitiron vostedes velos despois de obrigarnos a asinar ao meu compañeiro Iago Tabarés e mais a min unha chantaxe que impedía que fixésemos públicos os datos contidos neses expedientes. Todo para que a sociedade galega non soubese que se incumpren de maneira reiterada as *ratio* de persoal, que hai traballadores prestando servizo nas residencias de maiores sen titulación ou que hai persoas sometidas a suxeicións físicas de maneira ilegal. E o que vimos naquela consulta de expedientes é unha minimísima parte de todo o que hai.



Conselleira, o seu goberno aínda continúa vetando información a este Parlamento sobre os centros de servizos sociais que foron inspeccionados nos últimos cinco anos e sobre as sancións que se impuxeron, malia que as denuncias por irregularidades, por anomalías nos centros de servizos sociais non deixan de medrar. Eu teño que acudir a fontes dos medios de comunicación deste país porque vostedes, datos a esta Cámara, a este Parlamento, non mandan ningún. Con datos de 2023, que é o único que hai publicado, as denuncias por anomalías en centros de día, gardarías ou residencias atópanse en máximos históricos. Insisto, son datos da prensa, porque a este Parlamento non se remiten.

É máis, ocultan información incumprindo a súa propia lei, porque estamos hoxe a 19 de novembro, e, se a min non me falta a memoria, está sen publicar no *Diario Oficial de Galicia* —con data, insisto, de 19 de novembro— o Plan de inspección de servizos sociais correspondentes ao ano 2025, a pesar de que é unha obriga legal establecida no artigo 42 do Decreto 254/2011.

Nos últimos anos, señora García, impediron unha e outra vez o acceso aos informes e ás actas de Inspección en cada unha das residencias en que se detectaron irregularidades. Aínda hoxe, continúan ocultando a esta Cámara os informes e actas da Inspección correspondentes ás residencias de maiores pechadas no pasado mes de outubro en Amoeiro e Xinzo de Limia. ¿Que poñían os informes da Inspección que visitaron a residencia de Amoeiro o 8 de setembro, un mes antes de que se ordenase o peche desa residencia, señora García? Levamos máis dun mes —mes e medio— agardando a que se responda esta pregunta. ¿Que viron os servizos de Inspección da Consellería de Política Social en Amoeiro cando asistiron, cando inspeccionaron esa residencia un mes antes de que fose ordenado o seu peche? ¿Non rexistraron eses inspectores de Política Social ningunha irregularidade, e, apenas unhas semanas máis tarde, descubrimos con absoluto escándalo que as persoas que residían en Amoeiro vivían en condicións deplorables? ¡Tan deplorables que se decretou o peche desa residencia!

Había anciáns desnutridos, que tiñan como dieta habitual leite con patacas, que levaban nalgúns casos máis dunha semana sen bañarse e un ano sen cortar o pelo, con uñas sucias, torcidas e rotas. Este centro leva acumulando irregularidades e denuncias durante anos. ¿Por que se impide acceder á Cámara, ao Parlamento de Galicia, ao conxunto da sociedade polo tanto deste país aos actos de Inspección de Política Social levados a cabo —insisto— o 8 de setembro, un mes antes de que se decretase o peche, por orde, entre outras, da Consellería de Política Social e de Inspección de Traballo? ¿Non había nada?, ¿estaba todo ben? ¿Que se tapa?, ¿que se oculta vetándolle información relevante e pública a este Parlamento, señora García? ¿Que, malia as condicións nas que se atopaba, a Xunta non fixo nada?, ¿que se non entra Inspección de Traballo seguiría funcionando a residencia de Amoeiro? (*Aplausos.*)

Eu pídolle que suba aquí e responda, porque —insisto— levamos máis dun mes esperando que alguén diga algo e, sobre todo, que asuma responsabilidades por un feito gravísimo, como é que neste país poidan darse situacións como as que vivimos na residencia de Amoeiro ou de Xinzo de Limia.

¿Como é posible? É a pregunta que nos facemos moitísimas persoas neste país. ¿Como é posible que, en menos dun mes, se pechen dúas residencias de maiores polas condicións inhumanas nas que se atopan as persoas usuarias destes centros, e que aquí non pase nada?



Nada. ¡Que se siga sen publicar —insisto— no *Diario Oficial de Galicia* o Plan de inspección de servizos sociais obrigado por normativa, por lei, como é neste caso! ¿Como é posible que en 2025 haxa xente neste país á que non lle dean de comer e que non estea aseada en centros que a súa consellaría ten a obriga de fiscalizar, e que ninguén asuma ningunha responsabilidade? ¿Canto importa ao Goberno deste país as condicións nas que se atopan as persoas usuarias das residencias?

Mire, conselleira, hai unha semana, as traballadoras da residencia DomusVi de Monforte que se puxeron en contacto co Grupo Parlamentario do BNG e traballadoras do Sergas que asistiron usuarias deste centro, denunciaban as malas condicións nas que se atopaban como traballadoras e, por conseguinte, as persoas usuarias dese centro, e que tiveran que acudir para asistir unha persoa que estaba afectada por sarna. Xa houbera casos no ano 2022, como reflicte non só a prensa, senón tamén documentación que obra neste Parlamento. Hai falta de persoal, hai tres persoas auxiliares na quenda de noite para atender 180 persoas —como temos denunciado tantas veces desde o Bloque Nacionalista Galego nesta Cámara—, entre outras cousas, porque a orde de hai máis de trinta anos que regula as *ratio* de persoal nin sequera obriga a que haxa unhas *ratio* mínimas nas quendas de noite. Hai carencias tamén de hixiene das persoas usuarias e do propio centro.

¿E que fai a Xunta de Galiza cando o BNG trae esta cuestión e se preocupa pola situación que hai nun centro de servizos sociais? Eu quero lembrar que a DomusVi de Monforte foi construída con cartos públicos e logo privatizada, hai anos. Daquela aínda existían entidades que hoxe xa desapareceron e acabaron absorbidas por ese gran grupo de investimento —ou eses grandes grupos de investimento—, que é DomusVi. ¿Que fai a Xunta de Galiza cando o Bloque Nacionalista Galego trae esta cuestión, como foi formulada na Comisión 5ª, na pasada semana, polo meu compañeiro Iago Suárez? Calar e difamar. Calar, primeiro, non dando resposta nin sequera ás preguntas que se lle formulaban. Tal é a irresponsabilidade —se me permiten—, o escurantismo e a ocultación de información que, se repasan vostedes a intervención da directora xeral, jé que non menciona nin unha soa vez o centro polo que se lle pregunta!, (*Aplausos.*) nin sequera responde unha soa vez pola residencia de Monforte. Pero logo veñen aquí intentando difamar a quen traballamos e cumprimos coa responsabilidade que nos deron as galegas e os galegos de fiscalizar o labor de goberno da Xunta de Galiza.

Eu fágolle dúas preguntas moi claras, señora conselleira: ¿que é o que intentan ocultar vetando e impedindo que accedemos á información pública neste Parlamento? E, sobre todo, ¿que lle deben a empresas como DomusVi para levar tantos anos tapando e parapetando as súas irregularidades.

De momento, máis nada. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García Martínez.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Moitas grazas, presidente.



Deputadas e deputados, moi bos días.

Señora Rodil, a inspección dos servizos sociais é unha das competencias máis importantes da Consellería de Política Social e Igualdade. Mire, é un pilar fundamental para asegurar ao cen por cento que a atención que se ofrece a todas as persoas máis vulnerables desta comunidade se presta sempre con calidade, con plenas garantías, pero, por suposto, tamén con total respecto aos seus dereitos.

Mire, estou falando de procedementos moi estritos que permiten comprobar cada día o cumprimento da normativa vixente pero tamén detectar cada día oportunidades de mellora que reforcen, que blinden sempre ao máximo os servizos sociais de Galicia. Por iso, o labor que desenvolven día a día os inspectores da Xunta de Galicia é totalmente imprescindible. É un labor que quero hoxe aproveitar para recoñecer, para agradecer, para defender nesta Cámara e dende esta tribuna. É un traballo que —como vostede ben sabe— é complexo, é exigente e é un traballo de grande responsabilidade, pero, ademais, é o garante da atención dos ámbitos máis vulnerables da nosa sociedade todos os días do ano. É un labor, señora Rodil, que nos permite seguir respondendo sempre á confianza dos usuarios, á confianza das familias, sobre todo a esa confianza que teñen nos servizos sociais de Galicia.

Pero o certo é que levan vostedes anos, moitos anos, tratando de poñer en cuestión un servizo público que é fundamental e que sustenta a calidade dos centros, das actividades das que fan uso moitísimas persoas da nosa comunidade, pero, sobre todo, moitísimas persoas de todas as franxas de idade, polo que considero, señora deputada, que é unha irresponsabilidade maiúscula tentar desacreditar, unha vez máis, o Servizo de Inspección da Xunta de Galicia. E é unha irresponsabilidade, señora Rodil, porque está xerando vostede inseguridade aos usuarios dos centros, inseguridade a todas as familias, e, sobre todo, porque está poñendo vostede indirectamente en cuestión a profesionalidade de quen traballa neste Servizo de Inspección, e, sobre todo, a profesionalidade do persoal que traballa nos servizos sociais de Galicia. Está vostede poñendo, señora deputada, en cuestión, unha vez máis, o labor da Inspección da Xunta de Galicia.

Mire, pídeme vostede na súa interpelación os datos da Inspección ata o ano 2023. Eu quero lembrarlle que estas cifras xa lle foron subministradas ao Bloque Nacionalista Galego a través da solicitude de datos en xuño do ano 2024. Pero, mire, tendo en conta todo isto, eu voulle dar datos máis actualizados, se quere vostede, que corresponden, ademais, co último exercicio pechado. Deste xeito, eu podo dicirlle que, grazas ao celo co que desempeñan a súa función todos estes funcionarios da Xunta de Galicia, no ano 2024 superamos as dúas mil visitas de Inspección, que derivaron na apertura de decenas de expedientes, 88 expedientes resoltos en concreto. Son menos dos que lle gustaría a vostede, estou segura —nos últimos anos xa demostraron o pésimo e inxustificado concepto que teñen dos servizos sociais de Galicia—, e seguro que son máis dos que lles gustaría aos centros que non fan ben o seu labor, que, por certo, son unha minoría na nosa comunidade.

Mire, señora deputada, nestas inspeccións, priorízanse os centros e os programas que reciben queixas e que reciben denuncias, e reciben tamén priorización todos os expedientes e todos os centros que foron sancionados anteriormente, ademais dos que se inspeccionan



por razóns puntuais. Mire, esta relación de visitas elabórase e válidase dentro do propio equipo de Inspección da Xunta de Galicia, sen coñecemento e sen inxerencias externas, como é algo normal e habitual. E, se o persoal da Inspección da Xunta de Galicia atopa algún tipo de situación que poña en risco, por mínimo que sexa, o benestar das persoas maiores, a Xunta de Galicia procede de forma inmediata a pechar todos eses centros. E vostede sábeo moi ben, porque o fixemos con esas vivendas comunitarias de Amoeiro e de San Gabriel, en Xinzo de Limia, que, como vostede sabe, son ambas de titularidade privada.

Polo tanto, estes peches, señores deputados, son a mellor demostración de que a Xunta de Galicia vela por todos e cada un dos usuarios dos centros de maiores, pero tamén demostran dúas cousas moi claras: que actuamos con contundencia, con profesionalidade e con rigor, e que nunca nos vai a tremer a man.

Polo tanto, señora Rodil, teña vostede moi claro que a Xunta de Galicia vai continuar actuando sempre con firmeza e dándolles sempre esa resposta inmediata que necesitan todas as persoas maiores da nosa comunidade. Especialmente, ímolo facer ante calquera situación que poida poñer en risco o benestar de todas as persoas usuarias dos distintos centros dos servizos sociais da nosa comunidade. E imos continuar actuando como ata agora, con contundencia, con inmediatez, cando sexa necesario garantir a atención de máxima calidade a todas as persoas maiores.

Pero tamén, señora Rodil, pediríalle que, pola súa banda, deixase de lanzar cada día falsidades sobre o Servizo de Inspección da Xunta de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Rodil,

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señora García, dicíame: xa lles mandamos os datos. Eu voules dar lectura de que foi o que solicitou o grupo parlamentario do BNG: número de centros inspeccionados nos últimos cinco anos e nome dos mesmos; ano no que se levaron a cabo as inspeccións; expedientes sancionadores incoados, indicando o nome do centro e a razón pola que se motiva o expediente, e sancións impostas naqueles casos en que corresponda. Vou dar lectura —non leva moito tempo— do que se nos remite: «O Servizo de Inspección de Política Social inspeccionou preto de seis mil servizos sociais nos últimos cinco anos. Froito desas inspeccións, constatáronse un total de 476 expedientes sancionadores firmes en vía administrativa. Os incumprimentos detectados refírense maioritariamente a incumprimentos formais, a deficiencias nas instalacións e aos relativos ás *ratio* de persoal». Para máis información, entra no Google. ¿Isto é a transparencia e isto é a información que remite ao Parlamento de Galiza a respecto da situación na que se atopan as persoas que son usuarias en centros de servizos sociais en Galiza?, (*Aplausos.*) ¿isto é responder? Como para non traer a interpelación aquí co que está pasando, señora García.



¿E sabe o que lle crea inseguridade á xente deste país, ás persoas usuarias, ás familiares de usuarias de residencias ou de calquera centro ou servizo social neste país? Ver como se pecha unha residencia porque hai persoas que están desatendidas, que non lavan, ás que non lles dan de comer e que teñen sen cortar o pelo e as uñas durante máis dun ano. ¡Iso é o que xera inseguridade! (Aplausos.) E aínda dá máis inseguridade saber que un mes antes de que entrase a Inspección de Traballo en Amoeiro foron os inspectores de Política Social, e vos- tedes continúan sen dar unha soa explicación de por que non se decretou antes o peche.

¿Que viron? Eu vólvolle facer a mesma pregunta. Levamos un mes e medio intentando que alguén, a máxima responsable en Política Social, explique na Cámara de todas as galegas e galegos que é o que pasaba. ¿Que din os informes e actas de Inspección na visita de Amoeiro do 8 de setembro? ¿Por que non se remite? Se fan todo tan ben, se está todo estupendamente, se isto é un contubernio independentista-nacionalista contra todo o mundo, ¿por que non se remiten os informes e actas de Inspección para clarificar todo negro sobre branco? Eu non teño interese ningún en que lle abran expedientes sancionadores a ningunha empresa; jeu o que estou defendendo aquí —e o Bloque Nacionalista Galego— é que se respecten os dereitos fundamentais das persoas usuarias (Aplausos.) de calquera centro público, privado ou medio pensionista neste país! Porque non estamos falando de botar piche nunha carretera. Estamos falando da garantía, do dereito fundamental de persoas que, en moitos casos, son extremadamente vulnerables polo grao de dependencia que teñen. ¿Que intentan ocultar? ¿Por que se impide o acceso á información pública? ¿Por que non se responde a respecto das actuacións que levou a cabo en Amoeiro, en Xinzo de Limia ou na DomusVi de Monforte?

Aquí onte —vostede non o fixo; non sei se usará a última quenda, porque somos todos moi valentes pero as acusacións gardámolas sempre para a última intervención cando xa non hai capacidade para dar réplica— tivemos que escoitar como se acusaba o Bloque Nacionalista Galego de mentir a respecto do que acontecía na DomusVi de Monforte, e, para non estar pasando nada, ao día seguinte mandaron os Servizos de Inspección. Pero é que, como levamos anos traballando na defensa dos dereitos das persoas dependentes dende o Bloque Nacionalista Galego, na defensa dun modelo de residencias digno, xusto e á altura do que necesitan as galegas e os galegos, eu teño a documentación —máis que documentación, os tres datos— que mandou a Consellería de Política Social cando xa había irregularidades na DomusVi de Monforte.

Na lexislatura de 2021, eu mesma requirín información á Consellería de Política Social, porque esta residencia leva acumulando denuncias de familiares, denuncias das traballadoras e irregularidades desde hai anos; unha máis a que denunciou o meu compañeiro Iago Suárez na semana pasada. A DomusVi de Monforte, no 2019, tiña dúas denuncias que presentaron familiares de usuarias; no 2023, denuncias presentadas tamén por familiares de usuarios, e no 2021, que é o último dato que se remitiu a esta Cámara —négannos as actas e os informes de Inspección das últimas realizadas—, foron presentadas tres reclamacións por tres familiares de persoas usuarias, que denunciaban as condicións nas que se atopaban o persoal traballador e as súas familias. Iniciouse mesmo un expediente sancionador por incumprimentos que non dan conta de cales foron. O Bloque Nacionalista Galego non mente; fai o seu traballo, que é velar pola garantía dos dereitos fundamentais das persoas usuarias na DomusVi de Monforte ou en calquera centro de servizos sociais, público ou privado, que exista neste país.



Eu volvo facerlles a mesma pregunta: ¿por que protexen, por que parapetan os incumprimentos reiterados por parte de grupos empresariais que converteron as condicións de vida das persoas dependentes e maiores do noso país nun lucrativo nicho de negocio?

E a última cuestión: eu non lle penso permitir que diga que desacreditamos o labor dos Servizos de Inspección. Non llo penso permitir e menos sabendo que, cando os inspectores de Política Social denunciaron que se preavisaba os centros residenciais de que ían ser inspeccionados en vez de perseguir a quen filtraba a información, que é confidencial, vostedes abriron un expediente sancionador contra quen denunciaba. *(Aplausos.)* ¡Iso si que desacredita os Servizos de Inspección, señora García! *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da Interpelación, a conselleira de Política Social e Igualdade.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Grazas, presidente.

Señora Rodil, eu insisto, o Servizo de Inspección é imprescindible —recoñézoo— para o bo funcionamento de todos os servizos sociais de Galicia. Pero, ademais, o Servizo de Inspección da Xunta de Galicia é o garante, a través da vixilancia do cumprimento da normativa, de que os servizos, en áreas como a infancia ou as persoas maiores, se presten sempre dun xeito seguro, pero, sobre todo, atendendo correctamente as necesidades de todas as persoas usuarias. E así é percibido pola sociedade galega, que debe ter sempre a tranquilidade de que os servizos tan esenciais sexan prestados sempre con todas as garantías. Por iso, eu hoxe nesta Cámara quero volver defender o máximo rigor co que actúan os técnicos da Inspección da Xunta de Galicia. É un labor que é imprescindible e que no ano 2024 permitiu realizar máis de dúas mil visitas de Inspección —como así se lle comunicou a vostede, señora Rodil—. Pero é que, ademais, dende o período de 2019-2024, suman máis de nove mil visitas de Inspección e 430 expedientes resoltos.

Señora Rodil, j estamos fartos! Estamos fartos de que o Bloque Nacionalista Galego queira ser xuíz e queira ser parte en todas as cuestións da nosa comunidade. Mire, vostedes son xuíces, xa que queren condenar antes de que haxa probas e antes de que se actúe ante a propia Xustiza. Vostedes tamén son agora, dende o Bloque Nacionalista Galego, inspectores; e vostedes non respectan o traballo dos técnicos da Xunta de Galicia, vostedes non respectan o traballo dos funcionarios e do corpo de Inspección da Consellería de Política Social, señora Rodil. *(Aplausos.)*

Vostedes son xuíces, vostedes son inspectores, vostedes tamén son médicos. Si, son médicos, porque na semana pasada un deputado do Bloque Nacionalista Galego —licenciado en xornalismo, se non me equivoco— declarou pola súa conta un brote de sarna na residencia de Monforte. Vostedes son xuíces, inspectores, médicos e tamén son nutricionistas. Vostedes poñen en dúbida os menús equilibrados que se dan nesa residencia. Mire, eu teño aquí todos os menús que se dan nesa residencia de Monforte, *(A conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García Martínez, amosa un documento.)* por se a vostedes lles interesa e por se vostedes



os queren ver. Vostedes alentan a desinformación, (*Murmurios.*) alentan o medo, dicíndolles a moitas familias (*Murmurios.*) que as súas persoas maiores que viven nesa residencia comen natillas con patacas. Tivo que saír a propia dirección do centro de Monforte a desmentir todas e cada unha das palabras do deputado do Bloque Nacionalista Galego, porque non hai nin brote, nin hai sarna, nin hai falta de inspección, nin hai comidas estrañas, señora deputada. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Pero non soamente saíu a dirección do centro; tamén tiveron que saír as propias traballadoras da residencia lamentando que o Bloque Nacionalista Galego puxese en dúbida, unha vez máis, a súa profesionalidade e a súa calidade humana. Polo tanto, señora Rodil, déixelle á xente facer, por unha vez, o seu traballo; déixelles aos inspectores exercer o seu labor; déixelles aos médicos determinar se hai brotes de algo ou non os hai, e déixelles aos nutricionistas velar polo que comen as persoas maiores dos distintos centros residenciais da nosa comunidade. (*Aplausos.*) Deixe de xerar medo, deixen de xerar intranquilidade, pero, sobre todo, nunca xoguen, dende o Bloque Nacionalista Galego, coa tranquilidade das familias e, sobre todo, das persoas usuarias, porque, miren, non todo vale, señora deputada.

Dende a Consellería de Política Social e Igualdade, sen dúbida algunha, imos continuar velando sempre polo benestar das persoas maiores, pero, sobre todo, imos continuar velando sempre por mellorar os servizos sociais de Galicia. Déixenlle traballar ao Servizo de Inspección, pero, sobre todo, déanlle dunha vez por todas tranquilidade a todas as familias e a todas as persoas maiores da nosa comunidade. Non continúen xerando medo entre as familias e os maiores.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Interpelación das deputadas María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as estratexias previstas polo Goberno galego para reducir as listaxes de agarda sanitarias, especialmente en consultas, cirurxía e probas diagnósticas

O PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Espinosa.

MARIA ELENA ESPINOSA MANGANA: Bos días, presidente.

Bos días a todas e a todos.

Bos días, conselleiro.

Eu estou convencida do que está a pensar vostede: que aquí estamos de novo co tema das listas de espera, ¡se aínda me preguntaron no último pleno! Seguro, seguro que está pensando iso. Pois xa lle respondo. Queremos darlle, señor conselleiro, outra oportunidade para ver se responde, polo menos, cunha medida para rebaixar as listas de espera, porque no pasado pleno non nos deu nin a primeira; limitouse a dar un batiburrillo de datos. É máis —tamén vou seguir pensando o que vostede pensa—, seguro que está no seu interior pensando: non podían interpelarme —póñome na súa pel— en peor momento, porque parece que non se decataron



das últimas publicacións dos datos do Ministerio de Sanidade. E decatámonos, pero tamén llos vou explicar.

O motivo real de traer hoxe esta iniciativa —ademais do que lle dixen— é que Galicia se enfronta a un dos retos máis importantes en materia de sanidade que afectan o sostemento do sistema, pero tamén o colapso en que se atopa a asistencia sanitaria. Repítolle —dixémosllo moitas veces— que, para nós, os principais problemas son a Atención Primaria, a redución de listas de espera e a saúde mental. Teremos ocasión noutros días de falar de todos estes temas, que, ao final, son elos da mesma cadea, pero hoxe queremos centrarnos nas listas de espera de consultas especializadas, de cirurxías e de probas diagnósticas.

Vostede no pasado pleno dixo que progresan e melloran. Si, progresan negativamente e melloran en cantidade, aumentando o número de persoas que esperan. (*Aplausos.*) E dixo que son transparentes; voulle dar varios exemplos para que vexa que non o son.

Dixo tamén que queríamos a fin do mundo da sanidade pública galega, pero olvídase de que un pai ou unha nai quere moito a un fillo ou unha filla, e a Lei xeral de sanidade é filla dun socialista, de Ernest Lluch. (*Aplausos.*)

Pero, se a Xunta non cambia, será o PP quen leve a sanidade pública máis alá do fin do mundo, usando as súas mesmas palabras. Porque estamos a falar de máis de trescentas sesenta mil persoas —segundo o propio Sergas— que, no 30 de xuño deste ano, estaban á espera de ser atendidos. E quero chamar a atención sobre a dimensión do que estamos a falar. É máis dun trece por cento da poboación galega, pero voullo facer, señor conselleiro, máis visible. As persoas que esperan son máis que toda a poboación das cidades de Lugo, Ourense, Pontevedra e Ferrol xuntas; a ver se así se dá conta do que estamos falando. E lévolle a que pense cal sería a súa reacción se, de súpeto, todas esas persoas se plantasen diante de vostede fisicamente e lle exixisen unha resposta. Se cadra, veríase amedrentado ou mesmo aterrozado. Pois creo que o que debe pensar para exercer ben a súa responsabilidade política é que non fai falta que teña as persoas diante; pense no malestar que poden ter, na angustia que lles xera a enfermidade, na falta de diagnóstico, na inseguridade deles pero tamén dos seus familiares e na cronificación posible da enfermidade. ¿É consciente desta realidade?

Desde o Grupo Socialista, exiximos respostas serias. Non nos veña con demagoxias, con alarmas, con lameiras, porque, se quere, use os datos que aparecen na memoria da valedora. Son Sanidade e Política Social as consellarías que acaparan a maior parte das reclamacións da Xunta, e, en concreto, as que se refiren ás listas de espera en sanidade. A valedora concreta que son tanto en intervencións cirúrxicas como en consultas para a realización de probas, e cita servizos como rehabilitación, oftalmoloxía, traumatoloxía, tomografía axial, resonancias, oncoloxía de Santiago etcétera, etcétera. Isto ademais das derivacións —das que tamén fala— do Sergas a centros concertados. ¿Son tamén, polo tanto, demagogos e alarmistas os que acoden a valedora?, ¿ou é demagogo que a valedora lle indique á Consellería que os tempos teñen que ser razoables e que se avance na procura de fórmulas? ¡E avánzalles máis! Dilles que permitan asignar un tempo máximo de espera a aqueles enfermos que rexeiten a opción de operarse nun centro concertado. Díllelo a valedora, non llelo di o Partido Socialista.



Son necesarias solucións no curto, medio e longo prazo para garantir unha atención de calidade e sostible da rede pública. E é vostede, señor conselleiro, quen as ten que pór encima da mesa, porque son vostedes quen están gobernando. E non nos valen declaracións grandilocuentes, como que Galicia ten un dos mellores sistemas de saúde do mundo —que o temos grazas aos profesionais—, e dóennos moito tamén, como Grupo Socialista, as súas declaracións cando di —abro comiñas—: «Hai médicos que non queren ver pacientes» —pecho comiñas—, de forma que parece xeneralizar esta situación. Sinceramente parécenos unha falta de respecto aos profesionais e é inaceptable por quen ostenta unha responsabilidade pública como a súa.

¿E como cualifica vostede que non se cumpran as promesas do presidente da Xunta de Galicia cando propuxo a principios do ano 2023 que ía reducir as listas de espera a cifras prepandemia? 54 días de media para unha operación e 41 días de media para unha consulta especializada de hospital. Pasaron máis de dous anos daquela promesa de Rueda; estamos con 17 días máis de espera en ambos os casos. E non fai falta pensar para que a lóxica se cumpra: a máis tempo, máis pacientes esperando. ¿Pediú desculpas o señor Rueda? Non. Son promesas incumpridas, como outras tantas, pero o ámbito sanitario parécenos moi grave. O que fixeron foi cambiar o discurso sen explicación ningunha. Pasaron a falar de que o importante era atender en función das prioridades e que as demoras non afectasen aos resultados en saúde. ¡Pois tampouco cumpriron! As prioridades aumentaron, e agora... (*O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, non diga que non, porque, entón, os datos que publican son falsos. ¡Aínda por riba xa os publican mal!

Pero mire, agora voulle falar de transparencia. Sabe que as listas non son reais, que ocultan información. Non lle dea á cabeza, porque mire —autorizada por unha paciente— (*A deputada María Elena Espinosa Mangana amosa un documento.*): cita solicitada polo médico de Atención Primaria no mes de maio e ata o 12 deste mes non apareceu nas listas de espera. ¿Cando lle dan a cita presencial? Non sei se pode ler, señor conselleiro: 13 de outubro do ano 2026. Esta é unha realidade de hai uns días, real, que se ve perfectamente que é unha captura de pantalla do servizo informático do Sergas. ¡Pero vou ás listaxes do Sergas para ver esta especialidade, e dáme para este concreto centro hospitalario 39,9 días! Pero, se queren voume, á media da área —vou ser boa—, e pónome en 50,6 días. Voulle dicir como enganan e menten. Esta persoa tardou 6 meses en aparecer nunha lista de espera, fronte aos 50 días nos que di que ten que ser atendida. Entre o que ten que esperar máis o que esperou estamos falando de 11 meses máis 6, que dan 17 meses, fronte a 50 días. Esa é a realidade.

Pero mire, a xente cansa e acode aos medios de comunicación, e aquí lle traio unha noticia (*A deputada María Elena Espinosa Mangana amosa un documento.*) tamén recente —é do día 12 deste mes—: unha paciente que denuncia máis de seiscentos días de espera para unha cirurxía. Esta é a realidade do día a día, e non son feitos illados. Por iso, eu pídolle que non fale dos datos do Ministerio, porque os datos que vostedes envían son falsos, trampéanos. (*Aplausos.*) Polo tanto, o Ministerio o único que fai é publicar os datos que lles dan. Isto sábeno os pacientes, sábeno os profesionais e sábéo o Sergas. E se me di que non —que me está dicindo que non coa cabeza—, doulle unha explicación que ao mellor é a verdade: ¡ao mellor equivocáronse ao pór a coma, e, en vez de ser 69,3 días, son 693 días! En todos os sitios se equivocan pondo mal a coma, e así empézannos a cadrar as cousas.



Polo tanto necesitamos transparencia, porque sen transparencia porque sen transparencia é imposible facer comparación con outras comunidades autónomas.

O outro día, a vostede deslízouselle nunhas declaracións unha palabra ou unha frase que falaba de rectificar o «buzón dos pacientes». ¿Pódeme dicir hoxe que quería dicir con esa frase? Hoxe vai ter máis tempo de responder o que no outro día non puido, porque as preguntas son máis curtas. Vostedes gobernan —insisto— e teñen as responsabilidades, e están vendo: están levando a xente á folga.

Eu soamente quero terminar lembrándolle que, aínda que falamos de atención especializada —espero que hoxe me responda, polo menos, con media medida que vaia pór en marcha—, non olvide nunca que o atasco moitas veces arranca na atención primaria, que é a porta de entrada á nosa sanidade.

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Remato, presidente.

Polo tanto, espero a súa resposta, porque os galegos e as galegas esperan que llela dea. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Unha vez máis, señora Espinosa, teño que agradecerlles que inclúsen na orde do día do pleno esta interpelación en relación coas listas de espera. E iso que teño que recoñecer que vivo nun permanente *déjà vu* parlamentario e sanitario en relación con este tema das listas de espera, pero, bueno, agradézoo, porque así poderei destacar a boa posición que ocupa Galicia en relación con outras comunidades autónomas; e máis cando o Ministerio de Sanidade, que presume de transparencia, curiosamente publicou as listas de espera un venres pola tarde sen darlles ningún tipo de difusión, nun intento burdo de ocultación.

E quizais non lles deron difusión porque os datos mostran unha boa xestión do Goberno galego e unha mala xestión dos gobernos socialistas. A vostede poderá parecerlle isto unha nimiedade, pero o certo é que para nós é importante que os galegos coñezan os datos, porque Galicia non só se mantén en boa posición, senón que a mellora, porque se sitúa como a segunda comunidade con mellores tempos de espera para unha primeira consulta co especialista. E isto é así, e así o recoñece o Goberno de España.

En canto ás operacións cirúrxicas, o tempo medio de espera para unha cirurxía reduciuse en Galicia en dous días, con datos de 30 de xuño. *A priori*, pode que a vostede lle pareza pouco,



pero hai que poñelo en perspectiva e ver a media do Sistema Nacional de Saúde, que é de 118 días. Polo tanto, señoría, os galegos e as galegas esperan case 50 días menos para acceder a unha cirurxía que a media dos cidadáns españois. (*Aplausos.*) Aquí se espera menos que no conxunto de España, pois Galicia é a cuarta comunidade con menores tempos de espera cirúrxica. En Galicia, só o 4,2 por cento dos pacientes teñen que agardar máis de seis meses, mentres que no conxunto de España rolda o 20 por cento —4,2 por cento *versus* 20 por cento—. E, mentres isto sucede en Galicia, ¿sabe cales son as dúas comunidades con máis pacientes esperando máis de seis meses por unha cirurxía? Cataluña e Castela-A Mancha, curiosamente gobernadas por vostedes.

En canto aos datos de consultas, melloramos posicións. No último ano, reducimos en 15 días a espera para unha consulta co especialista. ¿Quere que lle diga o que acontece no conxunto de España? En España, a espera aumentou dos 94 días aos 96 días; e tamén en Cataluña aumentou de 98 a 112 días de espera en consultas. Todo un éxito de xestión.

Mire, non vou facer máis leña deste tema, pero é preciso que quede claro que o seu partido non pode vir aquí aleccionarnos de como facer as cousas cando está claro que onde gobernan non saben xestionar.

En Galicia, non só melloramos os tempos de espera —como lle dixen antes—, senón que tamén podemos presumir de aumentar nun 1,5 por cento o número total de intervencións cirúrxicas. No primeiro semestre do ano 2024, realizamos 108.079 intervencións, e neste ano case acadamos as 110.000. Igual é que vostede prefere que teñamos en conta os resultados das catro comunidades socialistas. Igual, para vostedes, o modelo co que deberíamos xestionar a sanidade galega é o das comunidades socialistas. Mire, desde que comezou a gobernar o señor Illa en agosto do ano pasado, en Cataluña aumentou de 137 a 148 días a lista de espera cirúrxica, co 30,3 por cento dos pacientes cataláns agardando máis de seis meses, fronte á porcentaxe do 4,2 por cento no caso dos galegos —o 4,2 por cento *versus* o 30,3 por cento—. Isto quere dicir que melloramos dobremente, cunha xestión que nos permite facer máis intervencións con menos espera. E, se o prefere, falamos das distintas áreas sanitarias. Porque, señoría, ningunha área sanitaria ten máis de 85 días de espera, polo que todas están, polo menos, un mes por debaixo da media do Sistema Nacional de Saúde, e isto é todo un éxito en xestión, en equidade e en equilibrio territorial. Nos casos máis graves, para as intervencións cirúrxicas de prioridade 1, a espera redúcese ata os 17,7 días; isto significa 12,3 días por debaixo dos 30 días de espera marcados pola lei.

Estamos comprometidos tamén coa innovación cirúrxica e as intervencións punteiras, para as cales contamos con quirófanos robotizados. Durante o primeiro semestre deste ano superamos as 2.000 intervencións deste tipo; isto supón un aumento dun 8 por cento con respecto ao mesmo período do ano anterior.

E, en canto a consultas, non só melloramos en 15 días o tempo de espera, senón que aumentamos en máis de 50.000 as consultas externas realizadas en comparación co mesmo período do ano anterior. Aumentaron exactamente en 51.560, ata chegar a máis de 2,6 millóns de consultas, e isto provocou unha redución do 12 por cento nos pacientes en espera para unha primeira consulta. Ademais, todas as áreas sanitarias están por debaixo dos 80



días de espera para unha primeira consulta, fronte aos 96 días de media do Sistema Nacional de Saúde. Tamén é destacable que, mentres que en Galicia só o 36 por cento dos pacientes alcanzan os 60 días de espera, no territorio nacional esta espera é a maioritaria, con máis do 61 por cento dos pacientes esperando máis de dous meses por unha consulta —o 36 por cento *versus* o 61 por cento—.

En Galicia, tamén contamos con vías rápidas por sospeita de patoloxía oncolóxica, exactamente nove vías rápidas. Con respecto ao ano anterior, aumentaron nun 7,5 por cento as consultas deste tipo e foron xa máis de 13.500 as realizadas, das cales máis de 3.000 foron pacientes con cancro de mama. O tempo medio de espera para estas consultas foi tan só de 6,6 días, a metade do compromiso establecido polos Sergas, de 15 días.

E tamén contamos coa Lei de garantías de tempos máximos. No primeiro semestre deste ano, supuxo esta medida 31.200 actos asistenciais, 1.167 máis que no primeiro semestre do ano anterior. Desagregado, no marco do Decreto de garantías de tempos máximos, realizáronse 11.915 probas diagnósticas, 12.962 consultas e 6.323 intervencións cirúrxicas. E, para que non volva co mantra da privatización: só o 0,11 por cento dos máis de 370.000 pacientes beneficiados pola garantías de espera desde o ano 2018, ata o 30 de xuño deste ano, foron derivados a outro centro; neste primeiro semestre, ningún paciente foi derivado.

E, se o prefire, falamos das probas diagnósticas. Os datos de actividade do primeiro semestre tamén reflicten un incremento do 2,8 por cento das probas diagnósticas, en especial, das de gran relevancia asistencial, como son os TAC, as ecografías e as endoscopias, sumando preto de dous millóns. E o tempo medio de espera para as primeiras probas diagnósticas ou terapéuticas hospitalarias era de 83,7 días, moi similar ao do primeiro semestre do ano anterior.

Señora Espinosa, con todo este cúmulo de datos, non pretendía aburrila nin adormecela, senón que pretendía abrírlle os ollos á realidade galega. Vostede poderá citar algún caso particular e excepcional. Por certo, non é elegante vir cun caso particular, non o é; eu podo vir con miles de casos tamén particulares. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, porque a manía esa que ten de traer casos dun paciente..., bueno. En calquera caso, os datos que damos son os datos da actividade e de tempos medios oficiais; os que publica a Xunta, primeiro, e, despois, o Ministerio.

En relación —pregúntame— con que medidas. ¡Pois as que estamos a facer! Xestión clínica, a xestión clínica que fan todas as áreas sanitarias en busca de garantirlles a mellor calidade asistencial a todos os pacientes galegos.

En referencia á frase de que os médicos non queren facer gardas, é que se lle coou unha pequena palabra, que é os «futuros» médicos. Algúns dos futuros médicos non queren facer gardas. Esa frase foi dita nun entorno de reflexión, no Colexio de Médicos de Pontevedra, sobre como é ese mecanismo co que acceden hoxe os alumnos da Facultade de Medicina.

En relación coa referencia de casos individuais, o que teño que dicirlle é que non pode vir aquí sempre cun caso. Non, non, non ten sentido. (*Murmurios.*)



E, de momento, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Mire, señor conselleiro, en Galicia hai un refrán que di que non hai peor xordo que o que non quere oír. E direille mil veces —porque é importante repetilo— que o cómputo das listas de espera é unha enorme falacia. (*Aplausos.*)

E non me fale aquí de elegancia, trátase de realidade. E, por certo, vostede, sendo responsable político, está totalmente ausente desa realidade —o que me preocupa moitísimo máis— porque o propio Ministerio —se é que vai ás reunións vostede— di que fai falta cambiar o proceso que hai de cómputo porque non hai homoxeneidade nos datos que remiten as comunidades autónomas e que, polo tanto, que non existen indicadores nacionais e públicos para comparalos. É o que di o Ministerio. Pero mire, vou ir máis alá. Ao mellor, as comunidades que vostede citou dan os datos reais e, se vostedes enganan e menten, pois lóxicamente están moito mellor. ¡Tamén poden dicir que non hai ningún nunha lista de espera! Se imos por iso, é así.

Pero, vou ir máis alá. Mire, volveu repetir datos, máis datos, máis datos, máis datos. ¿Que significa iso? Que non teñen ningunha solución para as 360.000 persoas que están nunha lista de espera. Esa é a conclusión que hoxe levamos de aquí. Porque, ademais, voullo preguntar doutra forma, xa que me deu tantos datos, para que mo diga na súa segunda intervención: ¿cantos que aínda non teñen unha cita marcada están a esperar? Dígamo, porque eu falo soamente dos que están. ¿Cantos máis existen? Quizais non o sabe, e ese é o motivo polo que non pode pór ningunha medida encima da mesa, nin unha nin media. E, se cadra, é porque non o queren saber. Porque a bóla é tan grande, o problema é tan grande e a dimensión é tan inmensa que non queren afrontar nin coñecer a realidade. Pero, se non coñecen esa realidade, é imposible que poidan dar resposta.

Non sei se son conscientes de que as listas de espera son unha das cousas máis frustrantes para un usuario do servizo público, porque a xente non entende que teñan que esperar tanto. E non me veña dicir, por favor, que son casos illados. A última vez reteino a que saíse fóra, que llo explicaba aí fóra. Ao mellor non saíu para que non lle caese a cara de vergonza ao chan. Pero é que a min me chaman diariamente persoas, e a xente que acode a un medio de comunicación e que pon a súa cara contando a enfermidade que ten non o fai por gusto; faino por desesperación, porque leva máis de seiscentos días esperando. E iso non o ven, non se enteran.

De verdade que eu non entendo, ademais, se tantas estatísticas le e tantas estatísticas trae aquí, por que tampouco di que os galegos somos os segundos de España que máis nos queixamos das listas de espera. (*Aplausos.*) Iso transluce unha realidade, e non o que vostede contou aquí, porque esas estatísticas si que son obxectivas. (*Aplausos.*)

Pero, mire, antes tampouco existían as listas de espera en atención primaria, e agora téñenas, dende que goberna o Partido Popular; listas de espera non soamente en atención especializada, senón en atención primaria.



Pero dá igual do que falemos. O seu goberno, o Goberno do Partido Popular, está sempre moito máis preocupado en montar unha rifa permanente co Goberno de España que en procurar solucións. ¿Para que lles serviu, por exemplo, o *numerito* que montaron cos cribados do cancro de mama? ¿Para que lles valeu o *numerito*? Por favor, se rectificaron ou recuaron —como dicíamos— no noso país cos cribados, pedimos que o fagan da mesma forma co que está sucedendo en atención Primaria. Espero que recapaciten co que está pasando coas listas de espera. Non me dá tempo agora a entrar en máis detalles, pero, se non fan algo, seguramente, vano lamentar dentro de moi pouco.

Agora, que estamos na época de orzamentos, tamén deberían recapacitar sobre que o que puxeron encima da mesa non vale tampouco para solucionar as listas de espera, porque non teñen capacidade transformadora nin teñen capacidade de axudar eses profesionais que realmente son os que fan que teñamos unha boa calidade. Pero, como vostede hoxe non dixo nada de nada e se limitou a dar datos que eu tamén sei ler, afortunadamente, nós sacamos a nosa conclusión: as listas de espera para o Goberno de Galicia, para a Xunta, para o Partido Popular son a privatización da sanidade. (*Aplausos.*) Por iso gastan millóns e millóns derivando a sanidade pública e por iso, no día de hoxe, as listas de espera xa están saturando a privada. Non fan caso nin ás recomendacións de Amnistía Internacional, que lles pedía máis recursos humanos (*A deputada María Elena Espinosa Mangana diríxese ao conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño.*) —non sobre; traballe, busque solucións e non sobre— e materiais no ámbito da sanidade.

Eu pídolles, polo ben dese número —que nin sabemos— de persoas que están esperando que as atendan, que busquen unha solución xa, ou arrepentiranse sempre. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da interpelación, o conselleiro de Sanidade.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Señora Espinosa, non teño ningunha dúbida de que sabe ler, pero ás veces parece que non. Desde logo, vostedes son os reis do circo político dos temas sensibles. Realmente vale a pena todo este número por unha presa de votos, ¿non? Tendo isto en conta, non sorprende ver a ministra de Sanidade facendo —como acaba de comentar— unha proposta de cambio no regulamento do cómputo das listas de espera das comunidades autónomas. Para vostedes isto é moi sinxelo: se os datos non me dan a razón, cambiemos a maneira de recadar eses datos para ver se dese xeito podemos xustificar o noso discurso. É unha verdadeira obsesión... Estano a facer de maneira oportunista cos datos do cribado do cancro de mama, cando é o seu goberno o que non ten os trámites preparados para poder enviar eses datos de maneira homologada e homoxénea entre todas as comunidades autónomas.

Parece que ao Goberno de España lle molesta que as comunidades que mellor xestionan os recursos públicos sexan do Partido Popular —véxase Galicia, véxase Madrid—. Vostedes teñen as súas teimas; unha delas son as listas de espera non estruturais, pero cando din o que din a este respecto saben que están distorsionando e terxiversando a realidade. Coido



que xa llo expliquei moitas veces. A súa perseveranza é infinita, a miña paciencia tamén, así que non teño problema en volver repetirlo.

Mire, as comunidades autónomas temos a obriga —ja obriga!— de facilitar os datos das listas de espera conforme a normativa básica fixada no Real decreto 605/2003, do 23 de maio, que establece medidas para garantir un tratamento homoxéneo da información sobre as listas de espera no conxunto do Sistema Nacional de Saúde. Ademais, o Servizo Galego de Saúde aplica tamén o disposto nas ordes do 19 de maio de 2003 e do 13 de xuño de 2004, que regulan o sistema de información e de control da demanda de actividade programada. Estas normas datan do ano 2004; vostedes tiveron a oportunidade de modificalas cando gobernaron e non o fixeron. O Real decreto, como as ordes autonómicas, determina o funcionamento do rexistro de pacientes en espera e a clasificación destes.

«Espera estrutural» —unha vez máis— refírese a que depende da propia organización dos recursos dispoñibles, sendo, polo tanto, un indicador clave de capacidade asistencial do sistema. A espera non estrutural, pola contra, non é atribuíble á organización, senón a causas alleas; véxanse situacións médicas que impiden intervir o paciente ou decisións voluntarias de pospoñer a operación, en caso dunha cirurxía. En canto á difusión pública dos datos, o Servizo Galego de Saúde cumpre coas directrices marcadas polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, que determina os criterios e contidos de información xeral sobre os tempos de espera dos pacientes. É máis, publicamos eses datos antes e máis detallados do que nos obriga o Real decreto.

Vostedes parece que queren cambiar o método do cómputo de datos. ¿Con que fin? Se cambiamos os criterios, non poderemos contrastar ni comparar o que pasou ao longo dos anos nin entre todas as comunidades autónomas. ¿Como saberíamos que a xestión catalá empeora co Goberno de Salvador Illa se cambiamos o método na metade do camiño? ¿Como poderíamos saber —como hoxe sabemos— que as dúas comunidades con máis pacientes esperando máis de seis meses para unha cirurxía son a de Cataluña e a de Castilla-La Mancha? ¿Como saberíamos que Cataluña e Navarra están entre as comunidades con máis tempo de agarda para consultas? Non poderíamos sabelo, e iso é o que vostedes pretenden.

Reitérollo; sei que lle molestan os datos, pero aí van, unha vez máis: Galicia é a cuarta comunidade con mellores tempos de espera media cirúrxica; Galicia tamén se sitúa como a segunda comunidade con mellores tempos de espera para unha primeira consulta, e Galicia mantense como a segunda comunidade con menos porcentaxe de citas con máis de sesenta días de espera para unha consulta. *(Aplausos.)*

Señora Espinosa, coido que todos deberíamos estar orgullosos da nosa sanidade pública —vostede (hai que recoñecelo) así o dixo hoxe aquí— e do que logran cada día os nosos profesionais: facer, cada vez, máis actividade e reducir os tempos de espera.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.



Interpelación da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación actual en que se atopa a atención primaria da sanidade pública galega

O PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Iria Carreira.

IRIA CARREIRA PAZOS: Moi bo día.

Bo día, conselleiro.

Grazas, presidente.

Señor conselleiro, temos un problema neste país. Temos un problema na sanidade pública e, sobre todo, temos un problema na atención primaria. E ese problema é o Partido Popular.

Non sei se sabe que diferentes estudos científicos —non opinións— demostraron, por exemplo, que ter a mesma médica de familia durante quince anos diminúe un 30 por cento o uso dos servizos de urxencias, un 28 por cento as hospitalizacións e un 25 por cento a mortalidade. Non sei se consultou os estudos científicos que din que a atención primaria é a medida máis eficiente en termos económicos para mellorar a esperanza de vida. Hai literatura científica a esgalla —e non opinións— para coñecer a importancia da atención primaria tanto en termos economicistas, en termos de saúde pública, nos termos da mellora da esperanza de vida etcétera. Tendo en conta esta cuestión, ¿que fixo o Partido Popular durante todo este tempo? Porque traballar para fortalecer a atención primaria non.

Eu ben sei que a vostede, e ao grupo que sustenta o seu goberno, non lle gustan as iniciativas que desde o BNG traemos a este Parlamento. Así o demostran votando en contra, cada vez que teñen ocasión de demostralo, de calquera proposta ou de calquera solución que nós propoñemos. Vostede leva algo máis dun ano sendo conselleiro de Sanidade, sendo o máximo responsable dun ámbito no que as competencias son, precisamente, da Xunta de Galiza. Ben sei que hai cuestións que lle viñeron dadas, que non son responsabilidade súa e forman parte desa herdanza recibida que vostede, *a priori*, acepta, pero o certo é que vostede si que ten responsabilidade sobre a situación que temos no día de hoxe.

¿Vostede, señor conselleiro, tivo ocasión durante este ano e pico que leva precisamente no cargo de falar coas traballadoras do Sergas? ¿Tivo un intre para interesarse pola situación da atención primaria? ¿Tivo un momento para ir a un centro de saúde calquera e falar coas médicas de familia que están traballando nese centro de saúde? Eu non o sei, pero nós si. Tráiolle varias opinións de médicas de familia que hoxe a esta hora están pasando consulta:

«A situación é insostible, estamos manexando axendas de corenta a cincuenta pacientes todos os días; é insostible. Unha situación que, en teoría, era temporal, pasou a ser a nova normalidade despois da pandemia. Estamos esgotados, sentímonos vilipendiados e humillados porque, ademais, temos poucas competencias e acabamos sempre supeditados ao hospital. Somos o único acceso da xente ao sistema sanitario porque o hospital está colapsado e é inaccesible».



«É unha falacia o de que non hai médicos; non hai suficientes, pero isto é algo que se sabía desde hai vinte anos e podía-se calcular e prever pola idade biolóxica das profesionais, pero, das promocións que van saíndo, a xente non queda en primaria porque gañas máis e tes mellores condicións noutros lugares. É normal que a xente marche á privada, ás urxencias ou a outros países, directamente. Traballar agora mesmo en atención primaria supón unha situación de ansiedade e de impotencia na que a sobrecarga asistencial, a organización do traballo e a dirección te leva a non poder facer a medicina que che gustaría facer. Temos un sistema que respalda máis atender un determinado número de persoas, independentemente da calidade coa que se faga, que atender como os profesionais que velan por facer ben o seu traballo e por garantir unha atención primaria de calidade».

«O seu obxectivo está cumprido: conseguiron que xente que temos vocación por esta especialidade —que non é menos que outras especialidades hospitalarias— teñamos claro que non imos traballar aquí e que imos buscar calquera outra alternativa porque nos sentimos maltratadas. Tanto intentar fidelizar as médicas máis maiores e esquecéronse de que as máis novas somos as que deberíamos estar aquí sostendo o sistema durante os próximos vinte anos, e estamos marchando. Ímonos porque, tal e como está a situación agora mesmo, non podemos ver as nosas pacientes coa calidade que merecen. Para facer o traballo mal, hai xente que non nos imos prestar a isto. Eu non me vou prestar a facer mal o meu traballo por culpa da súa mala planificación e da mala organización, co cal prefiro largarme». (*Aplausos.*) Esta última é unha médica que está inscrita para facer o exame do MIR en xaneiro porque deixa a atención primaria, deixa a medicina de familia para facer outra especialidade médica.

E vostede pode vir aquí agora acusarme de ser pouco elegante ou dicir que isto son casos puntuais, (*O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, ri.*) coma sempre, porque vostedes prefiren negar a realidade e dicir que buscamos unha agulla nun palleiro, sen darse conta de que os seus palleiros xa non teñen pallas porque están cheos de agullas. Que a situación é insostible é algo que xa lles dixo todo o mundo. Desde o BNG levamos tempo denunciándoo, pero é que tamén llelo están dicindo as forzas sindicais, estánllelo dicindo as asociacións de pacientes, estállelo dicindo o propio Consello Galego de Colexios Médicos, ese que agrupa os catro colexios provinciais. As tres sociedades científicas da medicina de familia, SEMG, Semergen e Agamfec, posicionáronse abertamente en contra do seu plan. (*A deputada Iria Carreira Pazos amosa un documento.*) ¿Vostede leu o comunicado que sacaron as sociedades científicas, ese que leva por título «A folga xustificada»? : «A creación de novas categorías profesionais, como a de facultativo especialista en atención primaria, atenta contra a equidade organizativa, dificulta o traballo en equipo nos centros de saúde, aumenta previsiblemente as ausencias e erosiona a lonxitudinalidade, un dos valores nucleares da atención primaria. Por estas razóns, as sociedades científicas de atención primaria estamos en contra da creación dunha nova categoría profesional e solicitamos que sexa retirada esta proposta de xeito oficial».

¿Señor conselleiro, cantas veces nos recriminou ao BNG estar en contra desta medida? Non foi nin unha nin dúas. Mire, e agora que se posicionan as sociedades científicas directamente en contra dela, ¿que opina? ¿Que lle parece? ¿Parécelle unha boa idea? Eu voulle dar a miña opinión persoal. A creación da categoría de facultativo especialista en atención primaria non hai por onde collela, xa empezando polo nome: «facultativo especialista en atención prima-



ria». Señor conselleiro, na atención primaria xa estaban traballando facultativos especialistas. Desde os anos noventa, en que se creou a especialidade de medicina familiar e comunitaria, nos centros de saúde, quen atenden son médicas especialistas en medicina familiar e comunitaria. (*Aplausos.*) En segundo lugar, ¿facultativo especialista «en» atención primaria? ¿Acaso vostede, que é médico, é médico facultativo especialista en atención hospitalaria? A especialidade non é «atención primaria»; é «medicina familiar e comunitaria», non se confunda.

Continúo. Tampouco hai por onde collela porque é un retroceso a todos os niveis. Mentres que socialmente se está a debater a redución das xornadas laborais, vostedes o que fan é incrementalas —sen incrementar os salarios, por certo—. Cando se deberían mellorar as conexións laborais, vostedes o que fan é empeoralas e introducir a obrigatoriedade de realizar gardas. Claro, despois a xente non quere facer gardas. ¿Por que será? É un retroceso para as profesionais, pero é que, ademais, é un retroceso para as pacientes; pacientes que van ir aos centros de saúde e quen as vai recibir son médicas que están esgotadas, que están cansas, e ademais vostedes sistematizan a intersubstitución como método para garantir esa libranza de gardas. É dicir, sistematizan a rotación de profesionais e botan por terra calquera intención de que a atención aos pacientes sexa lonxitudinal, que, como lle lin no comunicado, é o eixo fundamental da atención primaria.

Pero continúo con este comunicado: «Pola súa parte, a contratación de médicos sen a especialidade obtida vía MIR resulta indefendible. As sociedades científicas coincidimos en que esta é unha liña vermella que non se pode traspasar baixo ningún concepto. Ningunha sociedade científica de ningunha especialidade pode aceptar un ataque semellante á calidade asistencial nin as nefastas consecuencias que isto supón para a saúde da cidadanía».

Señor conselleiro, vostede, que foi xefe de servizo, ¿tería traballando no seu equipo, atendendo pacientes oncolóxicas, profesionais que non tivesen a especialidade de Oncoloxía Médica ou Radioterápica? ¿Entón? O que non vale para oncoloxía, ¿vale para a atención primaria? (*Aplausos.*) ¡Ah! Vale. Entón, ¿por que o propoñen? Porque é un feito que, no día de hoxe, temos traballando na sanidade pública galega médicas sen ter a especialidade en Medicina Familiar e Comunitaria.

Así que remato, señor conselleiro, e remato recoñecéndolle o mérito: conseguir a unanimidade non é fácil, conseguir que todo o mundo estea en contra das medidas que propón para a atención primaria é todo un mérito. Señor conselleiro, ¿que vai facer?, ¿que medidas vai tomar para que a atención primaria volva ser o verdadeiro motor do sistema sanitario? ¿Pensa seguir rectificando ou pensa seguir costa abaixo, sen freos, ata o desenlace final?

Agardo a súa resposta con verdadeira curiosidade. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlles resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidente.



Bos días.

Señora Carreira, por suposto que visitei moitísimos centros de saúde e falei con moita xente —podo asegurarllo, con moita xente—, como falei tamén con todos os sindicatos representados na Mesa sectorial, como falei tamén con todos os sindicatos médicos non representados na Mesa sectorial, como tamén falamos con todas as sociedades médicas e científicas de atención primaria e tamén con todos os presidentes dos colexios profesionais. Polo tanto, o cadro téño ben circunscrito.

Unha vez máis, temos a oportunidade de comprobar o que lle importa ao BNG a sanidade pública. Cando os orzamentos chegan a cifras históricas, cando Galicia está entre as comunidades con menores tempos de espera, a sanidade pública ao BNG non lle importa nada. Pero cando cre albiscar un foco de tensión, aí si que está o BNG, aí si que está, para interesarse pola atención primaria e preguntar por ela ata a extenuación.

Xa ten mérito que nesta batería de iniciativas non atopen vostedes oco para formular nin unha única proposta de solución, ¡nin unha! (*Murmurios.*) Este é o retrato da preocupación do BNG pola atención primaria. Este asunto non é novo, é unha problemática que levamos anos padecendo por culpa da inacción e da falta de vontade política dun goberno central que vostedes apoian e que non quere actuar. A atención primaria atravesou unha difícil situación en toda España por un problema de déficit de especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria; un déficit que afecta todas as comunidades autónomas, independentemente do partido que se atope no Goberno.

Doutora Carreira, este problema é sobradamente coñecido por todos, aínda que algúns partidos obvien ou confundan intencionadamente a orixe do problema, os responsables directos e tamén as medidas que se deban tomar. Coñecía-se que ese déficit ía chegar grazas a un informe realizado no ano 2018. Ante este diagnóstico, todas as comunidades autónomas acordaron impulsar unha serie de medidas prioritarias para corrixir as carencias que se estaban orixinando no sistema ante a falta de médicos na atención primaria. Estas medidas quedaron en papel mollado coa chegada do PSOE ao Goberno, e a partir dese momento cada comunidade tivo que capear a situación en solitario. Desde aquel ano ata hoxe tivemos seis ministros e moito ruído, pero nin unha soa medida de calado que buscase pór solución a este déficit de especialistas.

Obviamente, señorías, desde a Xunta de Galicia non quedamos de brazos cruzados. Este goberno cre firmemente no papel capital que ten a atención primaria no sistema sanitario público de saúde e entendemos que o noso deber é blindala e fortalecela. Eu tamén creo niso, porque sei que a ciencia di que a atención primaria permite diminuír a mortalidade de moitas enfermidades.

¿Que fixemos ao longo destes anos? Ofrecer prazas fixas a través do concurso de méritos, que nos permitiu ofertar 178 postos para o colectivo de médicos de familia e 60 para o colectivo de pediatras de atención primaria; ofertar contratos de tres anos de duración a todo o persoal MIR que finaliza a súa formación; demandar de forma activa a creación da especialidade de Urgencias e Emerxencias ante o Ministerio; introducir melloras das condicións



de traballo e retributivas; ofrecer máis prazas MIR de familia que nunca; crear novas categorías profesionais de apoio; impulsar melloras organizativas e construír novos centros de saúde, renovar os existentes e dotalos de novo equipamento.

A mellora continua das condicións laborais e económicas permitiu que a atención primaria teña o maior índice de estabilidade laboral do Sergas, sendo eventual menos do 8 por cento do persoal médico, e reducíndose a un 0,7 por cento en pediatría. (*Aplausos.*) Son unhas medidas que demostraron como o noso nivel de implicación pola atención primaria foi medrando ano tras ano, xa que nos orzamentos de 2026 aumentamos os recursos destinados á atención primaria un 4,75 por cento, acadando os 1.747 millóns de euros; concretamente o capítulo de persoal de atención primaria medra un 3,4 por cento e acada os 657 millóns de euros. E esas contas prevén, ademais, a creación de 77 prazas nos PAC —en puntos de atención continuada—, de 21 psicólogos clínicos para a rede de atención primaria e de 62 prazas para consolidar os equipos de atención domiciliaria.

O pasado 17 de outubro propuxemos ante a Mesa sectorial iniciar unha negociación de medidas para garantir a asistencia sanitaria en atención primaria neste contexto de déficit de profesionais, e iso é o que estamos a facer: dialogar e negociar todo o que faga falta ata chegar a un acordo sobre as medidas que permitan garantir a asistencia sanitaria e evitar unha folga que só pode empeorar a situación. Porque o principal problema non son as medidas propostas pola Xunta, o principal problema é a situación que virá nos vindeiros anos como consecuencia da inacción do Goberno de España.

Señoría, no contexto actual e coas previsións que temos a curto e medio prazo, estímase un elevado número de xubilacións. Estas xubilacións van provocar numerosas saídas do sistema que non se van dar compensado cos novos profesionais. Así pois, facendo unha proxección das xubilacións de médicos de familia nos vindeiros anos, estimamos que no horizonte temporal 2025–2029 haberá un acusado déficit de profesionais que acadará os 244 en 2029. Por iso, durante estes anos, a Consellería de Sanidade veu traballando para fortalecer este nivel asistencial. Pero, a pesar dos nosos esforzos mantidos no tempo, a falta de facultativos obríganos a acometer unha reordenación estrutural dos recursos humanos. Farémolo consonte os criterios e os prazos que nos marque o Ministerio, antes do 31 de decembro de 2027. Pero, mentres o Ministerio non fixa eses criterios, debemos anticiparnos para manter a asistencia.

Precisamente tratar de achegar solucións é o que nos levou a anticipar distintas propostas de actuación para ser negociadas cos representantes dos traballadores. As propostas que fixemos á Mesa sectorial eran iso, propostas abertas ao diálogo, e precisamente por iso se levaron á Mesa, para ser abordadas e negociadas nese marco cos representantes do persoal. Pódolles asegurar que este goberno non vai tirar a toalla, por iso continuamos insistindo en que o Ministerio de Sanidade debe involucrarse nas solucións. Non é normal que o Goberno da nación se desentenda e ignore as chamadas dos gobernos autonómicos a actuar ante semellante reto e sexamos as comunidades quen teñamos que competir entre nós polos médicos.

Por iso, no pasado pleno do Consello Interterritorial de Saúde, solicitamos outra vez unha reunión extraordinaria para abordar a necesidade de profesionais sanitarios. O obxectivo é acadar solucións que nos permitan garantir a cobertura nos centros de atención primaria.



Ante esta situación, pedimos respecto polas negociacións e responsabilidade política. Non precisamos, precisamente, de actores externos que se involucren co obxectivo de conseguir rédito electoral a custa das mobilizacións sindicais en todos os eidos. Unha folga sanitaria, sen ningunha dúbida, non é nunca unha boa nova.

Temos razóns para sospeitar que vostedes non van apoiar o percorrido do BNG neste problema, coñecémolo todos. Vostedes sempre tiveron dúas opcións: tomar partido e propor solucións apoiando a Xunta ou non facer nada e dedicarse a criticar e a boicotear calquera das medidas que a Xunta puña en marcha. Por desgraza, sempre se decantan pola segunda opción. Aproveitaron, aproveitan e aproveitarán calquera circunstancia que aconteza para xerar balbordo. O seu aporte nos últimos anos á sanidade pública galega foi ou ben a calumnia ou ben o desprestixio ou ben a deslealdade. A figura de FEAP creouse no momento en que había necesidade urxente de cubrir as horas de garda do PAC. Actualmente os FEAP cobren aproximadamente un terzo desas horas. Polo tanto, teñen unha misión. Probablemente non sexa a mellor figura, pero as cousas hai que enmarcalas no seu contexto, e sobre todo no seu contexto temporal.

En relación coa homologación do título, vamos ver, a Consellería de Sanidade ten clarísimo que a homologación de títulos non é a súa competencia; é unha competencia do Goberno central. E a Consellería de Sanidade tamén ten clarísimo que a única guía de especialización que hai para traballar na Comunidade Autónoma de Galicia é a vía MIR. Unha cousa é que nós expresáramos mal unha idea... (*Murmurios.*) Si, si, e o outro día a señora Presas díxoo aquí. ¿Como dixo? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non. (*Risos do conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño.*) Digo que volverse atrás é gobernar. Estamos gobernando. Díxoo ela aquí.

En resumo, por parte da Consellería de Sanidade, a nosa postura vai ser seguir sendo o diálogo e a aposta por acadar os acordos máis amplos posibles. Por iso, reitero a vontade de diálogo. A vostedes só lles pido que afasten o ruído e as inxerencias da negociación cos sindicatos. Deixen que falen os traballadores, deixen que falen os seus representantes. Negociaremos todas as medidas de atención primaria que haxa que negociar co fin de garantir a asistencia ante o déficit acusado de profesionais que se prevé nos anos inmediatos.

Por agora, máis nada.

(*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Antes de darlle a palabra, no turno de réplica, á señora Iria Carreira, saudamos e damos a benvida aos alumnos e alumnas de quinto e sexto de primaria do Colexio de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe Virxe do Mar, de Narón. Benvidos e benvidas ao Parlamento.

Ten novamente a palabra a señora Carreira.

IRIA CARREIRA PAZOS: Grazas, presidenta.



Benvido todo o alumnado de Narón e todo o profesorado que o acompaña. Espero que tomen boa nota de que, cando unha persoa fala, a outra ten que escoitar, sobre todo para despois poder entender que é o que se lle di, porque despois néganse cousas así, sen ningún fundamento.

Señor conselleiro, hai que ter valor para vir dicir aquí, a esta Cámara, que nós non formulamos ningunha proposta e que non propuxemos ningunha solución para a situación que atravesamos, no día de hoxe, a atención primaria. Sen ir máis lonxe, hoxe pola mañá, ás 10.20 da mañá, a nosa portavoz nacional —sentada alí, naquela esquina— formuloulle tres propostas claras e concretas ao presidente da Xunta: (*Aplausos.*) convocar todas as prazas vacantes en atención primaria, desenvolver as carteiras de servizo de atención primaria e incrementar o orzamento de atención primaria ata acadar o 25 por cento do orzamento sanitario, como recomenda a Organización Mundial da Saúde. Tres propostas claras e concisas de hai..., ¿que hai?, ¿tres horas? O presidente da Xunta non fixo nin unha soa mención a elas. Non sei se é que non as oíu ou que non as entendeu. Vostede estaba nesa sesión de control, ¿tampouco as escoitou?, porque se repetiron varias veces, e se quere volvemos falar sobre elas. (*Murmurios.*) ¿Quere entrar a debater? (*A deputada Iria Carreira Pazos diríxese a algún deputado ou deputada ou membro do Goberno.*) Porque, se quere, abrimos o debate.

Despois, señor conselleiro, ¿que é o que fixo vostede pola atención primaria e que fixeron, sobre todo, os seus predecesores nese cargo? Vostedes eliminaron as xerencias de atención primaria porque era moito mellor que a atención primaria estivese sempre supeditada á atención hospitalaria. Vostedes recortaron o orzamento en atención primaria ata ter esa dubidosa honra de ser dos que menos invisten en todo o Estado español en atención primaria; e non só iso, é que despois, unha vez que os orzamentos están aprobados, vemos como vostedes ratean aínda máis o orzamento de atención primaria para destinalo a outras partes do seu proxecto para a sanidade pública. Vostedes o que conseguiron facer é crear unha figura, a dos FEAP, que ten a todo o mundo en contra; unha figura que se creou no 2022 —que sacaron vostedes da chisteira—, á que nós no 2022 xa nos opuxemos en reiteradas ocasións, e agora teñen ás sociedades científicas pedíndolles que a retiren dunha vez por todas. Esa é a súa herdanza, señor conselleiro. ¿O problema que virá? O problema que virá vai ser fastidiado, pero é que, claro, é difícil contar cando se vai xubilar a xente. Eu teño 34 anos e, claro, conto: ¿cando me xubilarei? (*Murmurios.*) Non teño unha marxe temporal na que o poida dicir; poden ser 35, poden acabar sendo 40, tal e como evolucionan as cousas... Pero é difícilísimo contar para saber cando imos ter un problema na sanidade pública galega, na atención primaria. (*Aplausos.*) É difícilísimo —e por iso vostedes non o están facendo— facer as convocatorias de oposicións en tempo e forma; por iso o seu predecesor no cargo tivo a honra de encargarse de que non houbese ningún exame para ser médica de familia durante toda a lexislatura na que foi conselleiro de Sanidade. Iso é o que vostedes fixeron.

Vostedes non queren competir con outros territorios porque non hai médicos. ¡Moi ben, vostedes sigan facendo o que están facendo!; vostedes sigan formando médicos e poñéndoos na porta cun laciño para que marchen, porque é o que fan, xa que non teñen ningunha maneira de fidelizalos, porque a xente que está acabando a súa especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria o que lle está dicindo é que non queda a traballar nos centros de saúde galegos. ¿Vostede —por curiosidade— foi ao último exame que houbo de Medicina Familiar e Comunitaria en Silleda, da OPE que houbo en xuño do ano pasado?, ¿achegouse por alí?



¿Falou coa xente que estaba alí? Porque a maior parte da xente que se estaba examinando para ter unha praza para ser médica de familia era xente que xa tiña a súa praza de FEAP. ¿Será que esas prazas non lle gustan ao persoal?; ¿será que esas prazas non acaban de convencer o persoal que está traballando, no día de hoxe, na atención primaria? Señor conselleiro —por certo—, no día de hoxe, hai xente traballando sen título de especialista en Medicina Familiar e Comunitaria nos centros de saúde e nos PAC galegos, sobre todo nos PAC. E non é un caso nin son dous nin tres. *(Murmurios.)*

Señor conselleiro, vostede demostrou que non coñecía a atención primaria cando veu presentar a bombo e prato un plan de cirurxía menor para a atención primaria, cando a cirurxía menor se fai en atención primaria desde que existe a especialidade. Vostede demostra que non lle importa a atención primaria cando vostede non é quen, por exemplo, de desenvolver as carreiras profesionais e de incrementar as categorías profesionais, por exemplo, coa psicoloxía clínica, porque o único que fan é anuncio tras anuncio e, ao final, o que temos é sete psicólogas para todos os centros de saúde do país. Vostede demostrou que está totalmente desautorizado cando a súa medida estrela —por non dicir a única medida estrela— acadou o consenso de todas, que e é pedir a súa retirada. E demostrouse o desmantelamento da atención primaria cando o 47 por cento das galegas e galegos recoñecen que teñen que agardar máis dunha semana para poder ter unha cita coa súa médica de cabeceira. ¡Isto é o que demostrou vostede! ¡Esa é a súa capacidade para xestionar a atención primaria galega! Señor conselleiro, ¿que vai facer?, ¿vai retirar definitivamente a categoría de FEAP que sacou da manga...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Carreira.

IRIA CARREIRA PAZOS: ...—remato, señora presidenta—... o seu goberno no 2022, como lle están pedindo os sindicatos, as profesionais e as sociedades científicas ou vai seguir indo pola costa abaixo? ¿Van seguir condenándonos a que a atención primaria sexa, cada vez, máis deficitaria, a que cada vez sobrecargue máis os profesionais e a que cada vez atenda menos poboación? Porque isto non é o que merece a nosa poboación. Non merecen isto nin as pacientes nin as profesionais. *(Aplausos prolongados.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Imos punto por punto. *(Murmurios.)* Convocatoria de todas as prazas. Xa se convocan..., —e saúdos aos alumnos— *(O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, dirixe a mirada e un saúdo aos alumnos que están presentes na tribuna de convidados.)* xa se convocan todas. O problema das prazas é que non se cobren, pero convócanse todas. ¡É así! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Por outro lado, vamos coas OPE. Vostedes piden velocidade, aceleración... ¿Sabe o que unha OPE, cun concurso de méritos, atrasa o exame? Máis dun ano, e, por tanto, os procedementos por concurso de méritos son os que máis permiten acelerar —si señora—, a introdución de profesionais sanitarios na atención primaria; iso téñoos clarísimo. Outro tema para discutir sería se realmente un médico, despois de toda a súa carreira e de toda a súa formación especializada, tería que volver examinarse de algo. Ese xa é outro tema, e non é hoxe o día para falar diso.



En relación coa porcentaxe do orzamento en atención primaria, estamos sempre co mesmo tema. Vostede, segundo lle interese ou non, métese ao que é o gasto en medicamentos. O gasto en atención primaria en Galicia está por encima do 25 por cento, creo que é un 32 por cento. ¡Deixen xa ese tema!

Categorías profesionais. Pero ¿quen incluíu os psicólogos clínicos no sistema?, ¿quen incluíu os nutricionistas? No ano pasado, 62 prazas novas, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) algo realmente excepcional. Non é fácil introducir no sistema 62 prazas de repente na categoría profesional, pero nós fixémoslo.

Máis cousas. Plan de cirurxía menor. Sabemos de sobra que nos centros de saúde se fai cirurxía menor desde hai moitos anos, entre outras cousas porque os que fixeron ese plan son xente que facía cirurxía menor nos centros de saúde. O plan de cirurxía menor a intención que tiña era estender esa práctica á maioría dos centros de saúde de Galicia. Si, si.

Listas de espera: deu un dato que é falso. O último dato é que, no día de hoxe, máis do sesenta por cento dos pacientes ten unha consulta na atención primaria en menos de catro días... (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) É un dato de hoxe. ¡Pedino antes de vir! Mire, doutora Carreira, desde a Xunta traballamos realmente para reforzar a sanidade pública galega, poñendo especial énfase na atención primaria. Levamos anos facéndoo —sei que non lle gusta moito—, melloramos as condicións laborais, incrementamos recursos e [...]. ¡Non é suficiente!, estou de acordo. Hai que traballar máis na atención primaria.

Os presupostos xa o din todo: incrementamos os recursos un 4,75 por cento tras acadar a cifra récord de 1.747 millóns de euros; unha suba do 3,4 por cento no capítulo de persoal, acadando os 657 millóns de euros. Non se pode negar que traballamos de forma constante en diversas medidas de retención de profesionais para atender as vindeiras xubilacións, ao igual que non se pode negar que facemos todo o posible por incrementar o persoal en formación, tanto na Facultade de Medicina como na formación sanitaria especializada, o cen por cento das prazas cubertas que se presentan para o MIR. Sería aburrido repetir todas as medidas que comentei antes: a fixeza do concurso de méritos sen oposición —insisto: 178 postos de traballo na atención primaria—; contratos de longa duración ao persoal MIR; a solicitude de creación da especialidade de Urxencias e Emerxencias —porque xa, como vostede ben sabe, é unha vía pola que van moitos médicos de familia, e para poder ter unha visión realmente adecuada de como pode ser o desprazamento dos médicos de familia a unha vía ou a outra, necesitamos esa especialidade—; a mellora das condicións laborais; a máxima capacidade formativa, o cen por cento das prazas acreditadas... Isto é o que hai.

Vostedes seguen ao mesmo: a criticar, criticar, criticar... Non achegan nada novo. Teñen unha posición —na miña opinión— bastante destrutiva; só queren ruído, porque aí é onde se senten realmente cómodos, pero o ruído non trae nada bo, e o ruído non produce nada. (*Murmurios.*) Si, produce que cada catro anos os galegos os poñan na oposición. (*Aplausos.*) Doutora Carreira, debería saber vostede que, como administración pública, o obxectivo que guía a nosa acción se basea en dous fundamentais e interconectados: coidar os pacientes e coidar os que velan pola saúde deses pacientes, que son os profesionais da sanidade pública galega. Temos claro que hai que tomar medidas, porque o deber de garantir a asistencia sanitaria é ineludible, e quere-



mos adoptalas de forma dialogada, negociada e acordada con todos os actores involucrados para conseguir un bo acordo para todos. Se todos actuamos con responsabilidade e evitamos a folga, poderemos ademais acordar solucións acordes coas demandas laborais dos profesionais e encamiñadas a garantir a mellor asistencia a todos os galegos. Esta é a realidade. Non lles penso mentir nin teño intención de dulcificarlle a situación. Hoxe máis que nunca debemos facer da sanidade unha política de país e non frivolar con algo capital como é a saúde da xente.

Moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Declaración institucional polo Día Mundial da Anafilaxe

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Antes de pasar á quenda de preguntas, vou dar lectura a unha declaración institucional co gallo do Día Mundial da Anafilaxe, e aproveito tamén para saudar a Asociación Española Española de Persoas con Alerxia a Alimentos e a Látex, que nos seguen a través da web:

«Co gallo do Día Mundial da Anafilaxe, o Parlamento expresa o seu compromiso coa concienciación, a prevención e a protección da vida fronte a esa reacción alérxica grave que se manifesta de forma súbita e que é potencialmente mortal.

A anafilaxe require unha actuación inmediata. Por este motivo, o Parlamento insta os poderes públicos a reforzar as políticas de información, formación e resposta ante as emerxencias alérxicas, especialmente no ámbito educativo, con especial atención aos colectivos máis vulnerables e, en particular, ás persoas menores de idade. O Parlamento salienta a importancia de garantir un medio seguro e ben preparado nos centros escolares, onde os nenos e nenas desenvolven gran parte da súa actividade cotiá.

Neste día o Parlamento reconece o labor das asociacións de pacientes, familias e profesionais sanitarios e reafirma o seu compromiso de avanzar cara a unha sociedade máis consciente, segura, formada e solidaria fronte á anafilaxe.» (*Apróbase por asentimento.*) (*Aplausos.*)

Alteración da orde do día

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Continuamos.

Temos agora unha alteración da orde do día, que consiste en substanciar en último lugar a última pregunta, rexistrada co número 37730 —punto 6.1—, e tramítase a continuación a pregunta 6.2.

Pregunta da deputada Sonia Vidal Lamas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as garantías que a Xunta de Galicia prevé achegar na tramitación da planta de biometano de Xunqueira de Ambía

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, por tempo de tres minutos, ten a palabra a señora Lamas.



SONIA VIDAL LAMAS: Grazas, presidenta.

Señora conselleira, este venres pasado rematou o prazo de alegacións oficial ao proxecto dunha macroplanta de biogás no concello de Xunqueira de Ambía que prevé tratar 166.000 toneladas de residuos ao ano, boa parte de categoría dous, altamente contaminantes, con cincuenta camiións diarios, proxectada sobre unha zona inundable nunha contorna vulnerable a nitratos, lindante con zona ZEPA e cun impacto na calidade do aire, no solo, na auga, na mobilidade e na vida cotiá. Presentáronse preto de dúas mil alegacións —que se saiba— de particulares, así como do Concello de Sandiás, e mesmo con acordos institucionais como o da Deputación de Ourense, aprobado por unanimidade. Non hai unha soa garantía clara sobre a xestión do dixestato nin marco galego que regule o seu uso.

A tensión que está xerando este proxecto na veciñanza vese a diario: reunións, preocupación real no rural, máis dun milleiro de alegacións e un alcalde que en lugar de informar con rigor responde cun bando institucional (*A deputada Sonia Vidal Lamas amosa un documento.*) impropio, agresivo, desprezativo e burlón, (*Aplausos.*) atacando a oposición e mesmo os medios de comunicación e o propio acordo da Deputación de Ourense, chamándolles aos acordos da Deputación de Ourense «salvas ao vento».

A Deputación de Ourense, mesmo cos votos do PP, aprobou unha moción na que se pide paralizar o proxecto, ampliar o prazo de alegacións e elaborar, dunha vez por todas, unha normativa específica. Houbo unanimidade, a pesar de que ao señor Gavilanes non lle gustase. Usan as institucións como se fosen da súa propiedade. Esta é a deriva trumpista que fomenta o Partido Popular para tapar con ruído e lama o debate político. ¿Hai nerviosismo? Si, por parte da veciñanza si o hai, e moito. O do alcalde igual ten máis que ver cos seus intereses empresariais vinculados á licitación do transporte urbano de Ourense, que pode ser resultado do famoso Pacto da Alameda (*A deputada Sonia Vidal Lamas amosa un documento.*) e, incluso, un acordo secreto. Proximamente, veremos que hai desa canción que tanto soa nas verbenas, esas que lle gustan tanto ao outro firmante do pacto: «*Ya verás, paloma, que sí hai “gavilán”*». (*Risos.*) (*Aplausos.*)

¿Van asumir, de verdade, as súas responsabilidades ou van seguir protexendo os intereses de Ence e tapando os nervios do seu contorno político? ¿Que garantías pensa achegar a Xunta de Galiza para evitar os impactos que vai provocar a instalación dunha macroplanta de biogás? O que está en xogo aquí é a credibilidade da Xunta como garante dos intereses públicos do medio rural e hoxe, sinceramente, está en entredito. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle a resposta, ten a palabra a señora conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): Grazas, presidenta.

Señora Lamas, a verdade é que cada vez estou máis convencida de que vostedes teñen a súa propia biblia. A biblia do BNG é «Eólica si, pero non así» e «Biogás si, pero non aquí».



Polo menos vostedes, no que é a pregunta, din que é necesario o biogás, pero fíxense que, cada vez que se intenta implantar unha industria no territorio, van correndo para montar a algarada e malinformar. Ao final, acabamos sempre no mesmo dicionario do BNG, ¡sempre no mesmo dicionario! (*Aplausos.*): «perigo», «contaminación», «risco», «paralización», «temerarios», «macrogranxas», «macroempresas» e «macroexplotacións»... ¡É sempre!, unha tras outra, e nin sequera agardan a que conclúa todo o trámite ambiental.

Vostedes enlaman e, ademais, fano con outras cousas que —como comprenderán, terano que dicir alí mesmo, ao alcalde— nada teñen que ver coa política que sexa de desenvolver, de carácter medioambiental e na que as enerxías verdes son necesarias. Vostedes as únicas enerxías que teñen son as negativas. Todo é malo en Galicia, non hai nada bo para Galicia. Se Europa di que hai que ir pola enerxía verde, vostedes din que hai que paralizar absolutamente todo. Encantaríalles que todo fose unha auténtica algarada e unha romaría, pero resulta que isto é moito máis serio que esa romaría. (*Aplausos.*)

Ante a pregunta de: ¿que garantías vai achegar a Xunta de Galicia? A resposta é: garantías plenas; como en todo —¡como en todo!—, señora Lamas, porque o que están facendo é recorrer continuamente á vía xudicial. ¿Atopou vostede algunha sentenza na cal se diga que, despois dunha autorización ambiental, hai algunha afección ao medio ambiente? Non hai nin a primeira. Estano intentando de maneira reiterada, pero, aínda así, non o están conseguindo. (*Murmurios.*)

¿En que cremos nós? ¿Cal é a nosa biblia? ¿Cal é o noso dicionario? É o rigor, o rigor técnico. Vostedes continúan así unha e outra vez porque lles vai moito mellor noutro campo. A resposta é: ¿vostedes, en realidade, cren que hai cambio climático? Porque, se alguén é negacionista, son vostedes, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e digo que son vostedes porque non queren avanzar. Non queren avanzar na enerxía verde, non queren avanzar no biogás e non queren avanzar no biometano. Queren paralizar absolutamente todo, (*Aplausos.*) pero non vexo eu que deixen de utilizar o ordenador ou o móbil...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): ...e, se puidesen, seguramente andarían tamén en coches eléctricos.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten un segundo turno, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Dará a réplica a señora Vidal.

SONIA VIDAL LAMAS: Grazas, presidenta.

Señora conselleira, non me gusta entrar nestas cousas, pero non lle dou unha, doulle dúas: As Sasdónigas e O Oribio, ¿vale? (*Aplausos.*)



Eu pensei que ía falar das medidas alternativas que pediu o señor Gavilanes ao señor Rueda —que nin sequera llas pediu a vostede, que llas pediu ao señor Rueda—, pero non falamos diso. Ao mellor, falamos na última réplica para que eu non poida contestar. Igual que vostede denunciaba na súa intervención, na interpelación que lle fixo o meu compañeiro, o señor Golpe, a falta de planificación do Estado, eu denuncio hoxe aquí a falta de intervención e de planificación da súa consellería para defender a poboación de Xunqueira de Ambía e da comarca da Limia. *(Aplausos.)* E non o digo eu, díxoo a veciñanza, con milleiros de alegacións, díxoo a Deputación de Ourense, cun acordo unánime, e díxoo o sentido común. Aquí hai un baleiro legal escandaloso. Non hai unha planificación clara sobre o dixestato nin unha normativa galega, nin estatal, nin europea que regule o seu uso, a súa trazabilidade ou o impacto sobre o solo e a auga. Vostede sábeo ben. Poden presumir de rigor técnico, pero, segundo a normativa actual, as plantas deben gardar unhas distancias ás explotacións gandeiras —si—, pero non hai un límite sobre a proximidade ás vivendas, por máis que dixese vostede na súa anterior intervención que o Priga o contempla. Non é así. O Priga non o contempla, senón, diga a páxina e o parágrafo onde o pon. ¿Iso é planificación, señora conselleira? ¿Iso é protección da saúde pública? Non.

Non faga como o señor Gavilanes —a quen vostede coñece ben— que primeiro avala a planta e logo presenta unhas alegacións que semellan máis unha carta aos Reis Magos e acaba emitindo bandos impropios dunha institución democrática. ¡É bochornoso! Aquí non se trata de facer o que lle peta ao poder, senón de asumir responsabilidades...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora Lamas.

SONIA VIDAL LAMAS: ...establecer límites, señora conselleira, é san. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, a señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): Grazas, señora presidenta.

Señora Lamas, efectivamente, claro que é san establecer límites, e vostedes pásanos absolutamente todos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O límite que hai é a autorización ambiental integrada e o límite que hai é a Lei básica estatal. Vostedes deberían ter un límite, que xa teñen traspasado: deixar de ser os cativos do señor Sánchez e exixirlle planificación, igual que o estamos facendo nós. Galicia ten planificación, e tena co Priga. De feito, sabe perfectamente que hai dez plantas autorizadas, que lles encantaría que as tombasen todas, pero non é o caso. Hai cinco en tramitación, *(Murmurios.)* e irán correndo a ver que plataformas se poden crear ao redor desas cinco para montar un lío, porque non cren —¡non cren!— na enerxía limpa, *(Aplausos.)* non cren na enerxía verde, non cren no biogás e non cren no biometano. Vostedes tan só cren na algarada. *(Aplausos.)*

O biogás e o biometano constitúen fontes de enerxía cen por cento renovables. Esa é a verdadeira economía circular, pero, ante iso, vostedes ¿que din?: «O BNG alerta do risco am-



biental e social» (A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez Mejuto, amosa un documento.) —unha—. A seguinte: «O BNG dá un paso adiante para opoñerse ao proxecto macroeólico cerca da comarca de Pontevedra». (A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático amosa un documento con foto e texto.) Outra: «O BNG exige a paralización do parque eólico de Seixo polo impacto ambiental e social». (A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático amosa un documento.) A isto é ao que se dedican vostedes. Nós dedicámonos a planificar e a traballar e, planificando e traballando, ao final, en contra de todo o que piden, hai plantas autorizadas.

Respecto dos intereses, eu non sei cales teñen vostedes. Nós só temos un, e ese é chegar ao ano 2040 con neutralidade climática. Vostedes queren que se sigan emitindo toneladas e toneladas de CO₂. ¡Alá vostedes! Durante o Bipartito, ¿saben o que ocorría? Ocorría que se autorizaban o 90 por cento das DIA. ¿Sabe o que ocorre agora, porque endurecemos toda a norma? Que chegamos ao 72 por cento. Sabemos dicir «si» cando cumpren e sabemos dicir «non» cando incumpren. (Aplausos.) Polo tanto, eu convídoos a que, se queren un pouco a Galicia, primeiro pregunten e, a partir de aí, se queren embarrar, embarren vostedes.

O trámite é totalmente garantista. Cumprimos integramente coa lei, ao igual que fixemos coas dez que están autorizadas e igual que imos facer coas cinco que están en curso. Non sabería dicirlles se, ao final, van ter a autorización ambiental integrada. Vostedes adiántanse e eu non teño nin idea. ¿Por que? Porque os estudos fanos os técnicos, señora Lamas...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): ...non os facemos os políticos.

Moitísimas grazas. (Aplausos.)

(Murmurios.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Silencio, por favor.

Continuamos coa seguinte pregunta ao Goberno.

Pregunta do deputado Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a postura actual do PSOE no Congreso dos Deputados en relación coa transferencia a Galicia da titularidade da AP-9

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Rodríguez.

ROBERTO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, presidenta.

Bo día, conselleira.



É o día 68 da prórroga de Sánchez á concesión da AP-9. Son os últimos 68 dos case 2.500 días que a nosa autoestrada leva secuestrada polas mentiras do PSOE e do BNG. Hai case seis anos o PSOE e o BNG asinaron o seu pacto para investir a Sánchez presidente, no que incluíron: a transferencia da AP-9 no ano 2020; a rebaixa das peaxes, garantindo como mínimo a bonificación do cen por cento para os usuarios recorrentes; e eliminar durante a lexislatura o impacto nos usuarios do incremento extraordinario do 1 por cento acumulativo durante vinte anos, aprobado polo presidente Zapatero, hoxe embaixador de Sánchez en Waterloo.

Foron todo mentiras. Case seis anos despois, o único gratuíto na AP-9 é o apoio incondicional do Bloque Nacionalista Galego a Sánchez. Por iso, son o nacionalismo que máis barato lle sae a Sánchez, pero que máis caro lles sae aos galegos. (*Aplausos.*) A partir do vindeiro ano, concretamente, será un 4,4 por cento máis caro, que é o que van subir as peaxes na AP-9.

Este Parlamento acordou unanimemente solicitar a transferencia a Galicia da titularidade e da xestión da AP-9. Dende entón, tivemos o boicot de Sánchez e dos seus socios, primeiro, prorrogando o trámite de emendas, e agora adiando a constitución da ponencia e, polo medio, as emendas presentadas polo PSOE opoñéndose á transferencia. É un insulto e unha traizón a Galicia, coa escusa de que, para garantir un esquema de bonificacións amplo e equilibrado, é máis axeitado manter a titularidade estatal.

É outra mentira máis, primeiro, porque a verdadeira razón para negar a transferencia é que a AP-9 discorre integramente por Galicia —¿alguén cre que se estaría a negar a transferencia da AP-9 se esta discorrese integramente polo País Vasco, por Cataluña ou por calquera outro territorio no que Sánchez precisase dun só voto para manter o sillón na Moncloa?— e, segundo, porque, no día de hoxe, a verdadeira defensa dos dereitos dos usuarios da AP-9 pasa polo seu rescate e pola súa gratuidade, pero para Galicia non hai nin a vontade política nin os recursos económicos que si hai para outros territorios.

Galicia exige que se cumpra co que se lle prometeu: unha AP-9 cen por cento galega e cen por cento gratuíta, empezando por transferir a Galicia a súa titularidade e a súa xestión nos termos acordados unanimemente por este Parlamento.

Por iso lle preguntamos, conselleira: ¿que valoración fai o Goberno galego do cambio de posición do Partido Socialista, que, en clara ruptura do acordo unánime acadado neste Parlamento de Galicia, nega agora a transferencia da AP-9?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle a resposta, ten a palabra a señora conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, dona María Martínez Allegue.

A CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (María Martínez Allegue): Grazas, señora presidenta.



Señorías.

Señor Rodríguez, pregunta pola valoración que fai este executivo, este goberno autonómico. Pois, claramente, o señor Pedro Sánchez vai en contra de Galicia. Non podemos seguir a permitir este boicot constante e permanente que está a facer dunha decisión acadada pola unanimidade de todos os deputados e deputadas deste Parlamento. Non podemos permanecer impasibles ante este insulto —porque isto, o que está a facer o Partido Socialista, xa é un insulto—, primeiro, efectivamente, adiando ata en 45 ocasións nesta lexislatura —60 en total— ese debate da proposición de lei orgánica. E, segundo, cando por fin se abre o prazo para o debate, é o propio Partido Socialista quen presenta unha serie de emendas que desvirtúan por completo a proposición acordada neste Parlamento e que supoñen unha oposición total a esa transferencia.

Miren, o Partido Socialista está a insultar a Galicia, está a insultar os galegos e as galegas; pero é que o Partido Socialista tamén está a insultar o PSdeG, porque non lles está a facer caso. Non lles atenden as súas peticións e non dan conta deses compromisos acadados en campaña, que claramente son falsos, son mentiras. E preocupan —e moito— os agravios que están a facer contra Galicia; preocupa —e moito— ese suposto dobre discurso que teñen en Madrid e que teñen aquí; e preocupa tamén, por suposto, o silencio cómplice do Bloque Nacionalista Galego en Madrid.

Mire, temos un goberno central covarde —se me permiten a expresión—, porque non aproveita a oportunidade que lle está a dar ese ditame da Comisión Europea que pon en tea de xuízo esas prórrogas da AP-9 e da AP-66. Xuntámonos Asturias, Castela-León e Galicia para solicitalo. ¿E que fai o Goberno central? Agocha a cabeza, cala, cruza os brazos, non responde; nin sequera é quen de compartir. A pesar de que xa o pedimos Asturias, Castela-León e Galicia, ¿que resposta lle foi dada á Unión Europea?

O Goberno central ningunea a Galicia. Temos un ministro que non atende, que desoe a petición deste executivo galego para unha xuntanza para falar de infraestruturas fundamentais como é, por exemplo, a AP-9. Efectivamente, despois do Nadal, veremos ese incremento de novo do tarifazo. Recordo que nos últimos catro anos incrementou en máis dun 20 por cento esta peaxe —que é a autoestrada máis cara de toda España—. Galicia non pode seguir a pagar pola AP-9, cando vemos que se liberalizan as peaxes e se levantan barreiras noutros territorios.

Dende logo, Galicia non vai consentir que o señor Pedro Sánchez, que o Goberno central, siga condenándonos a quedar na periferia das súas políticas.

Nada máis polo momento.

Grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para o turno de réplica, o señor Rodríguez.



ROBERTO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, conselleira, pola súa resposta.

Mentres Partido Socialista e BNG pretenden perpetuar a súa mentira, o Goberno galego continúa a exixir unha AP-9 cen por cento galega e cen por cento gratuíta. Aínda que o ministro Puente acaba de afirmar categoricamente que non vai haber transferencia, que non vai haber rescate, salvo que o diga un xuíz, e que non vai haber gratuidade, di que haberá peaxes menos gravosas. No resto do Estado, rescate e gratuidade de oito autoestradas; en Galicia, peaxes menos gravosas. Un insulto a Galicia e aos galegos. Porque, ademais, esas peaxes menos gravosas o vindeiro ano serán aínda máis gravosas, un 4,4 por cento máis que este ano, elevando a suba acumulada dende que goberna Pedro Sánchez a máis dun 32 por cento. O prometido camiño á gratuidade da AP-9 é o tocomoch do século XXI. *(Aplausos.) (O deputado Roberto Rodríguez Martínez mostra un documento con imaxes.)*

E mentres isto ocorre, ¿onde está esa oposición tan brava aquí e tan mansiña en Madrid? O PSdeG —¡quen o diría!—, defendendo a prórroga da Aznar. O que lle importa a AP-9 xa o demostra coa súa presenza nesta pregunta. E o BNG manifestándose por todo menos polas aldraxes de Sánchez a Galicia; tampouco pola AP-9. É tan pouca a dignidade do BNG na defensa dos intereses de Galicia en Madrid que nin sequera lles dá para facer un Junts, señorías; ¡nin sequera lles dá para iso! *(Aplausos.)* Namentres, a prórroga de Sánchez levará a AP-9 ata a fin da concesión, se a xustiza non o remedia antes.

Exiximos que se nos xustifique por que o rescate non é unha opción. O Goberno central, tras o Ditame da Unión Europea, non pode desbotalo sen sequera avalialo e prorrogar unha situación que tan só beneficia a concesionaria. Niso se traduce a prórroga de Sánchez: en máis cartos no peto da concesionaria e menos no dos galegos. O vindeiro ano, oito millóns de euros menos pola suba das peaxes.

E por iso lle pregunto, señora conselleira: ¿vai o Goberno galego...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

ROBERTO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: ...insistir na necesidade de avaliar o rescate da AP-9?

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

ROBERTO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para a réplica do Goberno, a señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (María Martínez Allegue): Grazas, señora presidenta.

Señor Rodríguez, señor deputado, si, foi en xuño do pasado ano 2024 cando o Congreso toma en consideración ese texto, esa proposición de lei orgánica aprobada por unanimidade nesta Cámara que solicita a transferencia da titularidade e das competencias da AP-9, supostamente para tramitalo polo procedemento de urxencia. Pero foi o propio



Partido Socialista, xunto con Sumar, os que boicotearon a súa tramitación ata en 60 ocasións, 45 nesta lexislatura.

Entón, os galegos agora queremos saber se o Partido Socialista, se o PSdeG, mantén o seu compromiso —que acadou nesta Cámara— dunha AP-9 galega e se o consenso desta Cámara segue vixente. Porque parece, semella, que os seus pensamentos non están na AP-9 e que non coñecen as solicitudes que están a facer os usuarios, os transportistas ou os empresarios. Levamos dezaseis anos reclamando a transferencia dunha infraestrutura que nace e morre en Galicia, que discorre integramente por Galicia, que atravesa as cinco principais cidades, que vertebra de norte a sur. O 60 por cento da poboación galega aproveita esta infraestrutura: 26.000 vehículos diarios de media; 60.000 nalgún dos seus tramos.

Pero é que, efectivamente, señor Rodríguez, non pedimos só agora xa a transferencia, pedimos o rescate, porque Galicia fixo os deberes e fixo a valoración do custo das bonificacións ata o final do período concesional e do custo do rescate, e sae a pre. O que non sae a pre é o custo para o bolsillo dos usuarios, porque, a pesar das bonificacións, os usuarios non as notan.

Entón, trasladamos ese estudo de 2.331 millóns de euros o pasado ano, pero é que este ano xa se incrementa a 2.356. Por iso lle dicimos ao Goberno central que sexa valente e que proceda xa ao rescate, porque, canto máis adíe esa decisión, máis gravoso será para as arcas do Estado, máis gravoso será para os petos dos usuarios e máis beneficioso será para as arcas da concesionaria.

Polo tanto, agora si urxe que se constituía xa esa ponencia do Congreso, da Mesa do Congreso, para que sexan debatidas esas emendas presentadas polo Partido Socialista e para que os galegos e as galegas poidamos ter xa dun modo meridianoamente claro cal é a posición do Partido Socialista. Dende logo, o noso Executivo teno moi claro: seguiremos a respectar, como sempre o facemos, as decisións acadadas por este Parlamento, e faremos todo o que sexa necesario para garantir unha AP-9 libre, gratuíta e, por suposto, unha AP-9 cen por cento galega.

Grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Pregunta da deputada María Elena Espinosa Mangana, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as razóns da Consellería de Sanidade polas que non retirou o documento «Liñas de actuación de recursos humanos en atención primaria. Medidas», presentado na Mesa sectorial do 17 de outubro de 2025

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, e por tempo de tres minutos, ten a palabra a señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Señor conselleiro, a Consellería de Sanidade elaborou un plan de recursos humanos de atención primaria cuxo obxectivo, en teoría, era paliar o déficit de médicos nos centros de saúde e nos PAC. Bateron o récord conseguindo pór de



acordo, en contra do citado plan, a organizacións médicas, organizacións sindicais con representación na Mesa sectorial de sanidade —CIG, Comisións, UXT, CSIF— e sociedades científicas de atención primaria.

Transmitímoslle moitas veces que a situación da atención primaria era crítica. Chamábanos e chámannos de todo, o máis suave «alarmistas» e «demagogos». E agora que lle viron as orellas ao lobo, presentan un plan sen pés nin cabeza.

Conselleiro, as solucións non se atoparán, se non hai planificación, e o persoal sanitario merece respecto. E para que vexa onde está a sensatez, dígolle que son os propios sindicatos os que lle piden datos desagregados para cada centro de saúde ou PAC para que lles permita facer unha análise obxectiva da situación real da atención primaria. Pídenlles medidas concretas de actuacións a curto, medio e longo prazo e unha análise dos cocientes de persoal por categoría dos distintos centros en relación co desenvolvemento das competencias e das carteiras de servizos. ¿Cre sinceramente que se pode elaborar un plan de recursos humanos sen unha análise similar, como os datos que lle piden os sindicatos?

O que máis chama a atención é que todo o plan que propón a Xunta de Galicia recae única e exclusivamente sobre o persoal sanitario. O que recollía aquel plan cando nós formulamos a pregunta era: que os sábados pola mañá sexan considerados xornadas de PAC, que todas as vacantes que se produzan desde xaneiro sexan FEAP, reconversión progresiva das vacantes de enfermería e de primaria, ou que os médicos estranxeiros con especialidade homologada realicen unha pequena formación e sirva de homologación a MIR. Dende logo, non podo describir todos e cada un dos temas, pero tratei de transmitirle o máis importante.

Xa advirto, a nosa pregunta formulaba se estaban dispostos a retirar o plan. Loxicamente, no día de hoxe a situación mudou, polo que entenderá que lle pregunte como van modificar o plan e en que sentido para dar solución á atención primaria en Galicia. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Señora deputada, agradezo a súa insistente preocupación pola negociación que estamos a levar a cabo coas forzas sindicais. Quero pensar que o feito de que compartamos inquedanzas pola atención primaria é bo, aínda que é unha mágoa que manexemos unha visión distinta de como afrontar os problemas. De entrada, nós non presentamos un plan de recursos humanos; nós presentamos un plan de medidas coa intención de garantir a continuidade asistencial nun entorno de déficit de profesionais sanitarios. Iso, en primeiro lugar.

Está claro que, ante un problema desta magnitude que nos afecta a todas as comunidades, a impasividade do Ministerio de Sanidade clama ao ceo. Insisto no que xa dixen esta mañá: non é nin xusto nin ético que, ante esta situación que afecta todo o país, o Ministerio se poña de perfil.



Sobre as negociacións que se están levando a cabo cos representantes dos traballadores e sindicatos médicos, insisto en que deixen que as cuestións sindicais continúen onde deben estar: no seo dos comités de folga; basicamente porque todos os días se están producindo reunións para tratar de achegar posturas e negociar unha proposta conxunta, en aras de garantir a mellor atención sanitaria a toda a poboación, coas mellores condicións para os profesionais.

Intentar meter na liorta política esta cuestión fai que se dean circunstancias como esta, na que vostede me pregunta sobre un documento que foi retirado hai cinco días como punto de partida para facilitar o diálogo e chegar a un acordo de desconvocatoria da folga.

¿Quere que fracasasen as negociacións? Eu coido que non; nós seguro que non. O documento que trasladamos á Mesa sectorial era iso, un conxunto de propostas para a reordenación da atención primaria, das que queriamos recadar as achegas e opinións dos sindicatos. Se o conxunto do documento supoñía un problema, retirámolo. Para nós non é un inconveniente; ao contrario, é unha demostración da nosa vontade negociadora. Díxose aquí: rectificar é gobernar. Pídlles que pensen no mellor para os pacientes e para os profesionais. Déixennos negociar tranquilos, sen inxerencias nin presións políticas interesadas.

¿A vostede que é realmente o que lle interesa de todo este asunto?, ¿garantir a atención sanitaria de todos os galegos e galegas para os vindeiros anos ou sacar rédito político dun problema que nos afecta a todos?

Señora Espinosa, cando cheguemos a un acordo, eu serei o primeiro interesado en vir a esta Cámara a darlle conta, pero, mentres tanto, permítanos traballar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Señor conselleiro, nunca escoita, e despois xa le o que trae escrito, porque eu fun a primeira que lle dixen que as circunstancias mudaran dende que presentamos a pregunta, e aclareillo. Polo tanto, non tiña que acusar a ninguén do que dixo vostede. Pero, bueno, dá igual, xa estamos afeitos ás súas respostas.

Eu dígolle que o plan tería que nacer con consenso e que tería que dar unha solución á atención primaria, pero realmente dubidámolo. Esa, sen dúbida ningunha, é a nosa intención. Pero, mire, tamén lle digo que, ao mellor, o plan traía unha trampa encuberta para que de novo lle botasen as culpas ao Goberno de España, porque dicía: «Realizar unha proposta ao Estado para promover a homologación, cunha formación» —que non especificaban, por certo— «a profesionais que non tivesen o MIR». Unha trampa na que, se cadra, unha vez máis, querían confrontar co Goberno de España.

Eu pregúntolle —e agora pregúntollo como médico, non llo pregunto como conselleiro—: ¿cre vostede que un curso de catro meses, como dixeran nalgunha ocasión, vale para subs-



tituír unha formación como a que vostede recibiu? ¿Que pensa vostede realmente como médico? Eu pídolle que responda. ¿Cre sinceramente que unha decisión deste tipo non pode afectar e pór en perigo a nosa calidade asistencial? ¿Está disposta a Consellería a respectar os dereitos adquiridos polos profesionais á hora de pensar nun novo plan? Claro que respectamos a negociación, ¿como non a imos respectar?, pero creo que tamén vostede debe dar transparencia ante este Parlamento e contestarme a estas preguntas xenéricas.

Nós pedímoslle que traballe nun plan que dea resposta ás necesidades sanitarias galegas, pero que responda tamén ás lexítimas reivindicacións —ou, mellor dito, demandas— dos profesionais da sanidade. Espero que así o fagan polo ben da sanidade pública galega. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, o señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Señora Espinosa, eu non coñezo o Regulamento do Parlamento de Galicia, pero, se unha cuestión está mal plantexada, pode retirarse, imaxino. ¿Por que non a retira, se está mal plantexada? Retire o que é a pregunta. Non creo que custe tanto cambiar a formulación dunha pregunta. A min pregúntame unha cousa e eu teño... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Insisto en que non sei como é o Regulamento da Cámara, pero pode retirala. *(Murmurios.)* Si, e outro día... Si, o que queiras.

En relación coa homologación de títulos, xa o falei antes: nin a Consellería de Sanidade nin a Xunta de Galicia teñen capacidade para homologar un título; esa é unha capacidade que ten o Goberno central. Para homologar títulos de médicos está a Consellería de Educación e para homologar títulos de especialistas —que son dúas cousas diferentes e que ás veces se confunden— está a Consellería de Sanidade. Nós nunca dixemos que iamos facer un curso para homologar títulos, non temos a capacidade para facelo, e a Consellería de Sanidade admite que a única vía que existe para traballar no sistema sanitario público de Galicia é con especialistas formados vía MIR. Espero que quede claro xa para o resto do día.

É evidente que existe un problema claro na atención primaria, pero un problema na atención primaria de todo o país. Negar esa realidade —como fan vostedes, que non queren admitir o problema do déficit de profesionais— é realmente unha temeridade absoluta. A Consellería de Sanidade debería garantir esta asistencia sanitaria a todos os galegos, independentemente de onde vivan. E iso é o que queremos facer, de aí a proposta de reordenación no Plan de recursos humanos da atención primaria levada á Mesa sectorial; unha proposta inicial que trasladamos ao punto de partida para comezar un proceso de diálogo, un proceso de negociación. ¿Que o documento que presentamos non gusta? Pois non pasa nada, retirámolo, sentamos a negociar e acordamos medidas conxuntas para responder á necesidade ineludible de actuar contra o déficit de profesionais; un déficit que, ante as estimacións de xubilacións feitas a curto e medio prazo, se agarda que se incrementa pola falta de relevo xeracional. Levamos anos traballando por fortalecer ese nivel asistencial, pero, a pesar dos nosos esforzos, a falta de facultativos obríganos a acometer unha reordenación dos recursos humanos.



Mentres o Ministerio non fixa eses criterios marcados para facer ese plan, esa estratexia xeral, de ordenación na atención primaria, nós teremos que tomar medidas, e foi o que fixemos. Pero estea segura de que este goberno non vai tirar a toalla. No pasado pleno do Consello Interterritorial de Saúde solicitamos a celebración —insisto— dun pleno extraordinario para abordar a necesidade de profesionais sanitarios, porque, como lle dixen, defenderei onde faga falta e ante quen faga falta a necesidade de tomar medidas contra o déficit de especialistas.

Señoría, insisto en que por nós non vai ser. O noso obxectivo é acadar solucións que nos permitan garantir a cobertura nos centros de atención primaria galegos. Pola nosa parte, reitero a vontade absoluta de diálogo e de garantir tamén a cobertura asistencial.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Imos á última pregunta que figura na orde do día.

Pregunta das deputadas Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a postura da Xunta de Galicia respecto do convenio co Goberno central para o cofinanciamento da Unidade de Policía Adscrita de Galicia

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Bo día, conselleiro.

Hoxe volvo facer un novo intento para ver se entran vostedes en razón coa actitude que levan tendo nos últimos anos en relación co corpo da Policía Autonómica de Galicia.

Vostede e mais eu sabemos que só hai unha vía legal posible, que é asinar un novo convenio co Estado, xa que o actual está caducado dende o ano 2008, porque así llo manifestaron, ademais, dende o Ministerio en moitas ocasións. A última vez que fixeron vostedes unha proposta foi en xullo do ano 2024, e porque así o están a facer tamén outras comunidades autónomas do Partido Popular, ademais. Miren, (*A deputada Paloma Castro Rey mostra un documento.*) a Comunidade Autónoma de Madrid firmou no ano 2022, con Isabel Díaz Ayuso, un convenio no que, na cláusula terceira, se obrigaba a cofinanciar o cincuenta por cento das retribucións básicas e complementarias e o cen por cento no complemento de produtividade especial. Na Comunidade de Andalucía, con Moreno Bonilla, no ano 2025, firmaron un convenio no que o compromiso da Junta de Andalucía era o cincuenta por cento da retribución básica e da retribución complementaria de destino e específica, e o cen por cento doutros conceptos, como o mantemento de instalacións, os incentivos ao rendemento, os incentivos específicos ou os elementos de seguridade persoal.



Tamén podo falar —vou adiantarme— do de Valencia; un convenio que se firmou no ano 2018, que tiña vixencia ata o ano 2022 e que leva prorrogado ata xuño de 2026. E o Estado xa manifestou a vontade de que, no ano 2026, se firmará un convenio marco coa Comunidade Valenciana, como os dous anteriores que lle acabo de ler. Polo tanto, señor conselleiro, como somos conscientes da redución progresiva dos efectivos dos últimos anos e de que isto vai aínda a máis, pola idade que teñen moitos axentes que se incorporaron no momento da constitución deste corpo, vostedes teñen que actuar con responsabilidade e asumir que é necesario renovar un acordo que está caducado dende o ano 2008.

Deixen de utilizar este corpo policial como instrumento de confrontación co Goberno de España e deixen de substituílos, utilizando esta merma de axentes, pola seguridade privada, porque é o que están facendo nos últimos tempos; un desmantelamento progresivo da presenza da Policía dentro da propia Administración autonómica galega. É unha falla de consideración a organismos como o Parlamento de Galicia.

E enterámonos hai uns días de que vostedes pretenden deixar no Parlamento de Galicia un único axente da Policía adscrita. Dende o Partido Socialista cremos que é unha irresponsabilidade total, porque supón poñer en perigo a seguridade e a vida deses policíaas que quedan sós. ¿Que pasaría se chegase unha persoa armada ou dúas persoas armadas? ¿Como reducen a un único axente? Pasou na Comisaría de Pontevedra hai pouco.

Señor conselleiro, temos un corpo da Policía Adscrita que desenvolve funcións dentro da Comunidade Autónoma galega e para Galicia; o normal é que vostedes paguen parte do financiamento, que pensen vostedes na seguridade da cidadanía e no labor que fai este corpo por todos nós, no canto de mirar unicamente o diñeiro.

Por iso lle pregunto: ¿cando van firmar ese convenio e cando van deixar de confrontar co Goberno de España? *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Grazas, señora Castro.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

A verdade é que sempre tentamos —ou polo menos sempre tento eu— tender máis pontes que levantar muros, e con vostede a verdade é que o intento. É certo que non o consigo e, ás veces, case parece que imos cara atrás.

Di vostede que é unha irresponsabilidade. Non, irresponsabilidade é o que está facendo o Goberno no día de hoxe. Sabe vostede que nós expresamos sempre, que dicimos en todos os foros que nós cremos e defendemos a Unidade de Policía adscrita, señoría; cremos nela e defendémola. Esta unidade é unha unidade do Corpo Nacional de Policía que organicamente depende do Ministerio e funcionalmente da Xunta; pero organicamente depende do Minis-



terio, señoría. Oxalá nós puidésemos cubrir as baixas que se produzan por xubilación ou por ascenso; ¡oxalá!, pero non o podemos facer.

Dende o primeiro día que chegamos aquí empezamos a falar co Ministerio e a dicirlle que, efectivamente, dos 500 postos que hai no catálogo, había 350 hai un ano e pico que estaban cubertos, pero que o resto non e que necesitabamos cubrilos. Sabe vostede que o Ministerio —porque isto xa llo comentei na última comparecencia de orzamentos—, que o ministro, amigablemente, se ofreceu a cubrir 50 postos inmediatamente en comisión de servizos, mentres que non se firmaba o novo convenio. Nós dixémoslle dende o primeiro momento que ese novo convenio que ofrecía o Ministerio non era viable para a Xunta de Galicia.

Fala vostede do que fan outras comunidades e chega a dicir cousas que non son certas. Só o firmou Andalucía. Pero, en primeiro lugar, hai que ver as circunstancias de todas e cada unha das comunidades autónomas. Pon vostede como exemplo a Policía Autonómica de Madrid. ¿Sabe vostede cales son as funcións da Policía Autonómica de Madrid? ¡Claro, non o sabe, por iso fala tan alegremente! As funcións da Policía Autonómica de Madrid non van máis aló de protexer a presidenta e os edificios da Administración autonómica, non fan nada máis; non ten nada que ver coas funcións que desenvolve a Unidade de Policía Adscrita en Galicia. O que propón o Ministerio é que a Xunta de Galicia pase de investir preto de cinco millóns de euros na súa Unidade de Policía Adscrita a ter que investir máis de quince millóns de euros na mesma Unidade de Policía Adscrita. Nós dixémoslle que iso non era viable e que podíamos tentar chegar a un acordo, pero é que o Ministerio se cerra en banda.

E vostede, cando fai a pregunta, introduce un tufillo —por non dicirlle outra cousa— e pregunta cando imos deixar de utilizar a Unidade de Policía Adscrita como arma contra o Goberno. Non é verdade. Nós falamos dende o primeiro día con todos os responsables do Goberno e fixémoslo sen facer declaracións públicas. Pedímoslle axuda ao delegado do Goberno e eu pedinlles axuda moitas veces a vostedes. Se vostede é capaz de atopar un punto de acordo ao que cheguemos co Ministerio, nós estamos de acordo, xa llo expliquei nas comisións, pero quen utiliza a Unidade de Policía Adscrita como unha arma é, casualmente, o Goberno do Estado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas.

Conselleiro, eu si que podo axudalos a ter un consenso co Goberno, e é que vostedes se axusten á legalidade; e a legalidade é ese convenio marco que están firmando todas as comunidades autónomas, (*Aplausos.*) porque é o que establece a lei tamén. Di vostede que mandaron unha carta e que ían adiantar cincuenta efectivos. Claro, no momento en que se firmara o convenio, adiantarían eses cincuenta efectivos e logo negociárase coa Xunta o incremento progresivo da Policía Adscrita. ¿E sabe por que teño razón? Porque así o fixeron tamén en



Andalucía. No momento da firma, adiantaron setenta e logo foron acordando o incremento progresivo. É a cláusula segunda do convenio de Andalucía. *(A deputada Paloma Castro Rey mostra un documento.)* Teño aquí os dous convenios, o de Andalucía e o de Madrid. O que quere o Estado é que vostede se axuste, e a verdade é: ¿como non imos entender que a Xunta de Galicia cofinancie un corpo que desenvolve unha actuación dentro de Galicia e para Galicia? Porque, mire, son 10 millóns de euros máis ou menos o custo que suporía asumir o cincuenta por cento dun orzamento da Xunta de 14.240 millóns de euros. E falo da globalidade do presuposto da Xunta, porque, ao final, a Policía Adscrita realiza un servizo público que afecta todas as áreas: afecta a Presidencia, cos escoltas; afecta a Xustiza; afecta a política social, levando a cabo o traslado dos menores; afecta a Igualdade, coa protección das vítimas da violencia de xénero; afecta a Medio Ambiente, coa vixilancia forestal; afecta a Consellería do Mar, con ese labor contra o furtivismo que están a facer; ou incluso a Turismo, garantindo a seguridade do Camiño.

Polo tanto, señor conselleiro, entren vostedes no raciocinio, que é cumprir a legalidade, e firmen un pacto, firmen un convenio, porque levan vostedes, independentemente da merma que existe de efectivos da Policía Adscrita, dende xuño do ano 2024 sen facer unha proposta, e estamos en novembro do ano 2025. E, sobre todo, non substitúan este corpo por seguridade privada, porque non ten nin de lonxe a mesma formación e porque estamos a falar de institucións públicas, e é unha degradación tanto a ese nivel como noutros aspectos de seguridade. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, o señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Véxoa a vostede moi preocupada pola degradación das institucións, que lle digo que, casualmente, vén doutros sitios, non vén dos servizos de seguridade que existen nas institucións, señora Castro.

Pero vostede mente, ¡mente!; ía dicirlle que erraba, pero mente, porque non é certo que non trasladásemos ningunha proposta. E, é máis, di que a última proposta foi —apunteino— en xullo do ano 2024. Non é verdade. Estivemos no Ministerio o presidente Rueda e mais eu reunidos co ministro e co secretario de Estado *(Murmurios.)* —non llo contaron— en febreiro do ano 2025, e alí lle expuxemos cales eran as razóns polas que nós entendiamos que, entre a proposta que facía o Ministerio e a proposta que tiña a Xunta de Galicia, podíamos chegar a un punto de entendemento. Chegamos a propoñerlles que coas novas incorporacións á Unidade de Policía Adscrita seguísemos esas condicións que o Ministerio impón ao resto ás comunidades que firmaron —que non firmaron todas, só firmou Andalucía; ¡señoría, só afirmou a Andalucía!—, pero de novo mente ou non llo contaron. Dixemos que as novas incorporacións se fixesen segundo as condicións que establecía o Ministerio, e no que xa tiñamos, que seguísemos no mesmo convenio. Era un punto intermedio entre o que aspiraba o Ministerio e o que aspiraba a Xunta de Galicia. ¿E sabe que pasou? Nada. Que dende febreiro, que estivemos no Ministerio... E non fixemos publicidade da reunión, non acordamos nada, porque queríamos resolver un problema. Fomos recibidos polo propio ministro e o secretario xeral, que despois dimitiu. ¡Non tivemos máis contestación! Volvémoslle escribir



unha carta dicíndolle: ministro, levamos non sei cantos meses esperando. Eu teño moito respecto polas funcións que fai a Unidade de Policía Adscrita, o que pasa é que, se non houberse Unidade de Policía Adscrita, ¿sabe vostede quen tiña que facer esas funcións? O Corpo Nacional de Policía ou A Garda Civil. E iso é o que lle dixemos ao Ministerio: oia, ¿vostede estanos abocando a que non exista? Pois, se non existe, ¡a ver como fai! Nós empezamos a recortar as funcións que se fan, casualmente, porque somos conscientes da dificultade que hai e porque queremos prestar un servizo de garantías. Por iso criamos que a primeira función da que se podía prescindir era esa.

Está perfectamente cuberta. Non se preocupe pola súa seguridade, non se preocupe, que se fai falta veño eu defendela... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* *(Risos.)* Non, non, non se preocupe. Agora ben, hai outras funcións que non —escoite— están no Estatuto e que, con todo, as está prestando a Unidade de Policía Adscrita. Se non levamos a cabo esas funcións —previamente comunicadas á Delegación do Goberno e ao Ministerio—, ¿quen vai ter que cubrilas? O Corpo Nacional de Policía. ¿Como vai facer o Ministerio para asumir todas esas competencias se xa, no día de hoxe —por moito que digan—, teñen menos efectivos dos que realmente son necesarios? Os custos para o Ministerio van ser moito máis elevados.

Polo tanto, a proposta que puxemos era unha proposta ganadora para todos, señoría, para o Ministerio e para a Xunta de Galicia. Comenteilla a vostede o día da comparecencia...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): ...dos orzamentos, pero parece que lle entrou por unha orella e lle saíu pola outra

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Nada máis e moitas grazas.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Pois, tal e como anunciei, era a última pregunta da orde do día.

Damos por rematada a sesión.

Bo día a todos e todas.


Remata a sesión ás dúas e catro minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Amigo Díaz, María Encarnación	P	39. Méndez López, Lara	S
2. Arias Rodríguez, Raquel	P	40. Mouzo Mas, Paula	P
3. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	41. Ojea Bouzo, Armando	M
4. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	42. Pazos Couñago, José Alberto	P
5. Barreiro Sánchez, Enrique	P	43. Pérez Fernández, Rosana	BNG
6. Bouza Manso, Aitor	S	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pérez Millares, María Magdalena	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pomar Tojo, Carmen María	P
9. Candia López, María Elena	P	47. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado Cores, María Montserrat	BNG
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Prado del Río, Paula	P
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
13. Chao Rivas, Saleta	BNG	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Castro Rey, Paloma	S	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Deza Martínez, María	P	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Espinosa Mangana, María Elena	S	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Davila, María Cristina	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Fernández, Secundino	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández González, Ariadna	BNG	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Fernández Rosende, Jesús María	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Ferro Iglesias, José Luis	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García Comesaña, Julio	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. García González, Patricia	P	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. Gómez Besteiro, José Ramón	S	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. González Iglesias, Carmela	BNG	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Grueira Fernández, Nicole	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Iglesias Rey, Patricia	S	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Insua Lema, Óscar	BNG	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. Longueira Castro, Silvia	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. López Font, Carlos	S	73. Vereá Fraiz, Borja	P
36. Lorenzo Gómez, Rubén	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Marnotes Fernández, Argimiro	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Mato Díaz, José Manuel	P		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

